



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 151

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 27 de abril de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 42048 (09/PNP-003057)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga, que realiza traballos de prevención e loita contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 531, do 07.10.2015

4.2 45173 (09/PNP-003274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e dous deputados/as máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno de España para que se proceda á elaboración dunha nova lei educativa consensuada coa comunidade escolar e co conxunto das forzas políticas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 13.01.2016

4.3 46289 (09/PNP-003355)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do novo plan estratéxico deseñado para o sector da conserva para consolidar a posición de liderado de Galicia no mercado, sen perder a implicación social e laboral desa actividade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 598, do 10.02.2016

4.4 48884 (09/PNP-003561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

4.5 49036 (09/PNP-003577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

4.6 49115 (09/PNP-003582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar as perdas ocasionadas polos asolagamentos padecidos os días 29, 30 e 31 de marzo de 2016 en diversos concellos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

4.7 49134 (09/PNP-003584)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación co acceso dos deputados galegos ás penitenciarías, así como ás persoas internas nelas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

4.8 49225 (09/PNP-003595)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e sete deputados/as máis

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia, no ano 2016, dun plan galego de atención ao ictus

Publicación da iniciativa, BOPG nº 630, do 13.04.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 32122 (09/INT-001168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da política seguida en materia de ambiente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 411, do 06.02.2015

5.2 45608 (09/INT-001736)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

5.3 48413 (09/INT-001864)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 49687 (09/POPX-000182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a acusación da Fiscalía referida ás restricións impostas pola Administración galega para o tratamento cos novos fármacos contra a hepatitis C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

6.2 49692 (09/POPX-000183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a denuncia da Fiscalía referida á demora da dispensación de fármacos a doentes de hepatitis C por razóns orzamentarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

6.3 49696 (09/POPX-000184)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a dilación na dispensación de medicamentos a doentes de hepatitis C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 48752 (09/POP-004702)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a agresión homófoba padecida por un cidadán no mes de febreiro de 2016 nun establecemento comercial de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

7.2 48210 (09/POP-004644)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito, e sete deputados/as máis

Sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto do impacto na economía galega das medidas da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

7.3 49027 (09/POP-004746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e dous deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan Pexga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

7.4 49198 (09/POP-004773)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na actualidade das condicións da concesión administrativa outorgada á empresa adjudicataria das instalacións e equipamento da antiga fábrica de armas da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

7.5 49686 (09/PUP-000269)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo relativa á anulación do concurso eólico de 2008

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.6 48846 (09/POP-004722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Ministerio de Defensa da paralización da poxa de tres parcelas situadas no Campo da Estrada, na Maestranza, na cidade da Coruña, prevista para o día 27 de abril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

7.7 49691 (09/PUP-000270)

Grupo Parla

Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para eliminar os problemas de desamparo de menores e o maltrato infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.8 49062 (09/POP-004750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a posición defendida polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para garantir a viabilidade da frota contixentada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente comunica o debate acumulado de tres preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 9.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a acusación da Fiscalía referida ás restricións impostas pola Administración galega para o tratamento cos novos fármacos contra a hepatitis C. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a denuncia da Fiscalía referida á demora da dispensación de fármacos a doentes de hepatitis C por razóns orzamentarias. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a dilación na dispensación de medicamentos a doentes de hepatitis C. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 9.), Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 9.) e Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 11.)

Réplica dos autores: Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 13.), Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 14.) e Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 15.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do novo plan estratéxico deseñado para o sector da conserva para consolidar a posición de liderado de Galicia no mercado, sen perder a implicación social e laboral desa actividade. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 17.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Martínez García (M). (Páx. 19.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Fajardo Recouso (AGE) (Páx. 21.), Sr. Rodas Chapela (BNG) (Páx. 22.) e Sr. Val Alonso (S). (Páx. 23.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 24.)

O señor presidente anuncia o debate acumulado de dúas proposicións non de lei (Páx. 26.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 26.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 26.) e *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)*. (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 31.) e *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 33.)

O señor Pombo Rodríguez (BNG) (Páx. 34.) e *a señora Burgo López (S)*. (Páx. 35.) *interveñen para posicionarse respecto das emendas.*

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar as perdas ocasionadas polos asolagamentos padecidos os días 29, 30 e 31 de marzo de 2016 en diversos concellos de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 36.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 38.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 40.) e *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 41.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) interveñen para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García e D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación co acceso dos deputados galegos ás penitenciarías, así como ás persoas internas nelas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 46.), *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 48.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 49.)

A señora Martínez García (M) interveñen para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia no ano 2016 dun plan galego de atención ao ictus. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 54.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 55.) e *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE).* (Páx. 57.)

O señor Núñez Centeno (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 58.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga, que realiza traballos de prevención e loita contra os incendios forestais: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 59.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno de España para que se proceda á elaboración dunha nova lei educativa consensuada coas comunidades escolares e co conxunto das forzas políticas: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 59.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do novo plan estratéxico deseñado para o sector da conserva para consolidar a posición de liderado de Galicia no mercado, sen perder a implicación social e laboral desa actividade: *aprobada por 39 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención. (Páx. 60.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 60.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño nos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 60.)*

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar as perdas ocasionadas polos asolagamentos padecidos os días 29, 30 e 31 de marzo de 2016 en diversos concellos de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 61.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García e D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación co acceso dos deputados galegos ás penitenciarias, así como ás persoas internas nelas: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 61.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia, no ano 2016, dun plan galego de atención ao ictus: *aprobado por 57 votos a favor, 8 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 61.)

Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da política seguida en materia de medio ambiente. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 61.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 63.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 68.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Modificación e alteración da orde do día

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica o aprazamento do debate da pregunta número 49062 da orde do día, por petición da Xunta de Galicia, e que a pregunta número 48846, que figura no punto 7.6, será debatida despois do punto 7.1 (Páx. 69.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 69.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 72.)

Réplica do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 75.)

Interpelación de D^a Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre a política do Goberno galego en materia de atención, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M).* (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 78.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M).* (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 81.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a agresión homófoba padecida por un cidadán no mes de febreiro de 2016 nun establecemento comercial de Santiago de Compostela. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE).* (Páx. 82.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 83.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE).* (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 84.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Ministerio de Defensa da paralización da poxa de tres parcelas situadas no Campo da Estrada, na Maestranza, na cidade da Coruña, prevista para o día 27 de abril. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 86.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 87.)

Pregunta de D. Hipólito Fariñas Sobrino e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto do impacto na economía galega das medidas da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 88.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 90.)

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan Pexga. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 91.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 93.)

Pregunta de D. José Luis Méndez Romeu e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na actualidade das condicións da concesión administrativa outorgada á empresa adjudicataria das instalacións e do equipamento da antiga fábrica de armas da Coruña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 94.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 94.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 96.)

Pregunta de D. Pedro Manuel Arias Veira e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Supremo relativa á anulación do concurso eólico de 2008. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 97.)

Réplica do autor: *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 98.)

Pregunta de D^a Mónica Fernández Rodríguez, do G.P. Mixto, sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para eliminar os problemas de desamparo de menores e o maltrato infantil. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Rodríguez (M)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 99.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Rodríguez (M)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 101.)

Remata a sesión ás sete da tarde.

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Vaian ocupando os seus asentos, por favor.

Reanudamos a sesión co turno de preguntas ao presidente, que se corresponde co punto sexto. Imos facer debate acumulado das tres preguntas, que se corresponden co portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, co portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e co portavoz do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a acusación da Fiscalía referida ás restricións impostas pola Administración galega para o tratamento cos novos fármacos contra a hepatitis C

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a denuncia da Fiscalía referida á demora da dispensación de fármacos a doentes de hepatitis C por razóns orzamentarias

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a dilación na dispensación de medicamentos a doentes de hepatitis C

O señor PRESIDENTE: Ten, en primeiro lugar, a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor Feijóo, a pasada semana vostede estaba no seu escenario preferido, nun hotel de luxo de Madrid, divagando sobre o déficit diante dos seus e da xente rica. Naturalmente, alí non contou as consecuencias do déficit: a destrución do estado de benestar, a crise da Seguridade Social e o paro consolidado. Nin a vostede nin ao seu público lles interesan os problemas da xente real.

Á mesma hora dese exemplo de suprema indiferenza, un xuíz abría dilixencias contra dous altos cargos de Sanidade derivadas da morte de seis enfermos de hepatitis C. As dilixencias partían dun abrumador informe da Fiscalía; un rela-

to minucioso da cadea de despropósitos que impediron o tratamento axeitado e, como consecuencia, se non provocaron, polo menos acentuaron o curso fatal da enfermidade.

¿Vostede viu morrer algunha persoa dunha enfermidade longa e cruel? ¿Foi testigo de como os moribundos se aferran á esperanza, ás veces meramente indiciaria, que lles propoñen os seus médicos, da confianza cega que teñen no efecto do tratamento prescrito? ¿Foi testigo de como neses casos, mentres avanza a deterioración física, medra a anguria? Se coñece o dramatismo deses casos, pode imaxinar o sufrimento de Xesús, agardando cinco meses por un tratamento prescrito polos seus médicos, tratamento que nunca chegou; ou o sufrimento de María, que agardou sete meses; ou o de Isolina; ou de Félix; ou o de José Ramón; ou o de José Emilio. Casos onde os médicos pediron, reiteraron e soportaron día a día a mirada implorante dos seus enfermos. Vostede non ten empatía co sufrimento, vostede está no Hotel Palace vendendo as políticas que destrúen as persoas.

Este grupo trouxo a esta Cámara reiteradas veces no ano 2014 e 2015 este problema; vostedes votaron en contra. A semana pasada pregunteille polos efectos do déficit, polos beneficios de encabezar o control do déficit, non houbo resposta. Hoxe estamos a falar das consecuencias negativas cando priman criterios contables sobre as necesidades das persoas. Fixo ben destituíndo a conselleira Mosquera. Agora é necesario asumir os erros, pedir desculpas e modificar esa política. ¿Vai facelo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, “unha soa morte é unha traxedia; un millón de mortes, unha estatística”. Non sei se coñece esta frase terríbel atribuída a Stalin. Pois vostede parece razoar así cando dixó, para defender a xestión da Xunta, que se autorizou o tratamento a máis de 1.130 pacientes e parece ser que a 10 ou 12 se lles denegou. Non se poden tramitar as solicitudes coma se fosen licenzas de obras. Lembreille esta frase hai un ano, cando lle preguntamos por esta cuestión.

Mire, señor Feijóo, ¿tomou a molestia de ler a denuncia da Fiscalía?, ¿tomou esa molestia, señor Feijóo?

Un paciente no hospital de Santiago esperou máis de catro meses por uns fármacos que os seus médicos consideraban imprescindibles. O seu facultativo admite que lle estaba a administrar fármacos sabendo que non eran os máis adecuados, pero que non lle quedaba outro remedio. Catro meses despois, cando por fin chegaron os medicamentos, xa non había nada que facer.

Noutro caso, señor Feijóo, a Subdirección Xeral de Farmacia resolve que non cumpría os requisitos e, por tanto, non foi avaliado, nin remitida a petición á Subcomisión, establecendo novos criterios que non constan regulados nin autorizados con carácter previo. Nin sequera se enviou resposta ao hospital, señor Feijóo. Cinco meses despois, ante a falta de resposta, o hospital cursa unha nova solicitude advertindo da urxencia. Tampouco recibe contestación, señor Feijóo. O hospital insiste. Por fin recibe resposta afirmativa. Mais cando o hospital recibe a medicación, o paciente xa falecera. Chamábase David, señor Feijóo.

David, Jesús, Félix, Isolina, María José, José Emilio..., porque eran persoas, tiñan nomes; non son números, señor presidente. Vostede dixo que o criterio o marcaban os médicos. Coma sempre, intentou e intenta escudarse nos profesionais para intentar xustificar a súa xestión, cando houbo médicos que tiveron que saltar todos os protocolos, desesperados, para salvar as vidas dos seus pacientes. Mire, cito textualmente: “Non compartimos que, aplicando criterios economistas, non se inclúan, nos tratamentos con Sovaldi, estes enfermos” ¿Sabe quen dixo isto? O Colexio Médico de Pontevedra, señor Feijóo; o Colexio Médico de Pontevedra nunha carta enviada á Xunta alertando da denegación sistemática dos medicamentos. Non se escude, por tanto, nos profesionais para eludir as responsabilidades do seu goberno.

Por iso, ¿vai asumir responsabilidades pola denuncia que atribúe a altos cargos do seu goberno un delito de prevaricación e outro de homicidio imprudente con resultado de morte?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Avisáronnos estes días, e ata onte, os voceiros do Partido Popular de que había que falar deste tema con rigor e seriedade. En realidade, o que queren dicir con isto é que non lles chamemos ás cousas polo seu nome, é que non falemos claro e é que non se saiba a verdade destas políticas criminais. Dicar que por criterios orzamentarios se lles retrasou o tratamento aos enfermos da hepatitis C, segundo vostedes, é falar sen rigor.

Cando vostedes din isto, están descualificando a Fiscalía, o Colexio de Médicos de Pontevedra, descualificando a opinión de Evaristo Varo, xefe da Unidade de Transplante Abdominal do Hospital Clínico e presidente fundador da Sociedade Española de Transplante Hepático, e de tantos outros profesionais médicos que denunciaron esta situación, e constan tamén os seus testimonios na denuncia da Fiscalía. E están a faltarlles ao respecto aos enfermos, que tiveron que pelexar por algo que deberon de ter dende o primeiro momento para poder centrarse en recuperarse dunha xa de por si gravísima situación.

Vostedes están sós defendendo o indefendible, fronte aos médicos, fronte aos colexios de médicos, fronte á Fiscalía, fronte aos enfermos; vostedes están sós defendendo o indefendible. E recorren á descualificación para non dar o seu brazo a torcer e pedir desculpas, que era o que deberían de facer. Recorren á descualificación porque non teñen argumentos e non teñen credibilidade. Se tiveran argumentos, terían que explicar cales son os criterios médicos que explican o retraso na dispensación do tratamento de ata meses a enfermos que o necesitaban e que morreron polo camiño. ¿Que criterios médicos xustifican iso, señor Feijóo? É moi fácil de contestar.

E, por outro lado, a credibilidade. ¿Que credibilidade van ter vostedes falando de rigor e de seriedade fronte aos médicos, os que dan a cara fronte aos enfermos, os que dan a cara fronte aos familiares dos enfermos? ¿Que credibilidade van ter vostedes fronte a uns enfermos que loitaron pola súa vida e que en canto conseguiron o seu obxectivo cesaron nas mobilizacións? Dende abril de 2015 neste país pasa o que

tiña que pasar dende o principio, que se un médico especialista prescribe un tratamento, este chega axilmente ao enfermo, señor Feijóo. Iso era o que se viña pedindo dende hai máis de ano e medio, tan simple como iso. E vostedes sempre o negaron, ata o último momento. Fixeron ouvidos xordos, mostraron insensibilidade e desprezo. Uns días antes de que se aprobase ese plan nacional vostedes quedaron aquí como os campións da austeridade, máis papistas que o Papa, e votaron en contra do que días despois aprobou o Ministerio de Sanidade, o plan nacional, que asume as reivindicacións dos enfermos, simplemente algo tan sinxelo como que cheguen os tratamentos ás persoas cando os necesitan.

Señor Feijóo, para facer políticas xustas é imprescindible saber poñerse na pel das persoas que sofren, e vostede non sabe poñerse na súa pel. Ve cifras e non ve persoas. Por iso dixi que por tres casos non se pode dudar de que detrás estean os recortes. Por iso fala con ese desprezo. E o Partido Popular fala, como onte escoitamos tamén...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...ao señor conselleiro nunha entrevista, e di que probablemente eses enfermos que morreron tamén morrerían se se lles deran antes os tratamentos.

Señor conselleiro, iso nunca poderemos comprobalo, desgraciadamente, nin as súas familias. Eu non sei se entenden...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...o duro que é para as familias pensar niso, que puideron salvarse se se lles chega dar a tempo o tratamento.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Sánchez, remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E, por último, onte escoitamos do voceiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...do Partido Popular comparar a Plataforma de Afectados da Hepatite C con Manos Limpias, festival da indignidade total neste Parlamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, antes de comezar a responder as preguntas, gustaríame partir, para evitar malos entendidos, dun acordo sobre un principio moral básico, e é que a vida dunha persoa non ten prezo, e que vincular os cartos coa vida dunha persoa é algo moralmente inadmisíbel.

Por iso, señorías, vou pretender facer un debate serio. E para facer un debate serio o primeiro que temos é que referirnos aos familiares de todos os pacientes que teñen a doenza provocada polos problemas da hepatite C; para todos, para aqueles que superaron a enfermidade e para aqueles outros que, a pesar dos tratamentos, non superaron a enfermidade.

Señorías, a segunda cuestión que teño que dicir hoxe como presidente do Goberno é respaldar os profesionais do Servizo Galego de Saúde, respaldalos sen dúbida. Son uns excelentes profesionais.

E o terceiro é respaldar o Servizo Galego de Saúde, e respaldalo porque fomos un dos servizos de saúde que máis veces, que máis envases, que máis tratamentos e que máis pacientes diagnosticou e tratou coa hepatite C, co virus da hepatite C, de toda España.

Por iso, señorías, creo –insisto– que reflexionar sobre imputar a políticos ou a médicos ou a responsables sanitarios de mortes de persoas alegando que esas mortes teñen que ver con retrasar un tratamento ou con negar un tratamento paréceme unha trampa moral inadmisíbel.

Señorías, non vou caer nesa trampa moral, vou facer un relato dos feitos. Onte mesmo o conselleiro do Goberno explicaba detalladamente o alcance e contido do que se fixo e, sobre todo, da xénese dos problemas. Saben vostedes, señorías, que no ano 2012 non había fármacos para o tratamento da hepatite C, había avances importantes na investigación, pero aínda no mundo científico, en Europa, nos paí-

ses occidentais e en España, estabamos iniciando algúns tratamentos con algunhas dúbidas sobre os mesmos. Dende o ano 2012, por tanto, nalgúns países do mundo fóronse incorporando tratamentos combinados que superaban o tratamento máis tradicional, o Interferón, porque este tiña graves efectos secundarios, en moitos casos, ademais dunha efectividade limitada. Sobre todo a partir do ano 2014 aparecen novos medicamentos, baseados noutras moléculas, como o sofosbuvir, que, en combinación con outros, podían ir mellorando resultados nalgúns pacientes. De feito, só uns meses máis tarde –no ano mesmo 2014– aprobáronse outros tres diferentes, e a día de hoxe, o sofosbuvir tamén está superado por novos tratamentos como o daclatasvir.

Señorías, neste contexto, no que no prazo de meses van aparecendo novos tratamentos, España e Galicia foron os primeiros países en adoptar estes novos tratamentos. Para garantir precisamente o acceso ordenado e a equidade aos mesmos, para garantir a seguridade aos pacientes á hora de recibir estes tratamentos, creouse, como soe acostumarse, unha subcomisión de expertos, por entender que esa era a mellor opción, porque hai que lembrar que a experiencia no uso de humanos destes medicamentos era moi curta e porque as evidencias científicas do momento eran moi limitadas. E hai que lembrar que os medicamentos non se empregaban por si sós, empregábanse en combinación con outros, e esa combinación con outros podía producir efectos que os médicos consideraban inaxeitados.

Por iso, señoría, seguimos avanzando no tempo, e esa Subcomisión de Expertos está formada por cinco médicos: dous médicos do Complexo Hospitalario da Coruña, outro de Vigo, outro de Santiago, unha profesora universitaria da Coruña e un farmacólogo da farmacia hospitalaria do Hospital da Coruña. Por parte do Sergas había tres persoas: un director, unha subdirectora e un xefe de servizo, que, dende logo, non eran os que decidían os tratamentos, senón que eran os que os tramitaban e os que os trasladaban aos hospitais unha vez autorizados. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señoría, en todo momento primou exclusivamente o interese dos pacientes; exclusivamente, ningún outro interese máis que o interese dos pacientes.

As comisións ás que me acabo de referir, como a Comisión de Expertos, existe no Servizo Galego de Saúde para outros tratamentos, por exemplo, para a hormona do crece-

mento, por exemplo, para os vinculados á esclerose múltiple, por exemplo, comisións que miran de medicamentos relativos á oncoloxía ou á hematoloxía. Por iso, señoría, non era nada novo que houbera unha subcomisión de expertos.

Señoría, volto reiterar, entre o ano 2012 e o ano 2014 comezaron a descubrirse eses tratamentos. A partir de novembro do ano 2014 ata abril do ano 2015 autorízase por parte da Axencia Europea do Medicamento e da Axencia Española do Medicamento a comercialización do sofosbuvir, que deixaba de ser subministrado por uso compasivo, por autorización explícita de cada laboratorio, e incorpórase ao catálogo de medicamentos.

Efectivamente, a partir de abril do 2015, do Plan nacional para a abordaxe da hepatite C, é cando se establece o protocolo definitivo, e a partir de aí, señorías, non soamente facemos os 1.137 tratamentos durante a comisión de medicamentos que estaban en comercialización, senón que a partir de abril do ano 2015 implementamos 2.722 tratamentos, e Galicia inviste 78 millóns de euros.

Señoría, dicir que unha subcomisión, de cinco profesionais do Servizo Galego de Saúde, ten algo que ver co planxamento mercantilista da sanidade é simplemente un disparate. É un disparate, señoría, e é un insulto que eu non podo admitir.

Señorías, dicir que hai unha subcomisión para non dar medicamentos, cando resulta que esta subcomisión deu para o 99 % dos pacientes os medicamentos, é simplemente faltar ao respecto, aos datos e á verdade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, a evolución dos medicamentos e dos tratamentos está clara: no ano 2012, 160 tratamentos; no ano 2013, 264; no ano 2014, 339, e tan só no primeiro trimestre do 2015, 374. É dicir, a medida que se comercializaban os medicamentos, a medida que se protocolizaban os tratamentos, demos máis; e demos máis nun trimestre do ano 2015 que en todo o ano 2014. Por iso, señorías, creo que non é en ningún caso razoable.

Miren, señorías, levamos en Galicia investidos no tratamento da hepatite C 130 millóns de euros; 130 millóns de euros investidos nos pacientes que teñen ese virus. Síntome

orgullosa de que Galicia, a pesar das dificultades, sexa unha das comunidades autónomas que está por riba da media do resto dos servizos de saúde en tratamentos contra a hepatite C; por certo, moi por diante de comunidades autónomas como Andalucía, señoría, (*Murmurios.*) que vostedes piden referencia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señorías...,

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio! ¡Por favor, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, 130 millóns de euros investidos nos pacientes con hepatite C é unha cifra suficientemente clara para non falar de criterios economicistas; 130 millóns de euros é facer un hospital comarcal; 130 millóns de euros é facer 60 centros de saúde; 130 millóns de euros é máis que o presuposto de toda a cidade de Santiago de Compostela durante un ano. Por iso, señoría, o meu respecto aos pacientes, o meu respecto aos profesionais..., (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, silencio. ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o meu respecto aos familiares. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, creo que o Servizo Galego de Saúde, Galicia, os médicos de Galicia, os hepatólogos de Galicia, os farmacólogos de Galicia non merecen este xuízo sumarísimo contra a sanidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia e, por iso, señoría, seguirei defendendo os profesionais, seguirei defendendo a sanidade pública e seguirei dicíndolles aos familiares que fixemos todo o que podíamos facer, de acordo coa literatura científica...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...contra a hepatite C.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ¿Como se atreve vostede a falar de xuízo sumarísimo? ¿Pretende vostede que pasemos por alto o que di o auto da Fiscalía, que, evidentemente, vostede non leu? ¿Pretende vostede que pasemos por alto o auto do xuíz, que, evidentemente, vostede non leu?

E fala vostede de principios morais. Pois si, señor, claro que os compartimos. E fala vostede da defensa dos médicos do Sergas; nós tamén. Tamén dos médicos denunciados do Sergas. ¿Ou vostede non é coñecedor das denuncias formuladas polos profesionais?

Señor presidente, non vimos aquí facer un xuízo moral, vimos aquí pedir explicacións polo que aparece nos autos xudiciais, que sinalan claramente unha cadea de decisións administrativas –non clínicas, administrativas–, superpostas, precisamente, ás decisións dos profesionais.

E quero ser rigoroso con vostede, porque, señor Feijóo, se a situación non foi a peor é mérito do novo ministro de Sanidade, que ese si que puxo os recursos e as decisións nas mans dos profesionais. E dende ese momento non houbo mortos. Mentres o problema dependía de vostede, desgraciadamente producíronse estes casos; cando entrou en vigor o plan estatal, rematou xa.

Vostede creou unha comisión subordinada a decisións administrativas. É o que di o auto da Fiscalía, con retrasos inxustificables, dilatación de decisións, alteración dos mecanismos de contratación e financiamento, fraccionamento dos contratos en contratos menores e así dificultando os pagos, mesmo ordenaron facer biopsias hepáticas e probas de alto risco que non se fixeron en ningunha comunidade. E non cabe alegar ignorancia, estábanllo dicindo reiteradamente os médicos, eses que vostede di que respecta. Polo que se ve, respecta a todos menos aos que se atreven a contradicir a súa visión idílica da sociedade. Mesmo o Colexio Médico de Pontevedra, como xa se dixo aquí.

O certo é que no ano 2014 –non no 2012, non no 2013, no 2014–, cando este problema xa fora debatido e votado en contra por vostede, en Galicia quedaron doentes sen tratamento, algo propio de países terceiromundistas. E agora, por moito que lle moleste ao conselleiro, voullo repetir: poderán manipular os datos, pero hai seis persoas mortas polo menos das que hai que dar explicacións.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: E foi tan escandaloso que cando algún médico conseguiu saltar a cadea de mando administrativa resulta que o seu doente recibe o tratamento e se salva.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Leo nos autos: homicidio involuntario por imprudencia profesional grave, prevaricación por incumprir as propias normas da Comisión. Oia, señor presidente, ¿pero é que vostede non asume ningunha responsabilidade por acción ou por omisión? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Réplica, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, efectivamente, non culpe vostede a oposición; é a Fiscalía quen relaciona estas mortes cos recortes. Di que incumpriron os criterios establecidos por razóns orzamentarias mentres se negociaba un acordo global coas farmacéuticas. Di que houbo retrasos inxustificados e que incluso se modificaron as datas de solicitude dos fármacos para simular tempos de espera menores. Iso é o que di a Fiscalía, señor Feijóo.

Mire, ¿coñece o caso de Jesús? É un caso que fala por si só, señor Feijóo. Dado que non tomou a molestia de ler a denuncia, permítame que o comente.

Dende que o hospital emitiu un informe favorábel ata que se solicitou á Subcomisión que autorizase o tratamento pasaron 24 días. Pero resulta que entre tanto un laboratorio se ofreceu a correr co custo de 300 tratamentos en todo o

Estado, o que provocou que se iniciase de novo o procedemento para lograr que fose o laboratorio o que financiase os medicamentos deste paciente; unha decisión que atrasou semanas a chegada dos fármacos. Cando por fin chegaron, por desgraza, tamén foi tarde para Jesús.

¿E insiste vostede en que é un disparate relacionar isto cos recortes? ¿Por que, entón, votaron en contra neste Parlamento de que se dispensasen os novos fármacos nas farmacias hospitalarias? ¿Por que, entón, hai 165 presos nos nosos cárceres á espera destes tratamentos? ¿Por que a Audiencia de Ourense, señor Feijóo, tivo que obrigar a Xunta a subministrar os fármacos a un recluso que levaba dez meses agardando? ¿Por que, entón, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza tivo que lembrar que o dereito á asistencia sanitaria prevalece sobre o interese económico dunha administración nun litixio que ten a Xunta de Galiza con Institucións Penitenciarias sobre quen sufraga o tratamento aos presos, señor Feijóo?

Mire, señor Feijóo, presumir de ser o campión no cumprimento do déficit ten estas consecuencias. Tres persoas morreron sen recibir os medicamentos, a outras tres os medicamentos chegaronlles cando xa era demasiado tarde.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: Por tanto, depure as responsabilidades, ou a responsabilidade, señor Feijóo, acabará recaendo única e exclusivamente sobre vostede.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, ¿co fácil que era contestar a que criterios clínicos xustifican que haxa pacientes que agardaron ata oito meses por un tratamento! ¿Cales foron eses criterios clínicos? Non contestou; é evidente.

Vostede non respalda os profesionais da sanidade pública, vostede fai escapismo e endósalles a responsabilidade. É máis, vostede durante meses non os escoitou, e eses profe-

sionais foron os que máis denunciaron a situación con cartas que constan na denuncia da Fiscalía. Fixérono tan ben vostedes, señor Feijóo, que son o primeiro goberno procesado penalmente pola relación entre criterios orzamentarios e mortes; ¡o primeiro goberno! Tan ben o fixeron e tan dilerxentes foron que son o primeiro goberno relacionado por isto. Señor Feijóo, o cumprimento do obxectivo do déficit do que tanto presume está construído sobre cousas como esta. ¿Por que non explica por que en Galicia o 28 de xaneiro se seguía funcionando con criterios obsoletos e xa superados por ampliacións dos criterios do Ministerio de Sanidade? E tivo que ser a Plataforma de Afectados pola Hepatite C quen denunciase e quen fíxese que, por exemplo, os maiores de 70 anos si puidesen recibir estes tratamentos, que xa os podían recibir noutras comunidades autónomas, señor Feijóo. Explique iso e deixe de andar polas ramas. Todos coñecemos a historia. Porque isto ademais, señor Feijóo, non o traemos a touro pasado, isto denunciámolo nós, denunciárono os médicos, denunciárono os colexios de médicos e denunciouno a Plataforma con antelación, e vostedes negáronse.

Mire, o 11 de febreiro, o mesmo día que enterraron a Isoleña, aquí votouse unha PNL presentada pola Plataforma que pedía que se trasladasen os tratamentos sen pasar pola Subcomisión –11 de febreiro–. Vostedes votaron en contra. O 24 de febreiro presentábase en Madrid o borrador do Plan estratéxico que eliminaba as subcomisións. Vostedes unha vez máis foron máis papistas que o Papa, os campións dos recorres; niso si que son os campións.

E fala vostede de equidade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Que equidade hai cando hai casos coas mesmas características que foron denegados e outros admitidos? ¿Que bo procedemento había cando se presionou a propia conselleira e se saltaron todos os protocolos para darlle o tratamento a un enfermo, señor Feijóo?

Pida desculpas, señor Feijóo; pida desculpas polas súas políticas, pida desculpas polo desprezo...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que tivo e polos ouvidos xordos que lles fixeron aos profesionais da sanidade a aos enfermos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Méndez Romeu, o cen por cento dos tratamentos da hepatite C pagounos o Servizo Galego de Saúde; ningunha outra administración pública, nin o Ministerio de Sanidade nin nada, o cen por cento. Deixe de intoxicar sobre quen paga os tratamentos da hepatite C. Pagámoslos, seguirémolos pagando e seguiremos aboándolles a todos os pacientes para os que os médicos así o decidan. Da hepatite C e de calquera outro fármaco que estea á disposición da Axencia Europea do Medicamento e da Axencia Española do Medicamento.

Señoría, é falso que ninguén pasase a ser tratado de favor, e vostede sabeo exactamente igual ca min, ¡é absolutamente falso! ¿A quen quere insultar, aos médicos que conformaban a Comisión?, ¿a eses quere insultar, señoría?, ¿a eses médicos que estiveron nada máis e nada menos que unha media de 13,13 días para responder –¡13 días, señoría–? *(Murmurios.)* E a eses médicos fan os casos máis graves, os casos que, de xuntar medicamentos, tiñan combinacións que poderían producir aínda máis problemas a pacientes en estado crítico dos que suporía non dar os medicamentos.

Señoría, son eses fármacos e son eses médicos os que prescriben os fármacos e, por suposto, nós aboámoslos. Reitero, ¿como se pode implementar ou como se pode dicir que temos criterios economicistas cando investimos os galegos 130 millóns de euros en financiar a 3.000 persoas e cando seguiremos financiando a todos os que teñan o virus da hepatite C? Paréceme, señoría, impropio e inaceptable. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señoría, esa comisión estaba mirando casos anónimos, sen coñecer o nome e os apelidos do paciente; casos

anónimos, sen saber cal era o hospital que os remitía e exclusivamente con base en criterios clínicos e non en nomes nin en apelidos nin en rendas nin en enchufes nin en hospitais estaba ditaminando caso a caso, dentro da súa absoluta autonomía, dentro da súa absoluta moral e dentro dos principios deontolóxicos dos médicos que conformaban a Comisión.

E por iso volvo defender a todos os médicos e ao farmacólogo que confirmou esa comisión. Señoría, esa comisión tamén existía en Asturias. Hai unha diferenza entre Asturias, cun goberno socialista, e aquí. A diferenza, señoría, é que a oposición en Asturias non é a oposición que temos en Galicia... *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...neste momento. Esa é a gran diferenza, señoría, *(Aplausos.)* e que non xogan con casos de enfermos de hepatite C.

Mire, señoría, fáleme vostede de se lemos a denuncia do fiscal, que vén como consecuencia da denuncia previa, e a decisión provisional do xuíz. Claro que si, señoría, e o xuíz non admite determinados cualificativos á Fiscalía. Claro que a lemos, señoría, e por iso volve ser un disparate máximo, como di o representante actual de AGE, dicir que o Goberno ten un problema de procesamento, de procesados penalmente. ¿A quen se lle ocorre semellante disparate, como acaba de dicir o señor de AGE? ¡Se lles dá igual! ¡Se xa sabemos que a AGE a sanidade pública lle dá exactamente igual, porque nunca tivo ningunha responsabilidade e probablemente nunca teña ningunha responsabilidade de tomar unha decisión na sanidade pública do país! E preocupárame que representantes de AGE tiveran a máis mínima posibilidade de xestionar os recursos públicos da sanidade en Galicia; preocupárame masivamente, señoría.

Di se leo as propostas e as opinións dos médicos. Si, señoría. Acabo de ler a última, a que acaba de saír hoxe nun xornal: “*Los tratamientos que solicité –más de 200– fueron aceptados*”, *(Murmurios.)* dun hepatólogo do hospital Juan Canalejo da Coruña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Supoño que o hospital da Coruña tamén terá algún tipo de valor.

Pero, señorías, se vostedes queren insistir, aquí temos os datos dos pacientes tratados en todos os servizos de saúde de España. Os pacientes tratados nos servizos de saúde de España, en Galicia son 42,35 por 10.000 habitantes; na media de España, 29. É dicir, tratamos máis pacientes afectados pola hepatite C en Galicia que no resto de España. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Creo que isto é bo que todos os pacientes o saiban para que queden retratados nas súas acusacións.

Mire, señoría, estamos acostumados ao que vostedes fan coa sanidade; non é a primeira vez, non, non é a primeira vez. Non é a primeira vez que se acusa ao Goberno de que dabamos altas aos pacientes pagándolles 30 euros aos médicos –PSOE *dixit*–. Non é a primeira vez que o PSOE fai un papel e se presenta ás eleccións como programa electoral dicindo que o PP cobraría por ir aos hospitais. Exactamente dicía o seu papel 67 euros por consulta...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e 513 euros por hospitalización.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Señor Gallego!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non é a primeira vez, señoría, que en pleno traslado do hospital de Vigo o Partido Socialista propón evacuar o hospital, a todos os pacientes do hospital, porque non ten as garantías mínimas sanitarias. *(Murmurios.)* Señorías, non é a primeira vez que neste pleno –e o *Diario de Sesión* ponose nos acusa de cobrar por durmir nos sillóns do hospital de Vigo. Iso debémollo ao Partido Socialista Obreiro Español. Por iso estou acostumado, señoría, a este tipo de calumnias, pero creo que os profesionais do Servizo Galego de Saúde non o merecen.

España é o sexto país do mundo que máis pacientes tratou contra a hepatite C. España é o primeiro país de Europa que máis pacientes tratou contra a hepatite C, e Galicia ten unha media de tratamento contra a hepatite C por riba do primeiro país de Europa que máis pacientes tratou contra a hepatite C. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, señora Gallego!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Esas son as realidades, señoría, e eses son os compromisos. *(Aplausos.)*

Señoría, ¿pode explicarme que interese económico pode ter pospoñer o tratamento contra a hepatite C se levamos tratado máis de 2.800 pacientes? ¿Pode explicarme que é o que buscamos desde o punto de vista económico se estamos orgullosos de investir 130 millóns de euros para tratar os pacientes contra a hepatite C? ¿Pódesenos imputar algún plantexamento economicista... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Señora Gallego, silencio, por favor.

Señora Acuña, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cando fixemos o maior esforzo que nunca fixo o Servizo Galego de Saúde ante un tratamento específico?

Señor Méndez Romeu, non esperaba de vostede isto. *(Murmurios.)* E tampouco esperaba, señor Jorquera, de vostede este plantexamento. Evidentemente que de AGE estamos acostumados a calquera cousa, señoría...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a calquera cousa, porque lles dá exactamente igual. Eles non veñen xestionar a sanidade pública, eles veñen destruír o que conseguimos entre todos, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que é a dignidade, o respecto e os principios morais básicos, que non estamos dispostos a aceptar. *(Aplausos.)* Por iso, señoría, é sorprendente e indigno que, non tendo vostedes aínda candidatos

nin tendo proxecto político nin tendo apenas partido..., *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...empecen a campaña electoral. *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É indigno que empecen a campaña electoral utilizando a sanidade unha vez máis para facer unha campaña electoral.

Señoría, Galicia quedalles moi grande. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E por iso, por esas familias ás que lles debemos todo o respecto, paréceme indigno que se utilice o sufrimento das familias para facer política, e ademais para facer política deste xeito. ¿Pero vostedes cren nalgún instante que algún membro do Goberno, que algún médico en Galicia negou un tratamento por un tema económico?

Señorías, creo que isto non é admisible e eu, dende logo, non llelo admito.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Grazas.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

Silencio, señor Gallego, por favor.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do novo plan estratéxico deseñado para o sector da conserva para consolidar a posición de liderado de Galicia no mercado, sen perder a implicación social e laboral desa actividade

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto: "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a negociar con produtores, patronal da conserva e os sindicatos máis representativos un novo plan estratéxico da conserva que permita consolidar a nosa posición de liderado no mercado en base á excelencia do produto e das relacións laborais.

Para acadar ditos obxectivos o Parlamento de Galicia insta á Xunta a promover con carácter de urxencia entre patronal e sindicatos, a constitución da Mesa Negociadora do I Convenio Colectivo da Conserva de Galiza, instando ás partes a que no mesmo quede eliminada calquera discriminación por razón de xénero.")

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, hoxe formulamos ante o Pleno desta Cámara unha iniciativa que entendemos pode ser especialmente beneficiosa en apoio dun sector relevante para Galicia e moi especialmente para centos de comarcas e localidades da nosa costa: Barbanza, Arousa, A Mariña lucense, o gran Vigo e para tantas e tantas comarcas.

Señorías, falamos da conserva, falamos de peixes e mariscos. En concreto, a través da nosa iniciativa parlamentaria, insistimos e instamos a Xunta e ao Goberno galego a desenvolver o Plan estratéxico da conserva; unha ferramenta que permitirá consolidar a nosa posición de liderado no mercado sen perder a implicación social e a implicación laboral desta actividade en Galicia.

Non podemos esquecernos de que o sector da conserva xera case o 3 % do produto interior bruto da nosa Comunidade Autónoma e nalgunhas comarcas de ata o 10 %, onde

operan en torno a 70 industrias conserveiras, que son fonte de riqueza e de emprego para máis de 11.950 persoas.

Hai días, por exemplo, visitabamos Ribeira, que vén sendo un referente desde hai máis dun século neste eido produtivo. Galicia lidera en España e en Europa un sector que achega ás nosas mans un produto apreciado pola súa gran calidade e listo para consumir, que deixa tras de si unha longa sucesión de procesos que van desde a súa pesca, limpeza preparación, envasado, etiquetaxe e posta no mercado.

O Goberno galego, en colaboración cos distintos axentes do sector, traballou e vén traballando aínda na elaboración, redifinición e deseño dun novo plan estratéxico, dun plan estratéxico para a conserva que pretende ser unha ferramenta útil que actualice e integre todas as posibles liñas de accións e de futuras axudas para o sector.

A Consellería do Mar, consciente da importancia das conservas en Galicia, debe seguir constituíndo un apoio e ser unha firme aliada na procura dunha maior eficacia e dunha rendibilidade tanto económica como social nun sector clave na cadea de produción mar-industria. E para poder facelo a través desta iniciativa, o Parlamento galego ten a posibilidade de debater hoxe as liñas mestras do que será o futuro plan estratéxico e de enriquecerse coas achegas que poidan facerse se así o estiman oportuno os grupos da oposición a este plan.

Na opinión do Grupo Parlamentario Popular, entre os aspectos que non poden faltar nun deseño estratéxico para a nosa conserva están, entre outros, os seguintes: o impulso de medidas destinadas a incrementar o valor das nosas conservas e tamén a consolidar as estruturas empresariais existentes, conscientes de que teñen sufrido un proceso de reconversión que implicou o peche ou a deslocalización dalgunhas empresas.

A nosa conserva merece que nos esforcemos en poñer en marcha iniciativas para consolidar a posición de liderado dos mercados locais e internacionais. Ademais, o plan deberá potenciar a competitividade a través da maior implantación do sector en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, e entre elas con medidas destinadas especialmente a mellorar a relación desta pequena industria co medio ambiente.

E, para finalizar, e probablemente como unha das columnas máis importantes do futuro plan, temos que esforzarnos por garantir a estabilidade e a calidade do emprego. A Xunta ten na súa man recursos para apoiar estas iniciativas, e moi en particular o relevante papel da muller neste sector. Elas representan a inmensa maioría, máis do 90 % das traballadoras da conserva.

Temos que promover medidas que afonden en aspectos tales como o fomento da contratación indefinida, a determinación de políticas de formación e de igualdade de oportunidades vinculadas á conciliación da vida laboral e familiar.

No Partido Popular cremos que apostar pola conserva galega é, á súa vez, xerar oportunidades; oportunidades para seguir ofrecendo e achegando a España e ao mundo os nosos produtos gastronómicos máis singulares e de máis calidade.

A conserva galega permite a Galicia compartir cos consumidores o mellor que temos: a conserva. Dá imaxe da nosa cultura, da xente do noso mar, e ofrece unha aposta gastronómica única, que nos define. En definitiva, a conserva é parte da nosa esencia.

Hoxe, señorías, temos unha oportunidade para, desde este Parlamento, impulsar a acción do Goberno no desenvolvemento do Plan estratéxico da conserva. Temos moitos motivos para deixar a loita partidista a un lado e demostrar que somos capaces de apostar por unanimidade por un dos sectores produtivos máis relevantes da Galicia azul.

O Goberno galego, a través das consellerías do Mar e de Economía, Emprego e Industria, non deixou de apoiar este sector na medida das súas posibilidades. Hoxe queremos seguir avanzando neste camiño.

Na miña terra, a Mariña lucense, hai unha empresa conserveira, concretamente conservas Alonso, que anunciou o peche das súas instalacións e a centralización da súa actividade noutra comarca galega onde teñen outro centro de traballo. Dende a tribuna do Parlamento, dende a máxima institución que temos na nosa comunidade autónoma, quero amosar desde aquí o noso incondicional apoio a todos os seus traballadores e traballadoras, coa esperanza de que, coa mediación da Xunta de Galicia e a implicación de toda a sociedade, poida ofrecer un futuro esperanzador e distinto a

estes profesionais e a estas veciñas e veciños da miña comarca. E se impulsar este tipo de plans estratéxicos serve para que na Mariña e noutros lugares deixen de producirse estas malas novas, seguro que merece moito a pena.

Señorías, creo que hoxe temos oportunidade, entre todos, de sacar unha iniciativa en beneficio de moitas vilas, pero sobre todo en beneficio deses preto de 12.000 traballadores e traballadoras que xera este sector na nosa comunidade autónoma. Espero que vostedes estean á altura. Espero que teñan a altura de apoiar esta iniciativa, non polo Grupo Parlamentario Popular, senón por esas 12.000 persoas que veñen pedindo este plan estratéxico.

Imos traballar no futuro para seguir liderando este mercado. Imos traballar no futuro non só para lideralo en España, senón para seguir liderándoo en Europa. Efectivamente, Galicia é unha potencia no sector da conserva. E precisamente porque é unha potencia no sector da conserva temos que traer este tipo de iniciativas; e precisamente temos que traer este tipo de iniciativas para seguir medrando e para seguir ocupando ese mercado que sempre tivemos e que non debemos perder.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señor Balseiro, eu de fe ando mal, e vostede aquí me vén pedir unha declaración de fe de algo que non coñecemos máis que pola parte expositiva e o anuncio de prensa que fixeron vostedes deste plan.

Polo tanto, hoxe di vostede que estamos a debater as liñas estratéxicas do plan e que podemos propoñer medidas, pero como non se coñece o plan, eu non sei, realmente, de que está vostede falando; creo que de propaganda do Partido Popular e nada máis, porque aquí non se presentou nada.

Polo tanto, falarei da parte expositiva da súa iniciativa. Segundo a parte expositiva, o plan impulsa unha serie de

medidas –descoñecidas para todos– que, segundo parece, van destinadas a incrementar o valor engadido da produción, consolidar estruturas empresariais e a posición de liderado nos mercados locais e internacionais, pero non sabemos cales son esas medidas.

Tamén di que o plan busca potenciar a competitividade a través dunha maior implantación do sector en actividades de I+D+i; respectar o medio ambiente; garantir a estabilidade e calidade do emprego tras superar momentos de dificultade, pero tampouco nos di como. Non nos di como se vai implantar o I+D+i, que medidas se van tomar para respectar o medio ambiente. Non sabemos se isto vai funcionar –como suele facer a Xunta– a través de subvencións ás empresas, que suele ser a única medida que toma. Non sabemos que medidas van tomar para que se cree emprego de calidade; non só emprego indefinido, senón que ese emprego sexa de calidade. É dicir, unha iniciativa baleira de contido, que non di absolutamente nada, ¡nada!

A conserva está fortemente subvencionada pola Administración, incluída a Xunta de Galiza, e sen embargo todas estas subvencións non teñen repercutido nunca nas condicións laborais das traballadoras e dos traballadores do sector.

Outro aspecto relevante deste plan –segundo di vostede– é o recoñecemento do papel da muller no sector, con medidas que afonden en aspectos como o fomento da contratación indefinida, políticas de formación e de igualdade de oportunidades vinculadas á conciliación...

Eu preguntolle, ¿vostede coñece o convenio colectivo da conserva? ¡É que non ten nin idea do que está falando! ¡Non ten nin idea do que está falando! Lea o convenio colectivo da conserva, un convenio que se asina en Madrid, un convenio estatal, onde o problema non é a contratación indefinida. A maioría son traballadoras fixas discontinuas. ¡Fixas discontinuas, señor Balseiro! Que non se entera vostede do que está falando porque só lle preocupa a patronal, nunca se preocupou das condicións laborais das traballadoras da conserva.

É máis, a patronal da conserva, esa patronal que vostedes tanto defenden e apoian, pretendeu nun principio que o convenio colectivo recollera a baixada de salarios, o aumento da xornada e que cobraran parte do salario en latas de conserva. ¡Ata aí chegou a patronal que vostedes apoian!

Pretende ampliar a xornada; ampliar os días laborais de luns a domingo; limitar a libre disposición coa conxelación salarial; un convenio a 5 anos; un incremento de 24 horas anuais de xornada; e o salario un 0 % de incremento para o ano 2015 e un 0,5 % os anos restantes. ¡Esa é a patronal que vostedes defenden!

A discriminación salarial existente no sector disfrázase agora coa creación de novas categorías laborais. Así atopamos que un axudante home cobra máis que unha encargada de fabricación. Hai discriminación salarial inmensa na conserva. Nun sector feminizado, os mandos son homes. ¡Preocúpense realmente do que está pasando, non veñan aquí vendernos máis propaganda!

O único xeito de frear a precariedade laboral no sector é camiñar cara a erradicar a discriminación de xénero e a brecha salarial, e coa negociación colectiva dun convenio galego, xa que o 90 % do sector se atopa en Galiza. Non ten sentido que se negocie un convenio en Madrid, lonxe dos traballadores, lonxe dos intereses de Galiza.

Por iso presentamos esta emenda de substitución que pide que se inste a Xunta a negociar con produtores, patronal da conserva e sindicatos máis representativos un novo plan estratéxico da conserva que permita consolidar a nosa posición de liderado no mercado, a excelencia no produto e nas relacións laborais.

E falamos de patronal da conserva e sindicatos porque se trata de crear esas sinerxías das que fala o conselleiro de Economía para poder ter un sector consolidado, que se aproveite para todos: para os produtores e para as empresas conserveiras, e que repercute ese beneficio e ese crecemento na clase traballadora.

Para acadar ditos obxectivos o Parlamento insta a Xunta a promover con carácter de urxencia, entre patronal e sindicatos, a constitución da mesa negociadora do primeiro convenio colectivo da conserva de Galiza, instando as partes a que no mesmo quede eliminada calquera discriminación por razón de xénero.

Se realmente lles preocupa o sector da conserva...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...se realmente lles preocupa o sector do mar e se realmente lles preocupan as condicións laborais do persoal que traballa na conserva, aproben esta emenda e retiren a súa parte resolutiva.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día a todos e a todas.

A pesar da ameaza velada do señor Balseiro á compañeira Chelo dicíndolle ¡xa verás agora!, hai que dicir que esta iniciativa é unha absoluta indecencia en termos políticos e que ademais non di absolutamente nada. Vir debater aquí esta proposta é unha tomadura de pelo ao sector e aos traballadores e traballadoras deste sector, que están sendo sempre masacrados por unha patronal que os quere escravizados e con soldos de miseria.

Vou ler expresamente o que di a proposta do Partido Popular, para que se vexa o grao de seriedade, de compromiso e de traballo do grandísimo voceiro do Partido Popular.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver o Plan estratéxico da conserva, que permita consolidar a nosa posición de liderado no mercado sen perder a implicación social e laboral desta actividade en Galicia.”

É dicir, non di nada, absolutamente nada. ¿Cal é o plan estratéxico? ¿Cal é a súa aposta social e, sobre todo, laboral? ¿Falar do convenio colectivo? ¿Vostede que recoñece un convenio colectivo onde as traballadoras da conserva cobran 31,36 euros ao día polo seu traballo? ¿Vostede sabe cal é a realidade dunha patronal, que coloca sensores nos asentos das liñas de produción para saber canto tempo están producindo, sentadas ou non? ¿Vostede sabe cal é esa patronal que é capaz de controlar o tempo que utilizan as mulleres no baño, para limitar o tempo de baño diario destas mulleres? ¿Sabe esa realidade? ¿Ese é o compromiso da súa actividade social?

Polo tanto, nós, dende logo, dicímoslle que é indigno que o Partido Popular traia iso aquí sen falar de salarios, sen falar

dunhas mulleres que cobran menos de 700 euros ao mes por traballar moitísimas horas, e que a día de hoxe están sendo utilizadas con ERE absolutamente irregulares que obrigan a traballar moito máis do que cotizan.

Esa é a realidade do sector. E cando fala do sector, debería falar de deslocalización. E ten vostede a indignidade de vir aquí falar dos lombos do atún e da limpeza.

¿Sabe cal é o maior problema do emprego do país na conserva? Que agora os lombos veñen xa producidos de fóra. Vostedes financiaron a deslocalización, e entran todos os días nos portos de Ribeira e Vilagarcía lombos xa preparados, que chegan a Ribeira e o único que se fai é que se enlatan e se poñen nunha caixa. Antes o emprego era a limpeza deses lombos, que se facía na nosa industria, e a día de hoxe non se fai. Esa é a realidade do Partido Popular.

Pero xa me indigna que vostede fale de conciliación. ¿Fala de conciliación no sector da conserva, cando a patronal pretende incrementar a xornada anual? ¿Cando a patronal está exercendo *manu militari* a súa reforma laboral, que impide ás persoas que, por exemplo, queren atender os seus fillos determinar cando son as reducións de xornada? Esa é a patronal que vostede coñece. Está claro que coñece a patronal, pero non recoñece cal é a situación das traballadoras.

Fagamos unha análise deste sector, de cales son as súas realidades e de cales son as súas problemáticas. ¿Que di ese plan estratéxico sobre a acumulación de capital deste sector; un sector que acumula en soamente tres empresas o 60 % da produción?

¿Que imos facer con esa destrución escalonada dos pequenos obradoiros, das pequenas empresas conserveiras de título familiar, que eran as que tiñan maior calidade no seu emprego e tamén maior calidade nos seus produtos?

¿Que imos facer coa destrución masiva da nosa conserva tradicional, aquela que tiña un produto de altísima calidade? ¿Que imos facer con esa cuestión?

¿Que imos facer coas dúas problemáticas que atentan ao noso sector conserveiro, coa importación pero tamén coas cadeas de distribución? A día de hoxe, practicamente o 70 % das conservas que se producen neste país fanse para marcas

brancas, o que está fundindo os prezos e fundindo as condicións laborais.

¿Cal é a proposta do Partido Popular sobre eses dous problemas do sector? Sobre a situación de acumulación de capital practicamente en tres empresas do conxunto deste sector, e sobre todo dos perigos que ten a grande distribución, que está a manipular o noso sector para convertelo nun produtor de marca branca e eliminar a nosa potencialidade como marca diferenciada de país e de produto de calidade?

Polo tanto, cando falamos de que se poña enriba da mesa un plan estratéxico, estaría ben que o Partido Popular dixera cal é. Eu non lle vou pedir ao señor Balseiro que diga cal é ¡porque iso sería moito pedir! Pero, dende logo, quen lle escribe os discursos ao señor Balseiro podía ter estudado minimamente cal é o obxectivo para este plan estratéxico e non repetir aquí as declaracións. Vostede dixo hoxe aquí o mesmo que dixo na rolda de prensa esa de Ribeira. Foi o único que fixo sobre esta iniciativa, unha rolda de prensa en Ribeira. Eu tiven onte oportunidade de mirar na televisión local do meu pobo o que dixo naquela rolda de prensa, e dixo exactamente o mesmo que hoxe aquí, porque vostede é incapaz de saír dese guión. Díganos cal é o Plan estratéxico.

Agora na réplica pídolle que me diga cales son as medidas concretas para eliminar a acumulación de capital; as medidas concretas para tratar de paliar o problema da importación; medidas concretas para superar a situación de monopolio da marca branca; medidas concretas para mellorar a situación laboral das nosas traballadoras e dos nosos traballadores. Iso é o que ten vostede que facer na réplica. Xa sei que vostede se vai dedicar a acusar os demais e a non dicir nada deste plan. Polo tanto, desde a Alternativa Galega de Esquerda –que o señor Feijóo, dunha forma indecente, dixo aquí que vimos destruír, cando se estaba falando da súa responsabilidade nas mortes das persoas– pedímoslle que vostede constrúa e que desde o seu escano nos diga cales son as medidas concretas, para que poidamos saber se se pode apoiar ou non este plan. Se non hai medidas, desde logo nós non imos apoiar este plan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Bos días, señorías.

Efectivamente, estamos ante unha nova iniciativa propagandística do Partido Popular, cuxa finalidade é poder sacar o señor Balseiro da Mariña luguesa; que, por certo, é unha das primeiras veces que sae. Cando precisamente na Mariña luguesa era onde debía facer a rolda de prensa, porque alí hai unha situación de emerxencia –xa o dicía anteriormente– con Conservas Alonso. Pero non, vostede marchou para Ribeira porque realmente alí está quen manda hoxe en día na conserva e houbo que prestarlle pleitesía. E agora vén aquí e, efectivamente, teño que felicitalo porque ten unha enorme capacidade para apartarse dos coches e dos autobuses, pero tamén, ¿como non?, para vender fume, que é o que vostede vén vender aquí hoxe.

Teño que recordarlle que este plan da conserva non é nada novo. Este plan xa se aprobou durante o Bipartito, e tiña un prazo de execución desde o 2007 ao 2013, ¿lémbra-se, señor Balseiro? Home, eu son novo, sería normal que non me enterase, pero vostede, que xa ten pedigrí aquí, nesta casa, o normal é que soubera que este plan xa definía cal debía ser a estratexia da conserva do noso país. Por certo, onde Anfaco non estaba polo labor. Daquela xa especificaba que aquel plan apostaba pola alternativa da calidade do produto e pola diferenciación, mentres que unha parte do sector, representada por Anfaco –que, por certo, tampouco é maioritaria, a pesar de que representa o 60 % da produción– apostaba por competir cos grandes grupos, que baseaban a súa estratexia na penetración nos mercados con baixos prezos e na desregulación salarial.

Desde o 2009 levan reiteradamente prometéndose e comprometéndose a que van desenvolvelo. ¿Lembra os compromisos do 2009? ¿Lembra as chamadas de atención do secretario xeral de Anfaco dicíndolle que nin para o 2009 nin para o 2010-2013? Nada de nada.

Pero aínda é peor, que despois este compromiso de novo plan volveuse reeditar e reiteradamente se está comprometendo. ¿Lembra, por exemplo, o ano pasado, o encontro internacional sobre o atún, onde o presidente afirmaba que xa estaba rematado? ¿Lembra o secretario xeral dicindo que

a final de ano ía ser presentado? Xa daquela o secretario xeral de Anfaco anunciaba cales ían ser os criterios; por certo, un pouco máis explícitos que os que vostede vén aquí traer esta mañá. E daquela xa plantexaba que unha das emerxencias que tiñan era axilizar o que van ser os fondos FEN; que, por certo, non sei que problema ten porque recentemente anunciaba a señora conselleira que o ano pasado recibiu o sector da transformación nada máis e nada menos que 27 millóns de euros, ¡27 millóns! Agora que si, temos que dicilo con claridade, sen vinculación ningunha co sector extractivo; esta é a auténtica realidade. E tamén avanzaba, igual que avanzou vostede aquí esta mañá, que se apostaba por conseguir mellores condicións laborais, pola estabilidade e a calidade do emprego.

Pero vostede é que non está nada actualizado, vostede é que traballa pouco, señor Balseiro. Déase conta de que está en negociación un novo convenio colectivo que leva máis dun ano negociándose e facendo –como ben apuntaba aquí unha representante anterior– que os representantes sindicais se teñan que desprazar á capital do imperio, pois a patronal négase a que haxa un convenio galego cando a industria do noso país representa nada máis e nada menos que o 80 %, e a produción nada máis e nada menos que o 86 %. Convenio que saltou á opinión pública por querer pagar unha parte do salario en latas de conserva; ampliar a xornada laboral a sábados e domingos; por manter a discriminación laboral –que xa o apuntaron aquí anteriormente–, onde seguen cobrando bastante máis os homes que as mulleres; eliminar a antigüidade; impor a mobilidade funcional e xeográfica; ou cuestións tan esperpénticas como que os sábados, se se traballan máis horas que a partir das dúas da tarde, teñan un complemento salarial de 3 euros.

Polo tanto, señor Balseiro, menos literatura e máis baixar á realidade. E a realidade é que estamos ao final da lexislatura e a manifestación do sector deixou ben claro que vostedes xa non son interlocutores. Ao que ademais temos que sumar que, encima, dentro do sector existe unha sentenza da etiquetaxe do mexillón, totalmente clara, que pon en evidencia o fracaso das súas dúas lexislaturas diante da Consellería do Mar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: Polo tanto, señor Balseiro, ¡tarde piaches! Agora creo que deben vir outros que non se

sometan unicamente a unha parte do sector que aposta pola concentración, os baixos prezos e a precariedade laboral, e na que vostedes son o espello no que se miran continuamente. Polo tanto, señor Balseiro, non imos apoiar, para nada, esta iniciativa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Val.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, presidente. Moi bo día a todos e a todas.

Efectivamente, mentres estamos a debater esta iniciativa baleira de contido, 40 mulleres da Mariña están nun risco moi grave de perder o seu posto de traballo. E aquí as emotivas palabras do señor Balseiro non serven para nada máis que para iso; non serven para solucionar ningún dos problemas que eles teñen.

Efectivamente, hoxe nós non imos entrar nin tan sequera no fondo da cuestión neste Plan estratéxico. E non o imos facer porque, máis alá do posible interese que poidan amosar o señor Balseiro e o Partido Popular no sector da conserva en Galicia, o obxectivo final desta iniciativa nós coidamos que está máis que cumprido. E digo isto porque o obxectivo principal desta iniciativa, dende o seu rexistro no Parlamento de Galicia, non foi outro que servirle como excusa ao voceiro do Partido Popular para facer unha *tour-née* por distintas vilas galegas, afortunadamente ou casualmente gobernadas tamén polo Partido Popular –véxase o caso de Ribeira–, e unicamente autopromocionarse e ocupar un espazo mediático que, de terse feito ben as cousas, lle correspondería ao Goberno galego.

En definitiva, estamos diante dunha teatralización, dunha posta en escena de algo máis que evidente que vostedes xa teñen feito ou en estado moi avanzado. E isto é así porque, se non, alguén minte. Ou mente vostede, señor Balseiro, cando a menos de catro meses de finalizar esta lexislatura, e despois de sete anos de Goberno, vén ao Parlamento de Galicia cunha iniciativa para instar o Goberno a facer un documento que se chama Plan estratéxico da conserva, que se supón que é un documento extenso, longo e que levará o seu tempo facer. Ou mente o señor Feijóo, cando hai máis de seis meses, na Conferencia mundial do atún, dixo: A Xunta,

en breve, presentará o Plan estratéxico da conserva, que servirá para impulsar o sector. Polo tanto, alguén mente, señor Balseiro; ou mente vostede hoxe, ou mentía o señor Feijóo hai xa máis de seis meses.

De verdade que eu non sei como a vostede o seu grupo e o Goberno galego lle deixan traer iniciativas deste tipo ao Parlamento, porque o único que fan é evidenciar o pouco respecto que vostede lle ten a esta Cámara e aos cidadáns deste país. É máis, repasando a hemeroteca, un tamén pode encontrar entrevistas publicadas ao secretario xeral de Anfaco de hai xa máis de sete meses, onde di cousas tan significativas en canto a este plan estratéxico como as seguintes –voulle ler textualmente–: “Reunimos a todos os empresarios de Anfaco, recabamos o que querían e puxémolo á disposición da Xunta para desenvolver un plan estratéxico. Podo dicir que está practicamente finalizado. O último borrador chéganos na próxima semana, e esperemos que nun mes estea presentado”. Incluso cando lle preguntan por que aposta o plan, o secretario xeral de Anfaco contesta: “Por medidas de reforzo e consolidación das estruturas empresariais” –o que dixo vostede hoxe aquí–. “A maior partida para modernizar as instalacións con robótica, e igualmente buscarase dotar de chan industrial suficiente e a prezo competitivo”.

Despois de ler todo isto, señor Balseiro, ¿que pode opinar quen nos estea escoitando? ¿Que pode opinar quen estea escoitando que vostede hoxe, e o seu grupo, traen unha iniciativa ao Parlamento de Galicia cando é máis que evidente, polas informacións de que todos dispoñemos, que isto que está vostede facendo hoxe aquí xa está practicamente rematado? Polo tanto, o que cabe pensar é que isto é unha burla aos cidadáns deste país e unha burla ao Parlamento, ¡unha tomadura de pelo, señor Balseiro!

De verdade que é pouco serio, moi pouco serio, que hoxe traia vostede a debater esta iniciativa, coa lexislatura practicamente rematada, despois de sete anos de goberno, e despois de que desde o ano 2008 teñan vostedes redactado e consensuado un plan estratéxico da conserva elaborado polo anterior Goberno, polo Goberno bipartito. Efectivamente, non foron quen en sete anos de desenvolver ningunha das medidas e das propostas que se contemplaban nese plan, a pesar de ter vostedes fondos europeos para poder desenvolver as medidas. E non o fixeron xustamente porque era un plan estratéxico que non lle gustaba á patronal conserveira,

porque era un plan que pensaba nas persoas, un plan que pensaba nas pequenas empresas. E vostedes, como xa demostraron no debate da iniciativa de onte sobre o sector do mexillón en Galicia, defenden outros intereses que nada teñen que ver coas persoas e cos traballadores dunha industria que –como ben se dixo aquí– trata máis ben de escravizalos que de ofrecerlles un traballo digno.

Polo tanto, señor Balseiro, se vostedes e o Goberno de Galicia fosen eficientes e traballasen con dignidade, isto que vostede pide hoxe aquí estaría xa presentado, estaría posto en marcha e non estaríamos facendo esta pura teatralización á que nos ten vostede acostumados tantas veces.

Pola miña parte, máis nada, e dicirille que, loxicamente, non imos votar a favor desta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Val.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

A verdade é que oposición en tema de pesca neste Parlamento, para os que levamos algún tempo aquí, esta foi a mellor oposición que houbo, *(Risos.)* ¡a mellor! A mellor para o Grupo Parlamentario Popular, por desgraza, foi a peor oposición que houbo para os galegos e as galegas e para o sector pesqueiro en xeral. ¡Por desgraza, a peor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Aquí trátase, parece ser, de facer teatro. Algúns así consideran o Parlamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Outros non, outros témoslle máis respecto. Efectivamente, algúns dixeron o que fan practicamente aquí todos os días: teatro. Outros somos máis responsables e traemos propostas, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* gústelles ou non lles guste... *(Interrupcións.)* Xa están facendo teatro, señor presidente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: Xa están facendo teatro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: Nisto estamos ben por esta parte das bancadas. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Gústelle ou non lle guste á oposición. (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Non interrompan.

O señor BALSEIRO OROL: Si é certa unha cousa, e tamén lles digo que teñan clara unha cousa..., (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Non interrompan. Está no uso da palabra o señor Balseiro e hai que respectalo.

O señor BALSEIRO OROL: ...que co apoio de vostedes, ou sen o apoio de vostedes (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —e xa outra cousa non esperabamos de vostedes—, o plan vai saír adiante. (*Protestas.*) (*Interrupcións.*) Pero vai saír adiante porque hai un grupo responsable (*Aplausos.*) e hai un goberno... (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: ...que traballa polo interese xeral dos galegos e das galegas, e especialmente polo interese xeral —que non é pouco— de 12.000 persoas que viven da conserva, (*Interrupcións.*) que parece que vostedes se olvidaron diso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Se traemos un plan pechado ao Parlamento de Galicia, porque xa traemos un plan pechado (*Interrupcións.*) e non hai nada que debater. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se traemos un plan aberto para que vostedes poidan facer propostas (*Interrupcións.*), entón críticannos. (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: ¿Cal é o problema? Que vostedes non teñen propostas nin no pechado nin no aberto, ¡así lles vai! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Falaba o señor Rodas dos coches. Mire, poñelo a vostede por aí polos portos, eu non sei se vostede se sabe apartar dos coches, agora, é poñer ao grupo de vostede diante dos coches, constantemente, co que fai vostede por aí nos portos. Di que é a primeira viaxe de *tournee* que fago a Ribeira. Mire, (*Murmurios.*) fixen eu máis viaxes polas confrarías e polo sector pesqueiro (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) no primeiro mes desta lexislatura, que fixeron vostedes todos (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) no que vai de lexislatura. (*Aplausos.*) ¡Pero, señor Rodas! (*Aplausos.*)

Pero ademais non se preocupen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes non se preocupen que fun a Ribeira. Efectivamente, fun a Ribeira presentar o plan. (*Murmurios.*) E agora vou ir a outro sitio no que o sector da conserva tamén ten unha implantación grande, que é concretamente na zona do Salnés, e tamén lles (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) vou explicar cal é a súa posición.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio.

O señor BALSEIRO OROL: Vostedes o que non teñen é vergonza. Vostedes o que non teñen é vergonza, non teñen vergonza. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: A vostedes o que menos lles interesa é Galicia, a vostedes o que menos lles interesa é o sector pesqueiro e a vostedes o que lles interesa é teatralizar, como están facendo vostedes.

E dicía o señor representante de AGE...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...—remato, señor presidente— ... que non dicía nada, nada é o que leva dicindo vostedes do sector pesqueiro desde que empezou a lexislatura, e está acabando.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, silencio, por favor. Este é o Parlamento e hai (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) que respectar a quen está no uso da palabra, aunque non guste. Esta é a grandeza do Parlamento, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) saber escoitar e saber encaixar. É o Parlamento, é o Parlamento, señores.

Imos debater dúas proposicións acumuladas.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016

O señor PRESIDENTE: A estas proposicións non de lei o Grupo Parlamentario Mixto presentou cadansúa emenda co mesmo texto.

(O G.P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Mónica Fernández Rodríguez, a través da portavoz e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a emenda de adición á proposición non de lei do G.P. do BNG.

Emenda de adición.

Proponse engadir á parte resolutiva da proposición un novo punto co seguinte texto:

“Aumentar o investimento en I+D+I para acadar o propósito fixado pola UE para o ano 2020 do 3% do PIB.”)

O señor PRESIDENTE: Para defender a proposición non de lei, en primeiro lugar, ten a palabra o señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bos días, señoras e señores deputados.

Moi bos días, representantes do colectivo de investigadores que hoxe nos acompañan Ángeles Alvariño. Benvidos ao Parlamento galego e agardo que hoxe sexamos quen de chegar a un acordo para instar o Goberno galego a resolver unha inxusta exclusión. Unha inxusta exclusión dos plans de promoción da investigación de tres promocións de investigadores e investigadoras galegos; exclusión que obriga á emigración –se non se remedia– a tres promocións de investigadores que participaron no Programa Ángeles Alvariño; programa para ampliar a formación do persoal investigador doutor mediante un contrato de estancia de dous anos no estranxeiro e dun ano de retorno ao Sistema universitario galego.

Podemos facer algo de historia e dicir que o Goberno bipartito puxo en marcha o Plan galego de I+D+i 2006-2010, Plan Incite, con novas medidas para reforzar a investigación aumentando a incorporación de capital humano, reforzando as estruturas de investigación e potenciando a cooperación tecnolóxica. Medidas adoptadas que permitiron elevar o esforzo en I+D ata o 1,06 do PIB no ano 2009. Este plan 2006-2010 estaba pensado para establecer un itinerario co que poder desenvolver a carreira investigadora na Galiza para a promoción da investigación, promoción que incluía convocatorias de contratos predoutorais e dous tipos de contratos posdoutorais.

O primeiro deles, o Ángeles Alvariño, convocado nos anos 2007, 2008 e 2009, de tres anos de duración, como dixen antes, para a promoción da investigación e pensado para reter os investigadores e investigadoras galegos. Para xoves investigadores doutores con dous anos fóra de Galiza, investigando e formándose, e un ano de retorno á universidade galega. Programa Ángeles Alvariño, que, por certo, esta muller –nacida en Ferrol no ano 1916 e morta en 2005 en California, Estados Unidos– é unha das primeiras precursoras oceanográficas da investigación a nivel mundial.

En 1950 é a primeira muller no Instituto Oceanográfico Español, a primeira, porque antes tiñan vedadas as mulleres de poder estar aquí. A primeira muller a bordo dun barco de investigación en calidade científica, non galego nin español, británico, ou sexa, a nivel mundial. Traballou en España, México, Estados Unidos e morre en California, con 94 anos, e non tivo a oportunidade de volver á terra.

Descubriu 22 especies novas de organismos e dúas delas levan o apelido Alvariño por todo o mundo, deu nome a un buque oceanográfico, dá nome a este programa do que estamos a falar, de especialización de doutores e doutoras en organismos públicos ou privados de investigación na Galiza, un programa cuxo fin era reter o talento da investigación galega.

O segundo programa posdoutoral do Plan Incite eran os Parga Pondal, pensados para darlles continuidade aos contratos Ánxeles Alvariño, que eran estes de Parga Pondal a cinco anos. De 3+2, é un compromiso de estabilidade para a incorporación destes doutores con formación doutoral contrastada en organismos públicos de investigación. Os beneficiarios destas axudas deberían, e deben, someterse a un proceso de avaliación –o mesmo que os Ánxeles Alvariño– que certificara o cumprimento dos requisitos de calidade de produción e actividade científico-técnica que implique unha traxectoria profesional destacada.

Pois ben, lamentablemente, ano 2009, chegada do Goberno Feijóo, leva adiante o recorte orzamentario brutal, o maior recorte en I+D+i da historia da nosa autonomía. Nos primeiros catro anos o 25 % de recorte orzamentario, sen contar o non executado. Recorte que supuxo unha importante redución de número de científicos, en só tres anos máis de 1.300 investigadores menos no sistema investigador galego e a merma, desde logo, de oportunidades para o inicio ou promoción da carreira investigadora, o que obrigou a emigrar a moitos e moitas dos nosos científicos e científicas.

O presidente Feijóo –ausente, como de costume–, á parte de recortar os investimentos en investigación, tamén puxo en marcha un novo sistema, un Plan I2C de formación posdoutoral; débíalle molestar a muller investigadora importante galega Ánxeles Alvariño que pretende enterrar para sempre ata o seu nome, e agora chámalle un programa modalidade A.

Á parte disto, en lugar dos Parga Pondal, que garantían, dalgunha maneira, ata cinco anos máis de estabilidade, agora transfórmanos noutro que lle chaman modalidade B, con 20 axudas, e así dámonos conta da gran estima que o Partido Popular lle ten á investigación galega. En dúas palabras: supresión do Ánxeles Alvariño e do Parga Pondal, de cinco anos máis de estabilidade transfórmasse noutro que recorta, polo tanto renúnciase, na práctica, a unha carreira investigadora galega.

No presente mes de marzo, ao mesmo tempo que a Xunta anunciaba grandes fichaxes de investigadores no estranxeiro como se foran equipos de fútbol, ao mesmo tempo que anunciaba grandes investimentos, resulta que hai unha denuncia dos investigadores do Ánxeles Alvariño que están a denunciar a exclusión de tres promocións de investigadores. Na súa denuncia, este colectivo de investigadores, formados ao amparo dos contratos Ánxeles Alvariño, afirman que a súa exclusión supón *de facto* o fin das nosas carreiras científicas no Sistema universitario galego.

Din eles que se olvida a tres promocións de investigadores formados polo sistema público galego, acreditados e avaliados positivamente pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego, e esta exclusión supón, na práctica, a perda para a sociedade galega dos abundantes fondos públicos invertidos na nosa formación. Falan de 160.000 euros só no tema do Ánxeles Alvariño. Se contamos a súa carreira na universidade, son centos de miles de euros que se tiran polo río abaixo.

Esta é a sensación, hai que ter en conta que moitos destes investigadores que se encontraban fóra, diante das posibilidades destes programas, mesmo renunciaron ás famosas becas Fulbright, renunciaron a elas por vir a Galiza, e agora parece que Galiza lles dá coas portas nos fuciños a estes investigadores.

O BNG, dende logo, comparte a opinión deste grupo de investigadores e investigadoras por entender que Galiza, dende logo, non pode excluír, *de facto*, a tres promocións de investigadores, formados polo sistema público galego, da posibilidade de continuar coa súa actividade investigadora, nin debe consentir a perda dos fondos públicos investidos na súa formación.

O Grupo parlamentario do BNG, dende logo, entende que se deben promover axudas para que poidan participar

sen exclusión, e con base en criterios de calidade científica, e para non ter que obrigar á emigración os nosos investigadores e investigadoras. Consideramos que hai que aumentar o investimento en I+D+i, e por esta razón o BNG presentou neste Parlamento galego unha proposición non de lei que non é do BNG, que son as reclamacións destas tres promocións de investigadores que demandan cousas tan elementais como as seguintes:

En primeiro lugar, a convocatoria dun concurso público non excluente, competitivo, baseado en méritos e criterios de calidade investigadora, aberto a todos e a todas os investigadores posdoutorais, como ocorreu sempre ata este momento. Ben baixo unha mesma modalidade ou en diferentes modalidades, independentemente do plan polo que previamente foran contratados polo Sistema universitario galego.

Segunda petición dos investigadores, garantir a opción de continuidade do colectivo Ánxeles Alvariño na carreira investigadora no Sistema universitario galego para evitar enviar definitivamente á emigración a tres promocións no mellor momento da súa vida, formados internacionalmente e que Galiza debería botar man deles para empregalos no noso sistema de I+D+i.

E por último, garantir, dende logo, a igualdade de oportunidades de todos os investigadores á hora de poder continuar coa carreira investigadora e poder concorrer a convocatorias públicas de axuda, dende logo non excluíntes.

Remato dicindo que agardo o apoio de todos os grupos parlamentarios para reter o coñecemento galego, para apoiar o noso sistema de I+D+i, para apoiar a transferencia do coñecemento dende o sistema de investigación...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...ao sistema produtivo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías.

Quero tamén dar a benvinda aos investigadores que nos acompañan este día de hoxe aquí, e que nós, o Grupo Socialista, igual que o BNG, intentamos ser a súa voz ante a inxustiza que se está cometendo.

Ben, pero antes de falar deles, eu quería falar, enmarcar o problema na política de I+D+i do Goberno do presidente Feijóo. Porque o problema que están tendo estes investigadores se inscribe —é consecuencia directa— na política de I+D+i que se puxo en marcha no noso país en Galicia dende a chegada de Feijóo ao Goberno. Unha política de I+D baseada na publicidade e na propaganda, fundamentalmente, chea dunha retórica baleira —léase, se non, o Plan de investigación feito polo PP I2C, cheo de retórica baleira—. Unha política caracterizada pola precariedade, os recortes e a mala xestión, e ademais dirixida, fundamentalmente, con improvisacións que están dando o seu froito, no que imos ver agora mesmo.

Hai un abandono total de toda acción sólida, da acción razoable de investigación e innovación. Isto que estou dicindo agora compróbase moi facilmente, en primeiro lugar, vendo os presupostos, os orzamentos de I+D+i dende a chegada de Feijóo ao Goberno.

Un 25 % menos de orzamento en ciencia e innovación, significan 150 millóns menos globalmente, e ademais unha pésima execución destes presupostos, cuns 200 millóns sen gastar. Isto está pasando igual na I+D+i universitaria, de onde procede, de onde se inscribe, o problema que imos tratar.

A pesar de que o Sistema universitario de Galicia engloba o 61 % dos investigadores e o 80 % da investigación, está a sufrir uns recortes inadmisibles. Estamos a falar tan só duns orzamentos medios duns 45 millóns ao ano, tanto para investigación como para contratos de investigadores. Pero, señorías, entre o ano 2011 e o 2015 desta media de 45 millóns ao ano deixáronse de investir 60 millóns. Hai 12 millóns como media, anualmente, que non se invisten en I+D+i universitaria. Insisto, a que ten os maiores axentes de investigación do noso país.

¿Por que se fai isto? Porque os orzamentos non son reais. Faise dunha forma consciente, non porque os nosos investigadores non teñan a calidade suficiente para gañar todas as axudas para os grupos de investigación e os contratos. Faise de forma consciente para ter uns orzamentos que aparentan, pero que logo non son.

Pero quero comparar unha cousa, señorías. No plan anterior, no Incite, como dicía o señor voceiro do BNG, tan só en contratos de investigación se gastaban 44 millóns ao ano. Agora, unha media de 45 para investigación e para contratos.

Por iso a nosa porcentaxe de investimento en I+D+i en Galicia dende que chegou Feijóo descendeu de 1,04 % a 0,86 %; como ben di o meu compañeiro señor Losada, sempre a nivel de Turquía e de Ucraína, e nestas estamos co Partido Popular.

Pero, ademais de todo isto, quero tamén recalcar, como dicía antes, unha política de improvisación chea de sectarismo e de partidismo, por iso temos agora este problema. Unha política de improvisación que se pode ver tan só nos inicios do Partido Popular no Goberno e en materia de I+D+i.

Dous anos e medio, convocatoria de 2009, cando chegaron ao Goberno; 2010 e 2011, perdidos para o I+D, para investigación en Galicia; 2009, rebaixouse a convocatoria de prazas á metade do que era o ano anterior; 2010, tan só unha convocatoria posdoutoral de 15 prazas, cando anteriormente sobrepasaban as 50; 2011, xa nada. No 2011 non houbo nada de posdoutoral nin de fomento á investigación. Deron por terminada a política de investigación ese ano; dúas, polo menos dúas, promocións de licenciados, graduados e doutores que non tiveron que facer en Galicia, que non tiñan non unha praza, é que non tiñan nin unha oportunidade para presentarse.

No 2011 aprobaron un novo plan de investigación, porque remataba o plan anterior, como dicía o señor Pombo, o Incite. No 2011 crearon un novo plan, non fixeron ningunha convocatoria. Esa é a política de I+D do PP. Pero, ademais, aprobaron un novo plan, por certo rexeitado por todos os axentes de investigación e innovación deste país, e dende logo pola universidade, porque non se contempla a universidade, e ademais destrozaron o que fixera o plan anterior: a formalización dun itinerario, dunha carreira investigadora

dende os seus comezos, dende o comezo da tese doutoral ata a consolidación dos investigadores.

Un itinerario claro, onde cada investigador, unha vez sobrepasada unha etapa, sabía a que etapa e a que se podía presentar, se tiña os méritos suficientes, para continuar a súa carreira. Isto terminou co Partido Popular, e agora, a todo isto, unha desigualdade é a inxustiza, porque, como dicía ben o señor Pombo, o que estamos tendo entre as mans agora mesmo, o que están sufrindo os investigadores que tiveron un primeiro apoio, un primeiro contrato posdoutoral Ánxeles Alvariño –por certo, señor Pombo, polo que se ve a primeira ou unha das emigradas tamén grazas a unha inexistente política de investigación–, pois a estes investigadores que optaron e que tiveron este contrato no 2007, 2008 e 2009 ninguén lles deu ningunha oportunidade para seguir a súa carreira investigadora. Porque tan só houbo unha convocatoria de axuda da segunda fase posdoutoral Parga Pondal antes, agora modalidade B. Tardamos cinco anos en volver tela, no ano 2010 para 15 investigadores, e non de cinco anos, de tres.

Polo tanto, non houbo ningunha oportunidade para que os Ánxeles Alvariño do anterior programa continuaran a súa investigación. ¿Que fixeron? Unha boa parte fixeron o que está facendo a maior parte dos investigadores de Galicia: marchar. Unha fuga de cerebros como nunca se viu neste momento, marchar. Outros abandonaron e outros están aquí defendendo o seu dereito, e queremos ser a súa voz.

O dereito, señorías, non de ter unha praza sen máis, porque o que están pedindo os investigadores que tiveron unha praza ou un contrato Ánxeles Alvariño no 2007, 2008 e 2009 é que lles dean a oportunidade de optar a un contrato de investigación. É que non están pedindo unha praza de investigación, están pedindo que lles permitan optar, porque a convocatoria, que acaba de publicarse en marzo deste mesmo ano, impídelles presentarse. Porque a esa convocatoria, por certo, pequena e de poucos anos, a esa convocatoria tan só se poden presentar os que xa tiveron unha axuda posdoutoral dentro do plan de investigación do PP.

Señorías, é que estamos nesta. Resulta que se pecha unha convocatoria non para os que teñen máis méritos, senón para os que tiveron unha axuda dada polo PP, pola consellería do Partido Popular, co plan de investigación do Partido Popular.

Isto pode ter moitos nomes. Vostedes mesmos, que lles estou vendo a cara, están pensando nalgún. Porque resulta que se pecha unha convocatoria e isto supón o fin de, polo menos, 40 investigadores que teñen os méritos suficientes para presentarse a unha convocatoria posdoutoral en igualdade de condicións que os demais; para presentarse, insisto.

Están vostedes freando unha carreira coa carreira investigadora duns investigadores que, por unha parte, xustificaron e probaron a súa valía e, por outra, que o único que querían facer é ter a igualdade de condicións que os demais.

Por unha parte é unha política improvisada e mal feita, por outra, aquí eficiencia económica non hai ningunha, primeiro pagamos as súas becas, formámoslos, e cando teñen a posibilidade de continuar esa investigación, xa formados, os apartamos e os mandamos fóra. Mandámoslos fóra como cantidade impresionante de investigadores o están facendo, e como a redución de número de investigadores e profesores universitarios que a política de investigación do Partido Popular está causando.

Un 19 % menos de investigadores dende 2011, un 8 %, como mínimo, menos profesores universitarios dende o 2011. Señoritas e señores do Partido Popular, estas son as consecuencias da súa política de investigación. Polo menos, polo menos, xa non lles pido que a cambien, pídolles que non cometan unha inxustiza flagrante que pode ter xudicialmente outro nome.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

O tema que nos trae aquí hoxe é a máxima expresión das nulas intencións que ten o Goberno galego de consolidar aquelas carreiras científicas e de investigación –concretamente daquelas persoas que pertencen ás tres xeracións que

xa comentaron o compañeiro do BNG e a compañeira do PSOE– de Ánxeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009, que polo cambio de goberno e por mor dos recortes nunca tiveron a posibilidade de participar neste tipo de convocatorias en Galiza. En condicións normais si deberían ter accedido á posibilidade de competir por un contrato Parga Pondal ou equivalente, entendido como un contrato de continuidade e de retorno a Galiza.

Si dicir que a Xunta do Goberno do Partido Popular lanzou un novo plan que viña substituír o Incite do Bipartito, denominado Plan galego de investigación, innovación e crecemento, I2C, de catro anos de duración. É dicir, que todavía reducían un ano e debían lanzarse os contratos posdoutorais para os novos e novas investigadoras, como recollía o plan anterior.

A primeira convocatoria dos contratos posdoutorais de segundo nivel, que se vén de publicar no pasado mes de marzo, cun atraso de varios anos, só permite concorrer ás investigadoras e investigadores que acaban de rematar o contrato posdoutoral 1 lanzado pola Xunta do Goberno do PP, e deixan fóra intencionadamente esta xeración Ánxeles Alvariño dos anos xa mencionados.

Si volvo incidir que isto supón o fin das carreiras de investigación do Sistema universitario galego e esquece estas promocións, en concreto, que foron formadas polo sistema público galego. Esta exclusión supón unha perda para a sociedade dos abundantes fondos públicos investidos na súa formación.

Non podemos permitir negarlle a esta xente as mesmas oportunidades. Moitas veces falamos de fichaxes estrela, mais esquecemos e menosprezamos os propios e as propias investigadoras galegas, condenámoslos a facer a maleta e a buscarse a vida no estranxeiro para poder continuar coa súa carreira de investigación. Parece ser que moitas veces os méritos sempre veñen dados cando un traballa fóra, aquí nunca se visibilizan. Falar desta visibilización que a pesar dos méritos que si ten a investigación galega practicamente son descoñecidos, temos moitos problemas de fondo, como un deles é a comunicación.

Dicir que Galiza queda por detrás doutras comunidades do estado en I+D como Madrid, Cataluña, Andalucía, Eus-

kadi, Valencia e Castela-León. Sobre todo, hai unha marcada diferenza con respecto a Euskadi, onde este país dedica o 2,03 do PIB. Aquí témonos que remontar ao ano 2004, cun 0,86, para atopar unha taxa similar de investimento.

Chama a atención a menor participación das administracións públicas fronte a unha maior implicación das universidades no ensino superior, aínda que cada vez a capacidade económica é menor. A aportación pública á I+D galega oscilou neste período entre un 10 % e un 15 %, fronte á media estatal dun 17 % e dun 20 %. E as entidades vinculadas ao ensino superior alcanzaron unha porcentaxe de en torno ao 40 %, incluso cun bo promedio.

O obxectivo da Unión Europea para o ano 2020 está en establecer un investimento do I+D sobre un 3 % do PIB, nunha porcentaxe que xa superaron amplamente países como Finlandia, Dinamarca e Suecia. No Estado español o investimento supuxo o 1,24 do PIB, moi lonxe da porcentaxe que nos recomenda Europa, e en Galiza esta brecha é todavía maior, porque nin sequera chegamos ao 1 %.

Si dicir, curiosamente, que os gobernos do PP alentan outro tipo de investigacións, incluso nin se teñen en conta as características económicas e sociais que temos, sendo o Estado español o estado, xunto con Estados Unidos, que máis inviste en I+D en armamento ou investigación militar. Mais, curiosamente, é un dos países que menos inviste en I+D básica.

Dende a Comisión Europea calcúlase que cada euro investido en investigación na Unión Europea xera un aumento de valor engadido; por exemplo, en caso industrial case se duplica o investimento feito en beneficio e en postos de traballo.

Se no 2020 dedicamos este 3 % do PIB recomendado, poderíamos crear en torno a máis de 3 millóns de postos de traballo. Entre o 2008 ao 2013 o investimento en I+D descendeu 115 millóns de euros en Galiza, case un 20 %, pasando de representar o 4 % do total estatal a ser un 3,6 %. Dos 6.600 investigadores e investigadoras en 2010 que traballaban en Galiza, pasamos a un número de 5.397 tres anos máis tarde, é dicir, que descendemos máis dun 20 %.

A consecuencia é que Galiza dedica a I+D+i arredor dun 0,9 do seu PIB, moi lonxe da media española 1,3, e todavía

moito máis lonxe dos obxectivos que estaban propostos no famoso Plan IC2 da Xunta, que era chegar ao 2 % deste PIB.

Evidentemente, sigo a apoiar as dúas iniciativas, tanto do BNG como do PSOE, cos puntos que recolle, máis engado que por cuestións administrativas si tiven que facer dúas separadamente, chegar ao 2020 co 3 % do PIB, porque considero que para ter un país forte debemos ter unha investigación forte.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Un país que deixa marchar, ou expulsa, como é o caso, a investigadores con experiencia, formados con recursos públicos, en plena madurez investigadora, na fase na que maior retorno social poden ofrecer, é un país suicida. Cerceñar a carreira investigadora do grupo de investigadores Ánxeles Alvariño, excluíndoos das axudas convocadas, unhas axudas xa de por si escasas, desprezando o seu traballo, a súa bagaxe, é un luxo que como pobo non nos podemos permitir.

Liquidar tres promocións de investigadores, impedindo que accedan en concorrencia competitiva –non piden que se lles dea nada– ás axudas xa febles convocadas polo Goberno galego, é un insulto á intelixencia colectiva do noso pobo, un insulto que non podemos permitir que aconteza.

Señores do Partido Popular, o Goberno galego levou á quebra o sistema investigador galego, así de claro e así de rotundo. Quebrou o circuito, recortou as axudas predoutorais e recortou as axudas posdoutorais. Bloqueou o Sistema universitario investigador nas súas dúas fases, pre e posdoutorais.

Eliminou as dúas condicións fundamentais para apostar por un sistema investigador, que son a continuidade e a estabilidade. Calquera país que seriamente, ou de xeito serio, quere apostar e dar pulo ao investigador teno que facer de

xeito sostido no tempo e de xeito estable, para que isto dea os seus resultados. Interromper o sistema investigador, quebrar nun momento de crise, ademais como o que estamos, supón asumir unhas consecuencias, dende logo, inaceptables para o noso pobo, para o noso país de futuro. Racharon co noso sistema investigador.

Voulles falar dos indicadores do sistema español de ciencia e tecnoloxía: o Observatorio Español da Innovación e do Coñecemento, polo tanto, datos oficiais, non especulo. A caída do gasto en I+D+i en Galicia foi do 20 % nos últimos cinco anos. Galicia perdeu 116 millóns de euros en investimento en investigación. Galicia pasou do 1,04 % de gasto en investigación en porcentaxe PIB ao 0,84; nese mesmo período a media europea é do 1,74, a media en Francia é de 2,15, a media en Alemaña do 2,4.

Todos os países da nosa contorna cos que o Goberno galego normalmente, habitualmente, di que estamos en competencia, cos que competimos, incrementaron o seu gasto en investigación, agás nós, ese é o noso modelo de competitividade, competitividade marca Núñez Feijóo.

Perdemos dende o ano 2010 1.423 investigadores, insisto, datos do Observatorio Español de Investigación; 1.423 investigadores que deixaron a súa carreira investigadora para traballar noutro eido ou que, directamente, emigraron do noso país.

Temos un 4,4 % de persoal investigador fronte ao 8,9 % de porcentaxe media en Europa, non chegamos nin á metade de porcentaxe de persoal investigador.

O gasto por habitante en innovación pasou de 363 euros por habitante a 175 en cinco anos, menos da metade, unha redución de 182 euros por habitante en gasto de I+D+i. ¿Pode resistir este pobo semellante ataque? Dende logo, eu creo que non, que nos deixan sen futuro, deixan o noso país sen futuro.

E, ¿cales son as consecuencias deste modelo, do modelo PP? PP digo público-privado, porque é o modelo de investigación polo que apostan. Dende o ano 2009 perdemos 8.000 empresas de alta e media tecnoloxía, 8.000 empresas que desapareceron do noso país. Perdemos 100.000 empregos no sector da alta e da media tecnoloxía,

estes dous últimos datos son do IGE, polo tanto, tamén, datos oficiais. Arrasaron co feble tecido investigador do noso país, arrasaron co xa feble tecido investigador do noso país, e iso ten unhas consecuencias para o futuro e inmediatas sobre o emprego; as taxas de paro, como saben, no noso país son absolutamente inasumibles.

E non teñen ningún tipo de rubor en plenas campañas electorais, sobre todo cando se achegan as datas das convocatorias, dicir que a grande aposta do Goberno do Partido Popular é a investigación en Galicia. Iso é insultar a cidadanía e, por suposto, insultar os investigadores, que saben perfectamente as dificultades polas que atravesan.

Polo tanto, nós apoiamos esta iniciativa, apoiamos esta iniciativa porque con ela non só se apoia un grupo de investigadores, como son o grupo de investigadores Ánxeles Alvariño, senón porque é unha chamada de atención, un sinal de alarma, quizais definitivo, do que está acontecer co noso tecido investigador.

Vostedes teñen un modelo propio de investigador, dicíalle o modelo PP, é o modelo que vostedes están a defender, a implantar en Rozas. Si, un modelo segundo o cal lle dan 20 millóns de euros a Indra, a empresa da Púnica, a empresa que ten unha débeda de 700 millóns de euros, a empresa que despediu a 2.000 traballadores, a empresa que viu caído o seu valor accionarial un 50 % nos últimos anos, a empresa que despediu a traballadores e que, polo tanto, non vai xerar emprego en Galicia; pois a esa empresa entréganlle 20 millóns de euros nun proxecto de investigación público-privado para fabricar drones, drones que non vai fabricar, porque Indra non fabrica drones, ensambla sistemas.

E enganar a cidadanía e tómanlle o pelo ao sector investigador, porque as empresas galegas que se dedican a innovación nese sector, no sector da aeronáutica, foron desterradas e non puideron acceder, por suposto, a eses contratos.

Vostedes levan á ruína o noso país. Polo tanto, apoiem esta iniciativa se lles queda un mínimo de decencia, apoiem os investigadores do noso país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Tamén saúdos ás persoas que seguen o debate hoxe desde a tribuna pertencentes á convocatoria do Incite e Ánxeles Alvariño, benvidos ao debate.

Señorías, hoxe aquí o que vimos é outra vez utilizar unha parte dun plan de investigación para facer unha causa xeral contra a política de investigación da Xunta de Galicia, e xa que nos metemos en causas xerais, pois iniciemos tamén a nosa causa xeral antes de entrar no concreto desta proposición non de lei.

A Xunta de Galicia aposta decididamente, e vouno demostrar, decididamente, pola investigación, polo desenvolvemento e pola innovación tecnolóxica en Galicia. De feito, na época de Goberno Feijóo, dúas lexislaturas, foi na época na que máis investigadores consolidou o Sistema universitario de Galicia, a que máis datos –datos, non vale brahear–, datos, veña aquí e aporte datos, eu estou farto de aportar datos nas comisións e no pleno, e é exactamente igual que mazar en ferro frío, porque veñen aquí e repiten sempre os mesmos argumentos e non contradín un só dato dos que se aportan; cifras macro, pero nunca concretas, aporten datos.

O mesmo número de investigadores no 2008, mesmo número de investigadores que hoxe, 2016. Contradigan o dato, mesmo número de investigadores, non hai máis; 600 grupos de investigación tiñan vostedes no sistema universitario propio, 100 soamente clasificados como de referencia competitiva. Hoxe hai menos grupos de investigación, si, 250 de referencia competitiva, saian á tribuna e digan que os datos non son certos, saian e díganos. Hoxe 404 investigadores só a conta dos orzamentos da Xunta de Galicia, fóra do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia, saian aquí e digan que non; co Plan I2C feito por este Goberno, non polo Partido Popular, polo Goberno de Galicia –que lexitimamente gañou as eleccións, exactamente igual que o Goberno de 2005 a 2009–, que non é o Plan Incite, non é o plan do PSOE, supoño, será o plan daquel goberno que gañou unha presidencia pola forma democrática, que estimou máis oportuna, despois de perder as eleccións.

O Plan I2C, saian e digan o contrario, 311 contratos da etapa posdoutoral, digan que non, financiados ao cento por cento pola Xunta de Galicia. Convocatoria de 2016, 8,7 millóns de euros para consolidar e dar continuidade e estabilidade aos investigadores no Sistema universitario de Galicia; 75 novos contratos que van facer un total de 207 posdoutorais, activos, saian e digan o contrario, e engadimos 247 contratos formalizados, predoutorais, saian e digan o contrario, e 60 estabilizados, saian e digan o contrario, aporten datos.

E agora entramos nos Ánxeles Alvariño, que merecen o respecto de todos nós, merecen o respecto de todos nós. Señorías, nin o propio plan nin as convocatorias posteriores contemplaban ningunha ampliación de axuda pública para este plan. Saian e digan o contrario. Cando di aquí algunha voceira de dar coas portas nos fociños, ou algún voceiro, coas portas nos fociños quen lles deron foron os que desenvolveron un plan e plasmaron nun papel sen contemplar o que agora veñen reclamar aquí. Queren que o fagamos nós, pero miren, sen embargo para os María Barbeito e os Parga Pondal si que deseñaron vostedes unha continuidade e unha consolidación, ¿por que nos Ánxeles Alvariño non? Saian e respondan.

Miren, eu non vou entrar máis en debates que realmente conducen a pouca claridade. Todos os Ánxeles Alvariño, todos, puideron ampliar un ano máis a súa estancia no sistema de investigación universitaria. No 2012 houbo unha convocatoria, unha convocatoria específica, pechada só para eles, unicamente, non puido concorrer ningún outro, de ningún outro plan nin recén doutorados, ningún máis, soamente eles, e tiveron 25 prazas de axudas e só se presentaron 17. No 2013 volveron ter outra, esta era para os do 2008, para os do 2007 e 2009 tiveron outra convocatoria en 2013, convocáronse 50 prazas, presentáronse 27, aprobáronse todas as que se solicitaron, tanto para as do 2012 como para as do 2013, todas as que se solicitaron, e 12 destas últimas abandonaron porque encontraron outras opcións mellores. Quedaron en total 30 deste Plan Ánxeles Alvariño; esa é a realidade que temos hoxe enriba da mesa, e se non é así, pois saian aquí e digan o contrario, 75 prazas ofertadas, 44 solicitadas, 44 concedidas. Esa é a realidade.

E como resumo, señoría, non quero que se malinterprete absolutamente nada do que dixen eu nin do que vou dicir agora, creo que recibiron unha moi boa formación que lles

permite estar coa calidade necesaria para competir noutros plans de ámbito nacional, superior ou sénior. Cremos que é posible coa formación que recibiron no sistema público de Galicia que cumpran parte daquelas expectativas que se xeraban no propio Incite, que era participar na investigación pública e no sector privado dos grupos de investigación privada, que era o que reflectía o Incite. En calquera caso, o que si non parecería lóxico é que, garantindo a igualdade de oportunidades que ten que garantir toda a administración en todo momento, se abran as novas convocatorias a xente que ten persoas investigadoras, que teñen un amplo currículo e que serían, desde logo, inxustos os baremos para os novos, cousa que tampouco fixeron vostedes no seu plan, porque se é unha traba para que se incorpore nova xente ao sistema investigador de Galicia, iso é así, e se están vostedes en contra diso saian e dígano, que tamén diremos nós que están vostedes en contra de que se sigan incorporando persoas novas con todas as oportunidades que teñen e que merecen ao sistema investigador de Galicia.

E, desde aquí, o único que queremos dicir é que esperamos que tanto os Ánxeles Alvariño, como os pertencentes a outros programas, como os que desenvolven a súa actividade investigadora nos plans de Galicia, encontren o seu posto de traballo, encontren o seu posto para investigar e continuar a desenvolver, incluso, a súa propia liña estratéxica, que hai oportunidades para facelo.

E antes de rematar, quero darlle un dato, señora Burgo. Fala vostede de cousas que non son certas. Cando fala vostede dos números de orzamentos, diga vostede canto foi o máis que investiu nun ano ou no cómputo total en investigación universitaria o seu Goberno, e mire a ver se o ano 2007, que foi o que máis dedicaron, que foron 14,4 millóns de euros, se parecen algo aos 24,6 do 2014...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...ou se en 2006-2008, que investiron –non gastaron, como dixo vostede varias veces– 34,35 millóns de euros, polos 51,3 do 2012-2014 –remato, señor presidente–. E para este ano, 50 millóns de euros en investigación I+D nos orzamentos do Plan de financiamento universitario, á parte dos convenios que firme ex financiamento a Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

Réplica, señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio dos grupos parlamentarios que manifestaron o apoio a esta iniciativa.

En segundo lugar, vou aceptar a emenda de engádegas do Grupo Mixto para aumentar o investimento en I+D+i a un 3 % do PIB no horizonte do ano 2020, porque o BNG, dende logo, acredita en que a mellor investimento en I+D, a maior cualificación do persoal –que asimila os resultados de investigación nas aulas universitarias–, maior desenvolvemento socioeconómico do noso país.

Dicir que nós imos apoiar a proposición non de lei do Grupo Socialista, porque é xusta reclamación do equipo de investigadores Ánxeles Alvariño.

O Grupo Parlamentario do BNG xa en 2009, cando tivo responsabilidades de Goberno, apostou por definir unha carreira científica, pola formación pola que foi recoñecida Galiza naquel intre como a Comunidade Autónoma que máis e mellor apostou polo persoal investigador.

Apostaba por investigadores que participasen na investigación europea e mundial, máis por reter o talento e traelos para a súa terra. Tamén pola vía de promover o programa Ánxeles Alvariño.

Lamentar que o Partido Popular non apoie as xustas reclamacións do colectivo de investigadores, apoiado, por certo, non só por este grupo parlamentario, senón polas tres universidades que hai neste momento no sistema universitario galego. Non reclaman prebendas nin novas prazas, e a única inxustiza, señor Fariñas, que coñecemos –neste momento neste debate– é que hai unha orde de axudas que exclúe taxativamente uns investigadores que, por certo, poden ir a Portugal, poden ir a Flandes ou poden ir a Bélxica, que de boa gaña os van aproveitar, en lugar de aproveitálos na nosa terra.

Para o BNG, dende logo, Galicia non pode perder estas tres xeracións de investigadores despois do investimento

feito neles, no momento máis produtivo e cunha avaliación positiva. Todos os países de Europa invisten máis en investigación. Alemaña pasou dun 2 % a un 2,5 %, logo un 2,8 % e camiña cara o 3 %. Nós empezamos no 1,06 %, estamos no 0,84 % e camiñamos cara abaixo.

Para o BNG, debemos apostar por implementar, porque aquí nos Ánxeles Alvariño temos potencial e temos a can-teira que Galicia necesita; porque o sector leiteiro, o sector forestal, o sector naval, a automoción, a aeronáutica..., están reclamando máis recoñecemento para os investigadores, potenciar os nosos sectores produtivos, potenciar a creación de riqueza, potenciar o noso desenvolvemento socioeconómico e a nosa saúde.

O BNG, dende logo, apoiará sempre o talento e a investigación galega, apoiará aproveitamento no noso país, e agardo que todos os grupos parlamentarios alternativos a este Goberno, que se nega a unha cousa tan xusta, manteñan a súa aposta hoxe e sempre.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Réplica, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero dar as grazas a todos os grupos que apoian esta iniciativa, por suposto nós tamén imos aceptar a emenda do Grupo Mixto, porque nos gustaría que fora certo que se poida chegar ao 3 %. E apoiamos, por suposto, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Señor Fariñas, creo que ten vostede que darse –como dicía o señor Pombo– unha voltiña polas universidades, porque creo que vostede non está ao tanto –non ten por que estalo– do que está pasando nas universidades, dos problemas que están a producirse nas universidades.

Mire, non vou entrar con vostede nunha guerra de cifras, pero si que quero dicirlle unha cousa, ¡eh! Soamente entre o 2007 e o 2008 o anterior Goberno deu máis de 600 contratos de investigadores. Vostede fala de 311. Vostedes non deron ningún, ningún, nin en 2010, nin en 2011.

En segundo lugar, o anterior Plan de investigación, o Incite, si que daba unha nova fase, unha nova etapa, para os Ánxeles Alvariño, Parga Pondal chamábanse, cinco anos: tres iniciais e prórroga de dous; cinco anos.

Si que os daba. Saían ao ano en torno a 59 prazas. Non me pode dicir vostede que non había unha saída, non unha saída, senón unha continuidade na investigación dos que tiñan Ánxeles Alvariño.

Esa continuidade freárona vostedes, non a deron, non houbo esa convocatoria, e pensaron que tapaban a boca aos Ánxeles Alvariño dando un ano fronte aos cinco aos que lles correspondía optar, non ter, senón optar a telos. E vostedes non a deron.

Vostedes, por partidismo, frearon toda a consolidación destes investigadores, e agora pretenden facer unha convocatoria que tan só poden permitirse, poden optar, os investigadores que tiveron unha axuda posdoutoral dada por este Goberno do Partido Popular.

Esa é a realidade do que vostedes están facendo. Sabe vostede, como sabe o Goberno, que é unha inxustiza notable, que conculca o dereito de igualdade de oportunidades. E por iso non pedimos que poidan participar na convocatoria que xa está publicada, senón que se faga outra convocatoria aberta a todo o mundo, a eles e aos demais.

¿Sabe? Porque aquí non estamos intentando facer como vostedes fan, unha convocatoria partidista, inxusta e que quere frear –¡sabe Deus por que motivos!– a carreira investigadora duns investigadores, que xa demostraron a súa valía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...da que vostedes parecen dudar, polas súas palabras, pero que xa o demostraron aquí e fóra, e que poden demostralo en calquera sitio.

Pero insisto, non están pedindo unha praza, están pedindo unha oportunidade.

Pero, ¿sabe que pasa, señor Fariñas? Que vostedes non cren, nin nunca creron, na política de investigación e desenvolvemento.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: –Remato–. Vostedes soamente cren nun modelo económico, que agora se chama de devaluación interna; un modelo económico baseado en salarios baixos, baseado en baixa cualificación, que xa se sabe que está dando uns pésimos resultados, pero, claro, con salarios baixos e baixa cualificación é máis fácil dominar a xente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar as perdas ocasionadas polos asolagamentos padecidos os días 29, 30 e 31 de marzo de 2016 en diversos concellos de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada M^a Soledad Soneira Tajés, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

“Emenda de adición dun novo punto 3. bis)

3.bis. A completar o mapa de xestión de riscos de inundacións do conxunto do territorio galego como instrumento fundamental para a prevención e deseño de infraestruturas e medidas que impidan ou palien, na medida do posible, o risco previsible de inundacións.

Emenda de adición dun novo punto 3. ter)

3.ter. A deseñar, con carácter de urxencia, plans e actuacións nas zonas da conca Galicia Costa identificadas como de risco de inundación. Estas actuacións deben ser deseñadas en colaboración cos concellos afectados e coas deputacións correspondentes.

Emenda de adición dun novo punto 3. quater)

3.quater. A deseñar instrumentos permanentes, dotados de medios materiais e persoais, que permitan manter limpos e libres de obstáculos as cuncas fluviais en zonas cualificadas como alto risco de inundación, así como actuar sobre calquera outra incidencia que contribúa a acentuar; ou provocar, inundacións en puntos concretos do territorio.”)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. -Establecer, no seu caso, convenios coas deputacións provinciais para a reparación dos danos causados nas infraestruturas públicas e para o restablecemento dos servizos públicos nos concellos afectados polas inundacións dos días 29 a 31 de marzo de 2016.

2. -Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de que se aproben axudas e créditos extraordinarios para compensar ás persoas, empresas e entidades afectadas polas inundacións, concedendo aprazamentos e/ou condonacións no pagamento de tributos estatais, cotizacións sociais, así como o establecemento de liñas de crédito prioritarias con aval público para relanzar a actividade económica.”)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día a todos e a todas.

Hoxe o Grupo Parlamentario do BNG defende, a través desta iniciativa, catro puntos para darlles apoio ante as perdas que sufriron moitas persoas do noso país despois das inundacións que sucederon a finais do pasado mes de marzo.

Concretamente, nestes catro puntos o que estamos solicitando é instar a Xunta de Galiza a: primeiro, que aprrobe axudas específicas para reparar esas inundacións, tanto para danos persoais e patrimoniais, como para danos en bens vinculados ás actividades económicas, singularmente no comercio, no ámbito turístico ou o lucro cesante por mor da paralización de actividade durante o período de reparación.

Que aprrobe axudas ás entidades locais e aos concellos polas perdas sufridas despois destes asolagamentos –tanto as infraestruturas locais como os equipamentos– para poder axilizar a súa recuperación.

Que se establezan convenios coas administracións ou entidades públicas para a reparación dos danos causados, e tamén que se dirixa ao Goberno do Estado para que se aproben axudas e créditos extraordinarios para compensar as persoas, empresas ou entidades afectadas polas inundacións, concedendo, ademais, aprazamentos ou condonacións no pagamento de tributos estatais, cotizacións sociais, así como liñas de crédito prioritarias, con aval público para relanzar a actividade económica.

Facémolo porque entendemos que aínda que estas inundacións estiveron localizadas nunha serie de concellos, como o concello de Carballo, Ponteceso, Cambre, Oleiros ou Sada, é certo que estas inundacións, sobre todo nalgúns destes concellos, tiveron un impacto moi importante, tanto no que se refire a bens patrimoniais por danos en vehículos, por danos en casas, como tamén na propia actividade comercial.

De feito, visitando Sada uns días despois, era notable como na rúa na que houbo un maior impacto das inundacións a maior parte dos comercios estaban pechados, e non só estaban pechados por reparacións, senón que mesmo sabemos que algúns destes comercios xa decidiron non abrir, porque non eran capaces de asumir o custo desa actividade, e que había auténticos dramas humanos detrás desas verxas pechadas de moitas persoas que fixeron investimentos importantes para levantar un comercio e logo vían como a auga levou por diante todas as esperanzas, todo o traballo e todos os soños que tiñan depositados neses concellos.

Polo tanto, nós non entendemos como a estas alturas a Xunta de Galiza non actuou neste ámbito e está mirando para outro lado, e mesmo a emenda do Partido Popular, se

mo permiten, me parece que é a mellor declaración de que a Xunta non ten interese por facer nada, e segue con esa política de brazos cruzados ante os problemas do país; dá igual que se trate de axudas por asolagamentos, dá igual que se trate do sector lácteo ou do sector pesqueiro.

A Xunta nunca ten responsabilidade de nada, e é máis, cando neste Parlamento se di que teñen que arbitrar axudas ante os danos causados por inundacións, din que o fagan outros, porque iso é basicamente o que vén dicirnos a emenda do Partido Popular, e nós temos que dicir que isto non nos parece de recibo. Igual que non nos parece de recibo que durante todo este tempo o señor Núñez Feijóo non tivera tempo, non atopara un minuto na súa apertada axenda, para visitar as zonas afectadas, para escoitar de primeira man que é o que está pasando e, sobre todo, poñerse á disposición dos galegos e das galegas afectados por estas inundacións para escoitalos, para escoitar as súas emendas e para axudar nun momento difícil; porque o que para moitos pode parecer unha tontería, para a vida de moitas persoas pode ser determinante, porque detrás de cousas que nos poden parecer que non teñen tanto impacto, si o hai.

Hai persoas que ao mellor perderon un vehículo que estaba adaptado, porque teñen persoas con discapacidade na súa casa, e ninguén lles cobre ese custo. ¿E cal é o custo que ten para esa persoa que non se poida mover da súa casa porque perdeu ese vehículo adaptado?

Bueno, pois nós pensamos que estas son as historias que tiña que escoitar o señor Núñez Feijóo, e estas son as responsabilidades tamén que este Goberno debería de asumir.

Dende logo, non entendemos como o Partido Popular solicitaba axudas cando estaba na oposición, ou mesmo como ante outro tipo de danos de características moi similares, ás que hoxe estamos falando, a Xunta de Galiza si que aprobou axudas específicas e no caso destas inundacións, nin están, nin se lles esperan, á vista da emenda que presenta o Partido Popular.

Nós temos moi claro que estamos ante un problema no que hai causas tamén diversas, é evidente que hai un problema que ten unha difícil solución neste momento. E no caso de Carballo e no caso de Sada, sobre todo o urbanismo que se fixo durante os anos setenta e oitenta provocou

que se foran invadindo con vivendas as zonas de inundacións dos ríos e que hoxe haxa un problema de difícil solución. Mais tamén está claro que no caso concreto de Sada a Xunta de Galiza non preveu ben o risco que había nese ámbito, e neste momento a nós tamén nos parece que é sensato que se reconfigure e que se revise ese mapa de inundacións.

E, sobre todo, que a Xunta de Galiza ten que executar as medidas que están contidas para a prevención de riscos, porque mesmo vemos como aí se aproban plans, se fan unhas previsións para eliminación de obstáculos nos ríos e despois non se está actuando neste ámbito. Igual que a Xunta non está actuando nin está exercendo as súas competencias en materia de Augas de Galiza no que se refire á limpeza de ríos. Son os concellos os que están limpando os ríos neste momento, mentres a Xunta de Galiza o único que fai é dar autorización. Polo tanto, hai deficiencias importantes neste ámbito que deberían de ser corrixidas.

Nós hoxe, con esta iniciativa, queremos chamar a atención, primeiro, sobre o feito de que a Xunta de Galiza estea mirando para outro lado ante o problema que segue existindo neses concellos, por moito que a vida fora volvendo á súa normalidade; que hai unhas perdas que deberían de compensarse, e sobre todo no que se refire ao ámbito do sector do comercio. Hai un sector xa moi afectado pola crise e para esas persoas que tiveron que ter as reixas do seu negocio pechadas, ou que botaron o peche definitivo, isto significa un problema importante.

Cremos que, ademais, debería de actuarse e modificarse o actual mapa de riscos que ten a Xunta de Galiza e executar con rapidez as obras que están previstas. E que, polo tanto, debería de haber resposta ante este tipo de cuestións, que son nas que un goberno debería de estar primeiro ao lado da xente e non despreocuparse, como fixo o Goberno do señor Feijóo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Evidentemente, nós imos apoiar esta iniciativa. Ten que ver con outra que xa nós presentamos polas inundacións que se produciron xa no mes de xaneiro. Porque, por desgraza, levamos..., de feito os últimos datos feitos públicos por Meteogalicia dinnos que leva chovido máis nestes meses de 2016 que en todo o 2015, e iso de maneira continuada. E curiosamente case todos os episodios de inundacións se producen nos mesmos sitios, e dá a impresión de que aquí ningún planifica as infraestruturas, na medida do posible, sendo conscientes de que estes episodios non sempre se poden prever. Pero parece razoable que se en Caldas, en Ponteceso ou en Neda se producen cada vez que hai episodios de fortes precipitacións inundacións en puntos concretos, haberá que buscar unha solución, porque iso se reproduce continuamente. E calquera que lle dedique un mínimo de atención a isto, e o busque nas hemerotecas, verá que cando temos fronte especialmente virulentas no climatolóxico en determinados puntos de Galicia sempre hai problemas.

Evidentemente, tamén constatamos que desde que o señor Núñez Feijóo goberna pois estas preocupacións parece que son menores, e contrastan moito coas que tiña cando estaba na oposición, onde incluso pedía dimisións. Claro, aquí moitas veces se nos di que hai unha postura na oposición e outra cando se goberna; evidentemente, analizando este tema dá a sensación de que se refiren ao presidente da Xunta.

Nós presentamos unha emenda con tres apartados no punto tres, que é onde se lle poñen deberes á Xunta de Galicia. Porque eu concordo coa señora Pontón, vir aquí e dicir: oia, isto que o arranxe o Estado ou que o arranxen as deputacións. As deputacións agora porque as gobernan outros, que se as gobernarán eles seguro que sacaban desta emenda as deputacións e deixaban o que veña de fóra.

¿Nós que dicimos? Dicimos que necesitamos o mapa completo de puntos inundables e onde se producen historicamente inundacións en Galicia, e hai que facelo incluso naqueles sitios onde non temos competencia nas conca hidrográficas. É dicir, aquí tense anunciado as da conca Galicia-Costa, pero resulta que as outras non, pero, sen embargo, nesas si é competencia nosa, e desde o punto de vista medioambiental, desde o punto de vista de protección civil, dos servizos de emerxencia, etc., etc., etc.

Os danos que dicía a señora Pontón son moito máis graves, porque en sectores primarios os aportes de auga doce que teñen chegado ás rías van significar, en termos económicos, cuantiosas perdas para as nosas mariscadoras, sen falar doutras actividades pesqueiras. ¿Por que? Porque empiricamente está demostrado que cando os aportes pasan de determinado nivel baixa a salinidade das augas, morre cría, morren adultos reprodutores. E en ocasións bancos marisqueiros ao completo pérdense, non para ese ano, senón incluso para o seguinte, porque dependendo da época do ano morren os reprodutores e, polo tanto, non hai despois reboación ao ano seguinte.

Pero o mesmo podemos dicir do campo, onde estamos tendo problemas co silo, por exemplo, de determinadas zonas de herba, que é fundamental. Canto máis se atrase máis se atrasará a semente de millo de silo tamén, e iso significa cantidades astronómicas de recursos económicos para as explotacións leiteiras –xa onte se debateu isto aquí–, que canto menos aporte poidan poñer en forraxe da súa propia base territorial, pois máis dificultades terán. E despois pois hai algún que outro problema que os despacha a señora conselleira falando de cuestións psicolóxicas e outras ocorrencias. E a realidade do país vai por un lado e a realidade oficial pois parece ser que vai por outro.

E despois Augas de Galicia debería tomarse en serio a limpeza das canles fluviais, porque é certo o que dixo a señora Pontón, ás veces os alcaldes líanse a manta á cabeza e deciden limpalas eles. E algún alcalde e algún concelleiro responsable ten acabado nos tribunais denunciado polo Seprona, porque a competencia non é deles, e por encima iso require dunha serie de trámites administrativos que resulta que Augas de Galicia fai que non ve.

Mire, eu teño aquí unha solicitude, con informe técnico incluído, enviada no mes de agosto do ano pasado a Augas de Galicia para que limpara determinadas canles fluviais de Fene que Augas de Galicia *se lo pasó por donde se le ocurrió*. O resultado foi que no mes de xaneiro todos vimos como había que sacar persoas das súas vivendas en balsas pneumáticas en Fene. Anunciárao o Concello de Fene desde o verán pasado, Augas de Galicia nin quixo ver nin, ao parecer, segue querendo ver. Iso si, a señora Mato fixo unhas declaracións na Coruña moi do estilo da señora Mato: *“Y los alcaldes que no me pidan a mí, que lo arreglen ellos”*.

Claro, arránxano eles e despois acaban os alcaldes e os concelleiros imputados por delito medioambiental, ¿entende?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: Polo tanto, sexamos serios, planifiquemos, organicemos. E quen ten as competencias que as asuma, porque se poden limpar os ríos sen necesidade de alterar o ecosistema.

Nada máis. Imos apoiar a iniciativa, independentemente de que se nos acepte a emenda ou non. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Unha de dúas, ou estamos ante o lanzamento da campaña electoral da señora Pontón ou non coñece o que fixo a Xunta de Galicia nas últimas semanas en relación con este asunto. E, polo tanto, como non imos ser mal pensados, eu espero poñer datos enriba da mesa que permitan entender o motivo polo que presentamos a nosa emenda.

De acordo coas informacións que facilita a Axencia Galega de Emerxencias, entre os días 29 e 31 de marzo rexistráronse un total de 239 incidencias debido a impactos meteorolóxicos adversos. Os concellos onde máis se rexistraron incidencias foron os de Carballo, Bergondo, Sada, Cambre, Arteixo, Oleiros, Culleredo e Carral. Neste tipo de incidentes é evidente que confluíron unha serie de cuestións como unha alerta meteorolóxica, como moitas veces sucede noutras ocasións, que non puido ter a antelación necesaria, a antelación suficiente.

Neste sentido superáronse de forma moi contundente as previsións iniciais, unha situación de choivas continuadas que durou durante varios días e que, dende logo, incidiu negativamente na permeabilidade do solo. A cuestión urbana que non podemos esquecer e que alguén terá dado esas licenzas para construír en terreos que cando chove desta forma se asolagan, e, polo tanto, haberá tamén unha responsabilidade municipal. E, por último, as actuacións de limpeza e acondicionamento das canles, como xa se sinalou.

Neste sentido nós o que temos que dicir é que Augas de Galicia executou unha actuación de limpeza e conservación en 2015, precisamente na zona das Brañas de Sada, que implicou un investimento de máis de 18.000 euros. E no ano 2015 Augas de Galicia realizou 126 actuacións na zona hidrográfica Galicia-Costa cun importe de 1,2 millóns de euros. Polo tanto, o que sinala a señora Soneira simplemente non é certo.

En relación co Plan de xestión de riscos de inundacións, eu teño que dicirlle que xa existe, que foi aprobado no pasado mes de decembro pola Xunta de Galicia e que ten un orzamento cun importe de 67,8 millóns de euros, dos cales o 70 % os achega a Xunta de Galicia. É un plan que identifica, ademais, 207 áreas diferenciadas que contan cun risco potencial deste tipo de asolagamentos.

Nós entendemos que nesta situación todas as administracións teñen que colaborar, non só a Xunta de Galicia, pero tamén a Xunta de Galicia. E por iso presentamos esta emenda de substitución coa que pretendemos que se involucren a Xunta de Galicia, as deputacións provinciais e tamén o Estado.

A emenda presentada polo Grupo Popular di o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Establecer, no seu caso, convenios coas deputacións provinciais para a reparación dos danos causados nas infraestruturas públicas e para o restablecemento dos servizos públicos nos concellos afectados polas inundacións dos días 29 e 31 de marzo.

2. Dirixirse ao Goberno do Estado co fin de que se aproben axudas e créditos extraordinarios para compensar as persoas, empresas e entidades afectadas polas inundacións, concedendo aprazamentos e/ou condonacións no pagamento de tributos estatais, cotizacións sociais, así como o establecemento de liñas de crédito prioritarias con aval público para relanzar a actividade económica.”

Como supoño que vostedes saben, o pasado 14 de abril a Xunta de Galicia dirixiuse á Fegamp, a través dun escrito remitido polo vicepresidente da Xunta de Galicia á Fegamp e tamén pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, no que se di que unha vez recibida a información

dos concellos afectados, que neste caso son 24 concellos, o escrito di o seguinte: “A Xunta de Galicia amosa a súa vontade para colaborar, xunto con outras administracións, no financiamento de actuacións precisas para reparar estes danos,” –os danos ocasionados nestes concellos– “sendo necesario, en todo caso, que se certifiquen adecuadamente polos concellos”.

En definitiva, a Xunta de Galicia estaría en disposición de colaborar, previa certificación das circunstancias anteditas, no financiamento das actuacións que se detallan ata un terzo do seu montante total, considerado individualmente, entendendo que o financiamento restante podería ser aportado ben polo propio concello, ben polas deputacións provinciais ou por outras administracións en aras ao deber de colaboración que a todos, e especialmente ás entidades provinciais, lles compete. Este é o ofrecemento de colaboración que o pasado 14 de abril a Xunta de Galicia amosou aos concellos afectados, a estes 24 concellos, a través da Fegamp, da Federación Galega de Municipios e Provincias. E por iso, de acordo con este ofrecemento de colaboración amosado coa Fegamp, nós presentamos a nosa emenda.

Nós non poderíamos apoiar a emenda que plantexa o Grupo Socialista, entendendo que ese plan que eles piden xa existe e está perfectamente aprobado no pasado mes de decembro.

Pola nosa parte nada máis. Insistir na nosa vontade de colaboración da Xunta de Galicia, xunto con outras administracións, que é o que se pretende con esta emenda, e de acordo co que ten amosado a Xunta de Galicia na súa comunicación coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día e moitas grazas, presidente.

Bueno, estes acontecementos teñen unhas causas, unhas causas e uns motivos para chegar a esta situación. Unha inundación, un asolagamento, prodúcese cando unha crecida, por

fenómenos naturais ou meteorolóxicos, ocupa intereses e espazos humanos. Así que non parece lóxico que se permita construír, edificar, nun leito de inundación dun río ou dunha ría, porque as edificacións van ter problemas no futuro con toda, con toda, absolutamente con toda seguridade.

Ademais, se a consecuencia dos incendios as ribeiras dos ríos quedan sen vexetación e a conca non é quen de almacenar a auga da choiva, nunha ribeira sen vexetación o 70 % da auga da choiva que antes se evaporaba, agora vai parar aos ríos aumentando o seu caudal. Por outro lado, a urbanización salvaxe, a cultura do ladrillo, as praias fluviais mal feitas, as presas, facer fontes onde había mananciais, provoca a destrución do hábitat.

A todo isto hai que engadir a contaminación por aporte de substancias, de vertidos urbanos, de materia orgánica, de vertidos químicos tóxicos, e o aumento da temperatura das augas polas centrais térmicas, consecuencias do sistema capitalista. Pode soar antigo dicir isto, pero é a triste realidade, o sistema capitalista e liberal que padecemos todas e todos.

E a ruptura do equilibrio natural dos ríos e das rías, ¿a quen beneficia?, pois a intereses económicos espurios, e deixa a poboación destas zonas ao arbitrio de fenómenos meteorolóxicos impredecibles e imparables, como ocorreu estes días atrás, nestes meses pasados en moitos pobos, sobre todo na provincia da Coruña.

Son moitísimas as persoas damnificadas, moitos negocios destrozados e moitas vivendas inhabitables a causa das inundacións. É unha poboación que precisa axuda urxente, urxente, para recuperar a normalidade e desenvolver a súa economía, seriamente danada pola catástrofe. Esta axuda ten que vir por parte dos responsables políticos, que tamén son os responsables da deterioración destas zonas, da deterioración medioambiental desas zonas.

Así que agardo que esta PNL sexa apoiada, porque é unha PNL de xustiza, na totalidade dos catro puntos por este pleno, como así o fará o Grupo Mixto.

Grazas, máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, bos días.

Nós imos apoiar esta PNL, e en canto á emenda do Partido Popular, eu non son quen ten que aceptala ou non, se ese compromiso do señor Rueda, o vicepresidente, e da Fegamp é así, compromiso explícito da Xunta de axudar, o que non está é reflectido tan claramente na emenda que presenta.

Polo tanto, a redacción debería ser máis explícita no apoio da Xunta de Galicia e no apoio económico da Xunta de Galicia para que poida ser apoiable. Porque se estamos de acordo en que son danos excepcionais, extraordinarios, que é preciso aplicar a solidariedade con aqueles que sofren uns danos gravísimos, e a Xunta di que está comprometida, e fai ese compromiso, na emenda non está explicitado así.

Ben, hai cuestións que son do curto prazo, e esas sempre se tratan neste país, como poden ser, neste caso, os asolagamentos que houbo hai ben pouco nestes concellos. Pero hai outras cuestións que son a medio e a longo prazo, e esas si que son cuestións que non son tratadas con rigor polos sucesivos gobernos.

Falaba o señor Tellado de cuestións urbanísticas que veñen de atrás. Evidentemente, eu que vivín en Sada ata hai dez anos, vivín vinte e cinco anos en Sada, ben sei quen gobernou alí e quen fixo o que fixo co urbanismo de Sada, é evidente. Pero cando é tan evidente que en Sada había dous ríos que discorrían ao aire libre e que foron entubados para construír enriba deses ríos, pois resulta que Sada non está nas zonas dese mapa de zonas inundables, non entendemos o porqué, non entendemos por que Sada non está nese mapa.

Polo tanto, ten todo o sentido a emenda que fai o Partido Socialista, todo o sentido. Hai que estudar ben e hai que ser moito máis rigorosos. É evidente que cando se declara unha zona inundable, ten as súas consecuencias urbanísticas, e por iso a impresión para que moitas zonas non se declaren. Pero non podemos estar pagando seguido para que algúns obtengan plusvalías urbanísticas construíndo en zonas inundables. E a medio e longo prazo, nestas medidas non vemos na Xunta de Galicia un compromiso de aplicar esa rigorosidade. Polo tanto, neses dous planos hai que traballar.

Nós cremos que a emenda do Partido Socialista é moi complementaria nese sentido, non poden vostedes dar por bo o mapa actual cando Sada non está incluída, porque Sada é unha zona cun risco de inundación evidente e que non está incluída.

Polo tanto, nós imos apoiar, agardemos que saia un acordo unánime, pedimos un compromiso explícito da Xunta para axudas económicas a estes concellos, no sentido de que non aparece na emenda do Partido Popular, e agardemos que saia adiante, porque é un compromiso de solidariedade con estes concellos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Pontón.

Eu teño que agradecerlle moito ao señor Tellado que nos facilitara a carta na que se xustifica o non apoio a esta iniciativa, sobre todo porque desvela as súas mentiras. Imos ver.

A Xunta de Galiza amosa a súa vontade para colaborar, xunto con outras administracións, no financiamento das actuacións precisas para reparar estes danos, sendo necesario, en todo caso, que as administracións locais afectadas emitan certificación sobre os seguintes extremos, todo iso co obxecto de xustificar as circunstancias extraordinarias obxectivas que motivarían esta intervención.

Primeiro requisito, que se trate de actuacións de reparación ou substitución de infraestruturas ou equipamentos de competencia municipal, de acordo co establecido na normativa. Que se trate –atención– de danos producidos directamente por fenómenos meteorolóxicos adversos entre o 25.12.2015 e o 15.02.2016, señor Tellado, está aquí na carta que vostede acaba de citar e que é a principal acusación de que a Xunta non está pensando en atender os danos producidos que nós hoxe estamos demandando. Se vostede le a nosa iniciativa, verá que estamos pedindo non só colaboración para os concellos, senón tamén axudas para as persoas afectadas polas enchentes en vivendas, en propiedades, na súa administración comercial.

O Partido Popular –ten que vostede revisar mellor o que facían na oposición–, ano 2006: “O pasado día 22 de outo-

bro as inundacións causadas por chuvias ocasionaron un número importante de desperfectos tanto en infraestruturas e bens de utilidade pública, como en vivendas en bens particulares. Dada a magnitude dos feitos e as súas consecuencias, e dentro do principio constitucional de solidariedade, os poderes públicos deberían buscar medidas paliativas”, e requirían que a Xunta de Galicia, con urxencia, puxera en marcha medidas.

No ano 2007 a vicepresidenta deste Parlamento queixábase de que as axudas que facía o Goberno, que eran axudas directas por danos, chegaban tarde e eran insuficientes. E vostede hoxe preséntanos unha emenda onde di que a Xunta de Galiza non vai poñer ningún tipo de axudas para as persoas afectadas, e que o seu único compromiso, en todo caso, é axudar os concellos na reparación de danos en infraestruturas. Non é iso do que estamos falando na nosa iniciativa.

Estamos falando de que ten que ir moito máis alá, como foron, noutro caso, os gobernos que había na Xunta de Galiza, e mesmo como fixo a Xunta de Galiza no ano 2002, ante inundacións, por exemplo, coma no caso da Mariña, onde si se publicou un decreto de axudas específico para cubrir os danos ocasionados nas vivendas, os danos ocasionados no sector turístico ou no sector do comercio.

Polo tanto, nós hoxe o que estamos reclamando é exactamente o mesmo que se fixo no pasado. E se non se fai para estes concellos, terán que explicarnos vostedes por que, ¿por que hai un trato diferente para os cidadáns en función non se sabe moi ben de que circunstancias ou de que motivos de corte ideolóxico?, porque supoño que iso é no fondo o que vostedes están dicindo.

Nós, imos facerlle...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...–remato, señor presidente– unha proposta moi clara. Aceptamos todas as emendas como engádegas, porque se vostede di que están a favor de que a Xunta poña en marcha axudas, ¿por que van votar en contra delas no Parlamento? Polo tanto, todas as emendas que presentan todos os grupos para nós son aceptables como engádegas, porque iso é o que demostraría que efectivamente todos e todas queremos que se axude a paliar os danos

ocasionados polas inundacións. Se votan en contra, vostedes saberán por que. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García e D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación co acceso dos deputados galegos ás penitenciarias, así como ás persoas internas nelas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Tereixa Paz Franco, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. Mixto.

Emenda de adición.

Engadir un segundo punto co seguinte texto:

“2.-Así mesmo insta á Xunta de Galiza a solicitar a realización dunha visita ás penitenciarias radicadas no noso territorio dunha delegación integrada pola Vicepresidencia da Xunta de Galiza e unha representación de todos os Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galiza.”)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

O pasado 17 de marzo Esculca solicitou ao Comité Europeo para a Prevención da Tortura a inclusión do centro penitenciario de Teixeiro, un dos dous macrocárceles en territorio galego no programa que o Comité desenvolverá na súa próxima visita ao Estado español, prevista para este mesmo ano.

Acompañando a súa solicitude Esculca envioulle ao Comité Europeo para a Prevención da Tortura un relatorio sobre a situación que se vive de malos tratos e tortura no interior do cárcere e que foron obxecto de denuncia perante os xulgados. O relatorio acredita difícil vía de investigación das denuncias de tortura e malos tratos polos órganos xurisdiccionais competentes.

Subliña tamén que a Valedoría do Pobo nunca procedeu a averiguar o fundamento dos feitos denunciados, nin examinado individualmente cada caso, nin abrindo unha investigación máis ampla para determinar o que acontece no penal.

Esculca contactou a total ausencia de actividades de tratamento no módulo 15, así como a falta de seguimento da saúde tanto física como mental das persoas internas. Dende o 4 de novembro, cando se produciu o incendio dos colchóns no módulo 15, a represión recrudescuse.

Así, o mesmo día 4 de novembro, e pese a que algúns internos presentaban síntomas de intoxicación por inhalación de fume, os funcionarios do servizo denegáronlles a atención médica. No módulo 15 non hai ningún tipo de actividade programada, a pesar de que o programa individualizado de tratamento só recolle como liñas tratamentais normalización da conduta e ocupación positiva do tempo en prisión. Durante a noite realízanse recontos nos que os obrigan a poñerse en pé na cela; este reconto, ás veces, repítese ata tres veces nunha noite.

Esta situación, dende o punto de vista dos dereitos fundamentais, atenta contra a dignidade, a vida e a integridade física, atenta contra o carácter rehabilitador da pena. Persoas presas en réxime pechado, que pasan vinte e unha horas diarias na cela sen ningún tipo de programación de actividades, o que supón unha situación de execución da pena contraria ao principio de humanidade das mesmas.

É un tratamento das penas de prisión que se exacerba e se recarga con torturas físicas e psicolóxicas que nada teñen que ver co papel que deberían ter as institucións penitenciarias. Estas actuacións converten os cárceres, que deberían ser centros de inserción, en centros de vinganza, humillación e degradación persoal.

Non se poden tratar as persoas internas en institucións penitenciarias peor que ás ratas, cunha mala alimentación, negándolles medicación, negándolles a relación persoal. Os seres humanos son seres sociais, non se pode ter unha persoa vinte e unha horas illada do mundo. Iso é tortura, e en Galiza estanse dando torturas, xa denunciadas en varias ocasións por este grupo.

Pero tamén poderíamos falar non só do cárcere de Teixeiro, tamén do cárcere da Lama. En marzo de 2015, no módulo 14 de primeiro grao do centro penitenciario da Lama, apareceu aforcado o preso Borja. Participaba activamente na campaña Cárcere igual a tortura, polo que foi trasladado en varias ocasións. Segundo indican as persoas a chegadas a Borja, a versión oficial do aforcamento non se corresponde coa boa autoestima do preso, polo que descartan a posibilidade de suicidio.

En abril de 2015 na Lama tamén morreu, supostamente tamén nun suicidio por aforcamento, Eugenio, pero a súa familia tamén mantén sospeitas de que non fora realmente un suicidio. E tamén en abril de 2015 un interno do cárcere da Lama remataba vinte e catro días de folga de fame tras o seu ingreso no Hospital de Pontevedra por risco de morte. O interno JGC denunciou a ineficiencia e a ineficacia sanitaria na cadea, a arbitrariedade á hora de quitar permisos e as coaccións e malos tratos que sofre a poboación reclusa.

Todos os grupos parlamentarios da oposición solicitamos en reiteradas ocasións a Institucións Penitenciarias o acceso a diversos centros penitenciarios situados en territorio galego, así como a comunicación con algunha das persoas internadas nos mesmos. A pesar da nosa condición de representantes do pobo galego, sempre foi denegada a visita á institución penitenciaria, así como o contacto solicitado coas persoas internas. Entre os argumentos esgrimidos por Institucións Penitenciarias para sustentar a prohibición de visitar os cárceres galegos aos deputados e deputadas desta Cámara que así o solicitaban figuraba que estes centros xa son visitados por deputadas e deputados do Congreso e senadores cando así o solicitaban. Sen embargo, os propios deputados e deputadas do Congreso afirman que a eles tamén se lles denega o acceso aos cárceres con argumentos parecidos.

Interior aduce que Galiza non ten transferidas as competencias en materia penitenciaria, polo que os membros das

cámaras autonómicas carecen de prerrogativas para fiscalizar unha actividade estatal. Por análogo motivo, afirma que as valedorías do pobo das comunidades autónomas carecen de facultades.

O que é increíble, en canto a esta declaración de Institucións Penitenciarias, é que a Xunta de Galiza permanecera impasible. E está dicindo que no que ocorre en territorio galego, no que afecta a vida das persoas que están en territorio galego, no que afecta os dereitos fundamentais, os dereitos humanos das persoas que viven en territorio galego, sexan libres ou dentro de institucións penitenciarias, a Xunta non ten nada que facer. E a Xunta acéptao, non ten problema en aceptalo. Eu díxeno máis dunha vez: a sensación que dá é que vostedes non queren gobernar, só queren xestionar o que gobernan en Madrid. Son auténticos xestores pero, dende logo, non son gobernantes.

No pleno do 7 e 8 de maio de 2015 esta Cámara aprobou por unanimidade reclamar do Goberno do Estado o traspaso de competencias en saúde nos centros penitenciarios ubicados en Galiza, nunha iniciativa presentada polo Grupo Mixto. Pero a Xunta nada fixo, e vémolos agora en relación cos enfermos de hepatite C, que seguen pelexando co Goberno do Estado quen ten que facerse cargo deses pacientes. Unha auténtica hipocrísia, unha provocación de hipócrita, propagandística, que non levou a ningún lado e que as persoas presas en Galiza seguen padecendo ese abandono da institución galega, pero tamén do Estado. Así o pasado venres podíamos ler na prensa que varias asociacións denunciaban malos tratos e torturas nas prisións galegas, en especial na Lama e Teixeiro. Exixen unha quenda de oficio penitenciario para combater a impunidade con que se vulneran os dereitos fundamentais á poboación reclusa.

Representantes de Esclulca e Avogados Novos de Vigo refíren ademais mortes en estrañas circunstancias que Institucións Penitenciarias achaca a suicidios ou cualifica de accidentais, e as dificultades para poder investigar dende fóra. Así, por exemplo, a defensa da persoa reclusa non ten acceso ás copias das gravacións das cámaras instaladas nos módulos de illamento, ou casos nos que as direccións das prisións poñen trabas para que os avogados poidan reunirse cos seus clientes.

Denuncian tamén deficiencias na calefacción, na comida e na asistencia sanitaria dentro dos cárceres galegos, así

como a sobrepoboación dos centros, que deriva na dilación das resolucións de revisión de grao con atraso de ata un ano, converténdose en auténticas cadeas perpetuas penas que se van sumando e que se van dilatando á revisión da pena. En dez anos téñense presentado vinte denuncias por malos tratos en prisións galegas, todas elas arquivadas, e só nun caso o xuíz chamou a declarar o persoal funcionario implicado.

Ante estas prohibicións, sufridas tamén por membros de organizacións internacionais e incluso do Comité para a Prevención da Tortura do Consello de Europa, podemos afirmar que o Goberno do Estado ten un grave problema de transparencia en relación cos centros penitenciarios de retención e de detención que fan sospeitar o peor.

Entendendo que este proceder por parte das institucións penitenciarias vulnera tanto os dereitos das persoas internadas en institucións penitenciarias como os dereitos que nos amparan ás deputadas e deputados desta Cámara, instamos a Xunta a que exixa do Goberno que abandone esta actitude escurantista, a falta de transparencia, e traslade a Institucións Penitenciarias a obriga de facilitar o acceso dos deputados e deputadas desta Cámara tanto ás institucións como ás persoas internas na mesma.

Non pode ser que, cando dende esta Cámara –e a min pasoume persoalmente– se solicita a visita ao cárcere, se denega; se solicita a entrevista cun interno, se denega. Di que é o interno quen ten que pedilo. O interno procede a pedir esa entrevista comigo, e Institucións Penitenciarias trasládoo a Zamora. Iso é tortura e iso dende logo non pode estar avalado por esta Cámara.

Polo tanto, espero que o Partido Popular esta vez vote a favor, pero que sexa para cumprir, non sexa, como sempre, para quedar ben nun ano electoral.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Bos días, señoras deputadas, señores deputados, señor presidente.

Eu quixera empezar, aínda que sexa unha obviedade, por dicir que as persoas que están internas en centros penitenciarios, ben sexa en prisión preventiva ou cumprindo unha condena, non teñen ningunha outra limitación dos seus dereitos fundamentais nin de ningún outro dereito que a propia privación de liberdade que implica o seu internamento, ou as accesorias que o xuíz/a xuíz ou o tribunal no seu caso puidesen impoñerlle na propia sentenza, pero que, en todo caso, son expresas, figuran na sentenza e que non poden afectar ningún outro dereito fundamental que non sexa a privación de liberdade ou o dereito de sufraxio pasivo ou activo.

Polo tanto, eu creo que esa é a primeira consideración que deberíamos ter en conta os deputados e as deputadas cando abordamos este tipo de debates. Porque, efectivamente, como explicou a señora Martínez na súa intervención, xa foi motivo de debate en varias ocasións, polo menos na Comisión 1ª durante esta lexislatura, tanto a situación que afecta de reiteradas denuncias por parte dos internos, de reiteradas denuncias por parte de organizacións de defensa dos dereitos humanos e dos dereitos das persoas presas e dos propios avogados das persoas afectadas, diversas situacións que poderíamos considerar como que vulneran claramente non só os dereitos fundamentais dos internos, das persoas presas, que vulneran ademais toda a lexislación en materia de dereito penitenciario do Estado español e que vulneran unha cuestión fundamental establecida na Constitución española, e que é que no Estado español as penas privativas de liberdade non teñen unicamente unha condición punitiva, senón que teñen, fundamentalmente, unha función rehabilitadora, de reeducación e de reinserción das persoas presas na sociedade, con plenas garantías de capacidade de convivencia.

Polo tanto, nesta situación que temos denunciado en moitas ocasións neste Parlamento non só non se garante o dereito que teñen as persoas presas a unha prestación sanitaria idéntica ao resto das persoas. Hai incluso denuncias da prisión de Teixeiro de persoas con antecedentes psiquiátricos e con diagnóstico psiquiátrico ou de calquera outro tipo que non teñen o seguimento adecuado e que mesmo non se lles permite acudir ás consultas para ter un seguimento médico. Hai denuncias... Decía a señora Martínez, chamáballe tortura, en Guantánamo chamámoslle á privación sensorial tortura. Que a unha persoa se lle manteña en vixilia,

pechada durante vinte e unha horas, que se lle esperte reiteradamente durante a noite, é unha forma de privación sensorial e, polo tanto, pode considerarse unha forma de tortura. E diso existen denuncias respecto da prisión de Teixeiro.

Que a unha persoa que está nunha institución pública que ten como finalidade a súa reeducación se lle manteña pechada, illada, durante vinte e unha horas sen facer ningún tipo de actividade, sen que os traballadores sociais e os educadores e educadoras da prisión fagan ningún tipo de seguimento, ningunha realización de actividades conducentes ao cumprimento do obxectivo fundamental polo que está ingresado nese centro penitenciario, é unha vulneración flagrante da legalidade vixente no Estado español. E iso témolo denunciado fundamentalmente en relación coa prisión de Teixeiro, coa prisión da Lama, pero tamén existen polo menos once denuncias presentadas por persoas, por presos e polos seus letrados, referidas á prisión de Bonxe.

Polo tanto, señoras e señores deputados, nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, consideramos que, cando algo se produce dunha forma tan reiterada e –digamos– tan continuada no tempo, mirar para outro lado, intentar ocultar a realidade non só non serve de nada, senón que o que serve unicamente é para magnificar a sensación de vulneración de dereitos que estamos a denunciar os grupos parlamentarios.

Por iso a este grupo parécelle lamentable que, en primeira instancia, a primeira deputada á que se lle prohibira acudir á prisión fose á señora Acuña e posteriormente a todos os deputados ou deputadas que intentamos facer o mesmo desde este Parlamento. Parécenos que quen non ten nada que ocultar non debería poñer ningún tipo de impedimento para que persoas que representamos o pobo galego e persoas que estamos aquí tamén para velar porque todos os galegos e galegas, se son galegos e galegas todas as persoas que viven en Galiza, aínda que sexa dentro dunha prisión, se lle respecten os seus dereitos como cidadáns, todos aqueles...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...dos que non estean privados por sentenza.

Nós presentamos unha emenda, coa que queremos engadir á proposta da señora Martínez que a Xunta de Galiza ten

que facer valer non só o dereito dos deputados, senón o do propio Goberno galego respecto dos seus cidadáns e, polo tanto, ten que tamén sumarse a esa solicitude dunha visita institucional da Xunta de Galiza e dos grupos parlamentarios a esta prisión. Porque para un goberno do Estado que non ten ningún escrúpulo no caso da hepatite C, a través de Institucións Parlamentarias...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...de dicir que ten que ser Galiza quen lles pague o tratamento aos internos nas prisións galegas, ¿cal é o problema para que o Goberno galego e os deputados galegos poidamos ir alí comprobar aínda que só sexa que se está cumprindo co tratamento da hepatite C?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Polo tanto, cremos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PAZ FRANCO: ...que o Partido Popular debería votar a favor desta iniciativa e tamén da emenda presentada...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz, grazas.

A señora PAZ FRANCO: ...polo Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerdas.
Señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, bo día a todos e a todas.

Alternativa Galega de Esquerda vai apoiar esta iniciativa, porque, en efecto, sentímonos representados pola mesma, porque todos os grupos parlamentarios da oposición, ao longo desta lexislatura, realizamos diversas peticións en distintas ocasións, a través de diferentes iniciativas, para que se autorizase a visita de deputados e deputadas aos centros penitenciarios de Galicia, principalmente ao macrocárcere de Teixeiro. En datas recentes mesmo unha deputa-

da galega, a través de En Marea, pois tamén recibiu o rexeitamento. É dicir, tanto ten parece ser onde se presente esa iniciativa. Por iso hai que facer unha presión política institucional e unánime.

A Asociación Esculca, Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades, que forma parte da Coordinadora de Prevención e Defensa contra a Tortura, como dicía a voceira do Mixto, dirixiuse o 17 de marzo ao Comité Europeo para a Prevención da Tortura e das Penas ou Tratos Inhumanos ou Degradantes para que se inclúa Galicia no programa de visitas que o dito comité realiza no Estado español.

O escurantismo e a opacidade semellan ser a política de transparencia usada pola dereita, tanto no Estado como en Galicia. E, de feito, non só podemos falar de que se producen vulneracións de dereitos humanos dentro dos cárceres, senón que tamén, a través das normativas regresivas, como a Lei mordaza, a vulneración de dereitos humanos e da cidadanía se produce fóra dos cárceres, para precisamente perpetuá-la dentro dos cárceres. A situación nos macrocárceres galegos como Teixeiro merece o máximo traballo político para verificar *in situ* as denuncias de malos tratos, de delitos de tortura, de lesións, mesmo de morte, que pesan sobre este cárcere e tamén, por exemplo, sobre A Lama.

Cómpre verificar as denuncias realizadas por Esculca, denuncias que son apoiadas polo coñecemento directo e a documentación fidedigna que provén das propias persoas privadas de liberdade e polo traballo que realizan, duro traballo a pesar de todas as limitacións que se lles poñen.

Os cárceres teñen que cumprir cunha función reparadora, cunha función rehabilitadora, reinsertadora na sociedade, pero non pode ser que o que teñan as persoas sexa unha aceleración da degradación e de violentar a dignidade humana, como se está procedendo hoxe en día. Un cárcere que está preparado para 1.008 prazas acolle 1.800 persoas. Só por iso, só por iso, por esa saturación, está claro que se está incumprindo multitude de aspectos que farían palidecer o que nós chamamos condición humana.

Por exemplo, entre as varias denuncias que achega Esculca, figuran condicións de vida no interior do centro penitenciario, pésimas condicións de habitabilidade, lóxicas se entendemos a sobreesaturación e a desgana absoluta que

teñen as institucións que gobernan para mellorar a dita habitabilidade. O acceso á atención médica para doenzas crónicas é deficiente ou mesmo ás veces ineficaz, insuficiente ou inexistente, como aconteceu aquí co traballo que se tivo que realizar –e xa se comentou– con respecto á doenza do virus da hepatitis C.

Temos documentados casos de mortes, e non só se dificulta a entrega dos resultados das autopsias á familia, tal como fai curiosamente Marrocos coas autopsias para as persoas saharauís. Semella que aprendemos ou mantemos as mesmas políticas a ese respecto. Existen mesmo denuncias de funcionarios sobre as condicións sanitarias e o acceso ás mesmas. Existe unha deficiente alimentación.

Xa se falou da situación do módulo 15, de illamento. Como xa se comentou, vinte e unha horas ao día sen ningún tipo de actividade, vinte e unha horas ao día; iso é unha tortura, non ten outro nome; unha persoa pode tolear absolutamente, pode tolear. E isto é inasumible, dende logo, en democracia. É dicir, estar no cárcere non significa estar absolutamente sometido a trato degradante e inhumano. Estar no cárcere significa reparar, reinsertarse, para poder volver á sociedade nas mellores condicións posibles e facer unha vida digna. Iso é o que debe ser o paso polo cárcere e non atopar o peor da condición humana. A contaxe nocturna –xa se dixo–, ata tres veces por noite, espertando, impedindo o sono.

En fin, son permanentes, permanentes. Mesmo aparecen –é algo anecdótico, ou non, a forma de proceder– datos confidenciais de persoas reclusas nos medios de comunicación de Galicia. Por exemplo, n' *A Voz de Galicia*, nunha reportaxe, aparecían datos que só se poden coñecer a través do que achegue persoal funcionario. Iso é inasumible, vulnérase a súa intimidade.

En fin, pola nosa banda imos apoiar esta iniciativa, porque agardemos darlle a volta, poder visitar *in situ*, poder frear o que estea acontecendo e poder verificar, cando menos, xa que o Partido Popular nos dirá ao mellor que é mentira que suceda iso, en efecto, que Esculca e as asociacións que velan polos dereitos das persoas reclusas se equivocan. Polo menos déixennos verificar iso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente.

Señorías.

A miña compañeira Carmen Acuña e Patricia Vilán e o grupo como tal teñen demandado tanto na Mesa da Comisión 1ª, na Mesa da Comisión 5ª, na propia Mesa do Parlamento, temos rexistrado escritos onde pediamos que representantes do pobo –non estamos falando de calquera, de cidadáns/cidadás que foron elixidos por outros cidadáns para que os representaran nesta Cámara– puideran acceder a visitar os cárceres, e eu creo que incluso como unha boa medida para evitar pois todas estas especulacións. Porque claro, cando ti pechas unha porta e continuamente che están contando que detrás desa porta pasan cousas moi estrañas, acabas magnificando o que ao mellor é moitísimo menos, e impídenche incluso que ti constates persoalmente unha realidade, que pode ser certa ou non, pero que se non a comprobas –e ademais as persoas que queren comprobala están lexitimadas pola representación que ostentan–, pois ocorre o que está ocorrendo.

¿Que nos di despois de que a Mesa do Parlamento, a señora Rojo, lle remitira ao delegado do Goberno e este a Institucións Penitenciarias e que nos di Institucións Penitenciarias? Que é competencia da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias a actividade, que se realiza *con pleno sometimiento a las leyes y al ordenamiento jurídico*. Pero ¿quen lle dixo que pasa? ¿E esta é unha explicación que se dá por que? Se ninguén o cuestiona, polo menos o noso grupo dá por sentado que o Estado respecta a lei, están sometidos á lei. ¿Ou non é certo? E dinos máis: dinos que os únicos lexitimados son os deputados e senadores das Cortes.

Miren, eu creo que hai algo que se chama cooperación institucional, que se chama respecto, que se chama incluso asunción de determinados valores como algo normal, como é a práctica democrática. O Estado non é só o Goberno de Madrid e as institucións que dependen do Estado central. Algún compañeiro que me está oíndo no meu grupo ao mellor faise cruces, porque eu paso por ser case case xacobina, ¿non é verdade?, pero algunha fama teño. É que eu

creo que ser galego, estar en Galicia e representar o pobo galego nesta Cámara é ser español, e eu non creo que pertencemos a unha nación, somos esa nación –é a miña concepción, ao mellor estou errada–.

E, polo tanto, se eu, representante do pobo, quero coñecer unha realidade que se desenvolve en territorio galego, nun cárcere, aínda que dependa do Estado, ¿cal é o problema? Se, ademais, por exemplo, esta competencia está transferida en Cataluña, os cataláns lévana exercendo pois desde os anos 80 e non pasa nada, non caen os piares do Estado. Se, ademais, como xa se dixo aquí, parece ser que agora se vai autorizar a que os presos con hepatitis C poidan recibir o tratamento na farmacia hospitalaria, e claro, o Estado, para que a Comunidade Autónoma aboe un tratamento parece ser que é Estado, non sei, si pagou o Estado, pero parece ser que o señor Montoro, que é tan dilixente para non pagar ou incluso meterlles deberes aos concellos e a todo o que se lle poña a tiro, non é tan dilixente para pagar a factura sanitaria que ten a Comunidade Autónoma dos presos, que si son competencia do Estado.

¿Que problema hai en que exista unha cooperación, en que vaian deputados? E fíxense ben, ¡eh!, que llelo digo non para ir descubrir os trapos sucios, como aquí se ten insinuado. Eu creo que se non teño nada que agochar e nunha cooperación institucional leal, ¿que problema hai en que deputados e deputadas desta Cámara vaian visitar un cárcere?

Imos ver, se resulta que comunidades autónomas imos nas delegacións do Estado, a Europa, por exemplo, en moitísimos organismos. Se resulta que incluso o propio Estado ten unha especie de embaixador especial no exterior para visitar os presos españois en cárceres do mundo, e somos un Estado do que debemos sentirnos orgullosos, dos poucos que o fai, e que atenda a nosa xente nos cárceres no exterior, ¿cal é o problema? Eu é algo que non acabo de entender, sinceramente o digo.

E, nese sentido, non noutras cousas que aquí se teñen dito, das que discrepamos, porque eu creo que tamén se din en base a este escurantismo que si existe, porque non se quere entrar na transparencia, pois nós imos apoiar esta iniciativa, pero imos apoiála en que a cooperación leal entre todas as institucións do Estado debe formar parte da práctica habitual...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...e non pasa nada por que deputadas e deputados desta Cámara vaian visitar unha institución que está en territorio galego e para a que ademais os impostos dos galegos adiantan o pago da súa saúde e, como dixen antes, o Estado ás veces paga con bastante atraso. Por certo, coas normas de Montoro, debería ser sancionado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Efectivamente, señora Soneira, nós tamén cremos na colaboración institucional leal, e creo que o ton da súa intervención nós podemos mantelo efectivamente, pero non creo que as intervencións anteriores, que vostede puido escoitar igual ca min, tiveran esa mesma intención que a que vostede amosa, senón que o que temos escoitado aquí son insinuacións inadmisibles nun Estado de dereito. Polo tanto, a boa fe que vostede expresa na súa intervención por parte do Partido Socialista non é compartida polo resto dos grupos da oposición, e vostede puido constatalo.

A Administración penitenciaria ten claramente definidos os seus fins no artigo 25.2 da Constitución española e no artigo 1 da Lei orgánica xeral penitenciaria, sinalándose como os seus fins principais a reeducación, reinserción social dos sentenciados a penas e medidas penais privativas de liberdade, a retención e custodia de detidos, presos e penados e a asistencia e axuda dos internos e liberados.

Como saben, os centros penitenciarios radicados en Galicia dependen directamente da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, do Ministerio do Interior, e, polo tanto, non dependen nin da Xunta de Galicia nin deste Parlamento, que non ten competencias sobre uns centros que dependen do Estado e non da Comunidade Autónoma. E, polo tanto, nós entendemos que este non é o foro para plantexar este debate que vostedes queren traer a este pleno.

Nós somos sabedores de que deputados nacionais e senadores de distintos partidos teñen solicitado en diversas ocasións visitas a centros penitenciarios de Galicia e que teñen sido atendidas. Polo tanto, temos que negar esas acusacións de escurantismo que aquí se teñen vertido, e nós cremos que de forma moi irresponsable.

Institucións Penitenciarias é a primeira institución interesada en asumir e garantir a salvagarda dos dereitos das persoas internas, e, para tal efecto, existen procedementos que velan por eses dereitos, procedementos de queixa perfectamente regulamentados.

O funcionamento dos centros penitenciarios no noso país suxéitase ao principio de legalidade, á preservación dos dereitos fundamentais do interno e baixo o sometemento dos controis xurisdicionais da actividade penitenciaria, que lles corresponde, como vostedes saben, non ás cámaras lexislativas senón aos xulgados de vixilancia penitenciaria.

Polo tanto, a actividade penitenciaria é competencia do Estado, e, ademais, os centros son visitados por deputados, senadores nacionais cando así o solicitan, e, en calquera caso, están sometidos ao control dos xulgados de vixilancia penitenciaria..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que garanten os dereitos constitucionais de todos os internos.

Deberán saber vostedes que un centro penitenciario non é un museo. Nós cremos que non é un lugar para facer política, e, polo tanto, as pretensións que algúns grupos teñen nese sentido nós non as compartimos en ningún caso.

Falan vostedes, con bastante frivolidade, sobre torturas e maltrato nas prisións. Eu creo que aquí se teñen vertido insinuacións que son completamente intolerables e que só se poden facer abusando da inviolabilidade parlamentaria, que a todos os aquí presentes nos asiste; do contrario, ninguén podería dicir o que aquí se ten dito, con esa frivolidade, porque se atenta claramente contra a dignidade dos funcionarios de Institucións Penitenciarias e contra o persoal ao servizo dos xulgados de vixilancia penitenciaria. Nós, dende logo,

non compartimos esa irresponsabilidade política dalgúns grupos.

Eu agradezo que por parte do Partido Socialista non se teña caído nesa tentación, e por iso, dende o Grupo Popular, consideramos que coas súas palabras demostran un total descoñecemento sobre o importante traballo que fan os funcionarios de Institucións Penitenciarias e as organizacións non gobernamentais que colaboran dentro das prisións a prol da reinserción das persoas reclusas.

Vostedes chámanlles maltratadores aos funcionarios encargados de custodiar, protexer e velar polas condicións de vida dos internos das nosas prisións, funcionarios que en moitos casos xogan a vida en moitas ocasións e que aplican protocolos legalmente establecidos. Vostedes condenan en función de denuncias que din que lles chegaron, e eu o que teño que dicir é que, para non querer prexulgar nada, vostedes din bastante.

Creo que se permite a asistencia dos deputados nacionais e senadores cando así o solicitan, e, polo tanto, non é certa esa opacidade.

Nós cremos que o Parlamento galego non é órgano competente para fiscalizar un centro que depende do Estado, e nós dende logo cremos que debería tratarse con máis respecto o traballo dos funcionarios de Institucións Penitenciarias e do persoal ao servizo dos xulgados de vixilancia penitenciaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Martínez.

Déanlle voz ao escano da señora Martínez, por favor. Grazas.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, primeiro, quero empezar por agradecer o apoio dos grupos da oposición, lamentar a actitude do Partido Popular, que entende os cárceres como un sitio onde reter a xente, simplemente, sen aplicar ningún procedemento de reinserción, que non entende que vinte e unha horas diarias de illamento sen actividade é unha tortura. Eu

non insinúo, estou afirmando: é unha tortura. Nos cárceres galegos estase torturando as persoas internas, é unha afirmación. E o peor é que está consentido polo Goberno do Estado e polo Goberno galego, que non teñen ningún interese en comprobar a situación, e, se se dá veracidade desa situación, pñer inmediatamente os medios para que os cárceres sexan lugares de reinserción para as persoas, porque calquera que sufra tortura e malos tratos no cárcere o que vai saír é cunha actitude contra o sistema, porque o sistema non o acepta, o sistema non o acepta, e, polo tanto, a situación non se corrixe.

Eu creo que o Goberno galego debería ser o máis interesado en demostrar que en Galiza se cumpren os dereitos humanos dentro e fóra dos cárceres, dentro e fóra das institucións.

Chégase incluso, hai denuncias de pacientes, de persoas internas en institucións penitenciarias ás que non se leva ao hospital ás consultas dos médicos especialistas, aducindo por exemplo que non teñen coche; cousas absurdas, totalmente absurdas.

Pero, en contestación xa ao señor Tellado, que nunca defrauda, dende logo, señor Tellado, (*Risos.*) os maltratadores non son os funcionarios; [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.*) no Estado e en Galiza, que permite, consente e ampara as torturas nos cárceres galegos e nos cárceres do Estado.

O señor PRESIDENTE: O Partido Popular non é maltratador. Queda retirada esta expresión.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: O centro penitenciario, señor Tellado, non é un museo. Esa simple insinuación déixao a vostede ao nivel que se merece. Un centro penitenciario é algo moi serio, onde o Goberno debería implicarse para que as persoas que saían de aí saían insertadas e saían con futuro nunha vida libre, non para castigalas eternamente.

Porque vostedes son os culpables, porque agora van votar e van pulsar o botón de que non se comprobren as torturas nos cárceres galegos, igual que votaron que non se lles dera medicación aos enfermos da hepatitis C. Polo tanto, vostedes son os responsables do que ocorre cada vez que premen ese botón.

Eu vou apoiar dende logo a emenda do BNG, porque eu entendo que sería o vicepresidente o máis interesado en reclamar, en nome do Goberno galego, esas visitas para esa comprobación da situación de tortura e malos tratos nos cárceres galegos.

E xa para rematar, señores do Partido Popular, vostedes son os máis interesados en que esta proposición non de lei vaia a adiante, posto que xa teñen moitos membros nos cárceres e terán máis.

Polo tanto, voten a favor, porque os beneficia a vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Martínez, a expresión *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*..., perdón, perdón, perdón, por favor, perdón.

Perdón, señor Trenor, perdón.

Pídlle que retire esa expresión; se non, retíroa eu e tería que chamala á orde.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Se a quere retirar vostede, ten a potestade; eu non a retiro.

O señor PRESIDENTE: Non, non, estoulle preguntando a vostede se a quere retirar.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Non, eu non a retiro.

O señor PRESIDENTE: Ten unha chamada á orde. Queda retirada e ten unha chamada á orde.

Continuamos. *(Murmurios.)*

É así. Laméntoo. Non, non, laméntoo, pero é así. Hai cousas que non se poden tolerar. ¡Xa está!

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa seguinte proposición non de lei, que é do Grupo Parlamentario Popular.

Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia no ano 2016 dun plan galego de atención ao ictus

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto, do

Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e voceira, Carmen Iglesias Sueiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei, 49225 (09/PNP-003595).

Emenda de adición.

Proponse engadir á parte resolutiva o seguinte texto:

“O Plan Galego de Atención ao Ictus deberá incluír as seguintes características:

1. Recollerá medidas preventivas dotando a Atención Primaria dos recursos materiais e humanos necesarios, así como dunha formación adecuada para que poda desempeñar un papel fundamental de prevención.

2. Estará acompañado dun plan de rehabilitación personalizado, en beneficio da persoa afectada e da súa contorna familiar.”)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (09/PNP-003595, doc. núm. 49225).

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, neste exercicio 2016, poña en marcha un Plan galego de atención ao ictus, dotado do orzamento necesario, que homoxeneice a atención nos casos dun accidente cerebrovascular (ACV) ofrecendo unha adecuada asistencia sanitaria coa máxima seguridade ás persoas que sofren ictus, no menor tempo posible e de xeito equitativo para todas a cidadanía galega para o cal se crearán as unidades de ictus que se precisen.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm.49225.

Emenda de substitución.

Propoñemos a substitución da parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a que, antes de que remate esta lexislatura, dote ao sistema sanitario público de, cando menos, unha unidade de ictus por cada área sanitaria, dotada cada unha delas cos recursos tanto técnicos como humanos precisos para poder prestar o tratamento máis axeitado ás persoas que padezan algunha patoloxía cerebrovascular aguda.”)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O Grupo Parlamentario Popular trae hoxe a este pleno unha iniciativa en relación co tratamento dunha enfermidade de grande prevalencia, cunha importante mortalidade e unhas secuelas moi incapacitantes. Falamos do ictus. Con ese nome coñécese un trastorno brusco, agudo, da circulación nunha parte do tecido do cerebro. A rexión afectada deixa de levar a cabo as súas funcións, aparecendo síntomas moi variados, graves e incapacitantes.

Pode ser por obstrución dunha arteria –e falamos de ictus isquémico– ou por rotura da mesma –e falamos de hemorraxia–. Aproximadamente o 85 % son do primeiro tipo, e o 15 % do segundo, o que é moi importante para valorar os tratamentos dos que despois falarei.

Temos que pensar, lonxe de confrontacións políticas, que o ictus é unha traxedia persoal para quen o sofre, pero tamén representa un verdadeiro drama para a unidade familiar. Ninguén pode estar preparado, porque nunca se espera que ocorra.

As consecuencias do episodio agudo vascular cerebral van depender do tipo, da localización, da extensión da lesión e de posibles complicacións secundarias ao evento inicial. Segundo onde se asente, pode aparecer hemiplexía, que é a parálise de medio corpo, dificultade para falar, perda de sensibilidade ou forza, inestabilidade, perda de visión e outros moitos cadros clínicos menos frecuentes.

Para ter unha atención adecuada e un mellor pronóstico, o máis importante é recoñecer o ictus e consideralo unha urxencia médica tempodependente; é dicir, trasladar o doente ao hospital preparado para a súa atención do xeito máis inmediato posible.

Iso non sería posible sen a mellora e coordinación de cada un dos procesos da cadea asistencial, en función da dispersión poboacional e a concentración de recursos asistenciais. Os extraordinarios avances acadados na coordinación das urxencias extrahospitalarias en Galicia, coa creación do servizo do 061 e dos puntos de atención continuada, cunha dotación de persoal cada vez máis experto, e de dotación material importante, teñen sido peza clave no acceso do paciente a posibilidades de diagnóstico e tratamento impensables non hai moitos anos.

O catedrático de Neuroloxía da Universidade de Santiago de Compostela manifestaba, nunha entrevista estes días na prensa, que non hai moito o ictus era unha enfermidade intratable. Chegaba un doente ao hospital e practicamente coidábase con soporte básico e deixábase á súa propia evolución. Entón apareceu a trombólise, significou un cambio cualitativo e unha melloría importante para os pacientes, porque o 40 % respondían a este tratamento, e posteriormente o intervencionismo similar ao cateterismo cardíaco, que supón un 10 % máis de mellora nos pacientes que non responden á trombólise.

Pasouse de non ter nada que facer a que un 60 % dos enfermos que cheguen nun prazo de tempo curto poidan ser beneficiarios de tratamento. Hoxe o ictus é unha emerxencia médica tratable, e non hai moito era unha desgraza. A trombólise dissolve o trombo durante as catro horas e media primeiras tendo o inicio dos síntomas, sendo moito máis eficaz canto antes se administre.

Lamentablemente, o atraso na chegada dos pacientes aos hospitais fai que este tratamento só chegue a un 5 % dos

enfermos en todo o Estado. Hai pacientes que non poden facer ou recibir fibrinólise, pero si poden beneficiarse de estratexias máis agresivas: o intervencionismo coñecido como rescate agudo ou tratamento endovascular; métese un catéter por unha arteria, navégase polos vasos sanguíneos rompendo os trombos cerebrais e extraéndoo. É unha técnica de eficacia demostrada, que cambiará sen dúbida todas as estratexias de abordaxe do ictus. Esta técnica non vén substituír a fibrinólise, senón que pode ser complementaria nos doentes nos que non se alcance a recanalización.

Por iso é moi importante o traballo en rede, incluso entre distintas comunidades autónomas. Pero esa coordinación das urxencias extrahospitalarias das que falabamos hai un momento require de melloras e actualizacións de xeito consensuado.

¿Serve para algo ter medios técnicos, persoal adestrado e unidades de referencia, se o doente con factores de risco cardiovascular que presenta os síntomas non é quen de recoñecelos e chamar ao 061 para ser trasladado e tratado? Non, señorías, non serve de nada. Fai falla moita educación sanitaria, con campañas por parte das administracións públicas, e coa colaboración de todos os profesionais, e fundamentalmente dos profesionais de atención primaria.

O elevado número de ictus nas horas nocturnas, que non pode ser recoñecido polo propio enfermo ou polos seus familiares por non percibilo, xa é por si mesmo un problema grave para o pronóstico destes pacientes, nos que se perde un tempo moi importante para o seu tratamento, co resultado de morte ou secuelas graves en moitos casos.

O ictus é un problema de saúde pública de primeira magnitude. O doutor Gallego, da Sociedade Española de Neuroloxía, di que, aínda que se ten cualificado o ictus dunha catástrofe previble e tratable, parece haber unha tendencia a que a verba “catástrofe” faga olvidar que se pode previr e tratar.

En España unhas 120.000 persoas por ano sufrirán un ictus, consumindo nesta enfermidade entre o 3 e o 4 % do total do gasto sanitario. É a segunda causa de morte a nivel global, a primeira entre as mulleres, e tamén a primeira causa de dependencia no adulto, calculándose que un 44 % dos que sobreviven quedan con algún grao de dependencia funcional.

Hai un falecido en España por ictus cada quince minutos. Coas previsións demográficas, que auguran un crecemento moi importante dos nosos maiores, e tendo en conta que tres de cada catro casos se dan en maiores de 65 anos, é de prever un grande aumento da súa incidencia e prevalencia nos vindeiros anos.

Certo é tamén que se constata unha tendencia á diminución da mortalidade, relacionada coas melloras dos tratamentos antes citados e a mellor detección e control dos factores de risco cardiovascular, que, como todos vostedes saben, son a diabetes, a hipertensión, o colesterol, a obesidade e o tabaquismo, como principais.

Pero, asemade, hai que recordar que o ictus pode aparecer en calquera idade, cun 10 % de casos en menores de 55 anos, incrementándose nas últimas datas estes cadros en persoas xoves. Esta falsa crenza pode facer que síntomas de ictus non sexan recoñecidos, nin polo paciente nin polos familiares, pensando que a esas idades non hai casos. Este erro pode conducir a atrasos no tratamento de consecuencias imprevisibles.

En resumo, o ictus é unha urxencia, o éxito depende da rapidez e detección da enfermidade e do contacto coas emerxencias. Cómpre, polo tanto, establecer un programa que permita garantir un sistema de selección e traslado urxente destes pacientes. Este plan debe homoxeneizar a atención dos casos dun accidente cerebrovascular, ofrecendo unha adecuada asistencia sanitaria, coa máxima seguridade ás persoas que sofren un ictus, no menor tempo posible e de xeito equitativo para toda a cidadanía galega.

Coa atención temperá tratarase de diminuír as secuelas secundarias aos ACV. Dentro do plan galego de atención ao ictus, incluírase o programa Código ictus, que é un proxecto de telemedicina que permitirá a calquera persoa con sospeita de ictus que se encontre nun hospital comarcal ser atendida por un especialista en neuroloxía das unidades de ictus de referencia. Desta forma, despois de ser valorado, dirixírase ao recurso máis adecuado, dependendo da situación na que se atope o paciente, ou proporcionaráselle o tratamento de trombólise directamente nese mesmo hospital.

O desenvolvemento do que foi o proxecto de Inova saúde, Central de imaxe médica, vai permitir que as imaxes radiolóxicas estean dispoñibles en tempo real, con alta cali-

dade, para todas as persoas profesionais do Servizo Galego de Saúde con competencias sobre as ditas imaxes, independentemente de onde se xeren. Así, un neurólogo de presenza física en calquera centro permitirá axilizar enormemente o diagnóstico e o tratamento.

Foi pilotado dende Santiago de Compostela, no hospital, cos hospitais do Salnés e O Barbanza, nos anos 10 e 11, e coa formación dos especialistas baixo a coordinación do tristemente finado doutor Blanco, a quen hoxe dende este grupo queremos recordar polo magnífico traballo levado neste campo.

Por todo iso presentamos esta iniciativa: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, neste exercicio 2016, poña en marcha o plan galego de atención ao ictus, que homoxeneice a atención nos casos dun accidente cerebrovascular, ofrecendo unha adecuada asistencia sanitaria, coa máxima seguridade, ás persoas que sofren un ictus, no menor tempo posible e de xeito equitativo para toda a cidadanía galega.”

Esperando o apoio dos grupos, máis nada, señor presidente, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Señor Centeno, supoño que este plan de atención ao ictus tamén contemplará a poboación reclusa.

Bueno, esta PNL do PP está pouco clara en canto ao texto resolutivo, porque non especifican as medidas que van tomar. Tamén peca de ser un plan incompleto, que só contempla actuacións para o momento en que se produce o ictus, mais esquece as medidas preventivas e paliativas referidas a esta enfermidade terrible.

Segundo estimación do estudo Prev-ictus, máis do 21 % da poboación maior de 60 anos do Estado, case 2 millóns de persoas, presentan un alto risco de padecer un ictus nos próximos dez anos, e, cumpridos os 55, cada década vivida dobra o risco de ictus, chegando ao 75 % dos casos en persoas maiores de 65 anos. Se os casos de ictus nas próximas

décadas aumentan na Galiza, coa poboación máis avellentada do Estado, enfrontase o noso país a un grave problema de impacto demográfico, sanitario e social. Por iso me parece tan importante tamén que un plan contemple as medidas preventivas, porque o ictus pódese previr.

Algúns factores de risco, como o tabaquismo, o consumo excesivo de alcohol, a hipertensión arterial, os niveis de colesterol, a diabetes, a obesidade, a vida sedentaria e as dietas inadecuadas pódense eliminar ou diminuír cun bo seguimento dende a atención primaria. De aí o primeiro punto da emenda que presento e que espero que sexa aceptada por vostedes.

Tamén é necesario –e aquí refírome ao segundo punto da emenda– que o plan contemple medidas para a atención de pacientes que teñan xa sufrido o ictus e que queden con secuelas. Un 60 % das persoas que padeceron este problema non poden valerse por si mesmas, polas secuelas discapacitantes que lles deixa: parálise, problemas de equilibrio, trastornos na fala, déficits cognitivos, etc. Ademais, as persoas afectadas por un ictus presentan un alto risco de recaer nos tres meses seguintes. Segundo datos do estudo Impacto, menos dun terzo dos pacientes que sofren un ictus teñen os factores de risco controlados.

O ictus non só repercute –como ben dixó vostede– na vida do paciente en termos de discapacidade funcional e de redución na súa calidade de vida, porque tamén para a familia afecta moito, ao necesitar de coidados permanentemente. Dos pacientes ingresados nun hospital que precisan coidados, un 52,5 % é dependente para as actividades básicas na vida diaria, e nun 60 % dos casos a figura do coidador é unha muller, de aproximadamente 50 anos. Por iso eu penso que se debería considerar e aproveitar esta PNL para a elaboración do plan e incluír mecanismos e recursos apropiados para incorporar terapia ocupacional, logopedia e fisioterapia de alto rendemento á rehabilitación daquelas persoas afectadas polas secuelas dun ictus.

E esperando que acepten a miña emenda, máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Efectivamente, en Galiza o ictus pois é a enfermidade cerebrovascular aguda, é unha patoloxía que ten unha enorme prevalencia –podemos repetir datos: a primeira causa de morte en mulleres, a segunda en homes–, e ás persoas que sobreviven a moitas delas pois quédanlles secuelas invalidantes, tanto motoras como cognitivas, tradúcese en dependencia –en dependencia motora, en dependencia cognitiva– e é a primeira causa de discapacidade permanente pois nas persoas en idade adulta. E o cálculo é que en Galiza pode haber sobre 50.000 persoas con secuelas derivadas pois dun ictus, ¿non? E os datos tamén nos din que son arredor de 5.000 persoas as afectadas en Galiza cada ano.

É dicir, que estamos diante dunha patoloxía que debера requirir a atención por parte dos responsables sanitarios. Debería ter esa atención, primeiro, no que é a prevención. É evidente que esta patoloxía tratada, é dicir, sobre todo actuando na prevención, pode evitar moitos destes episodios, hábitos de vida. E sobre todo a atención primaria, é dicir, a atención primaria dotada con capacidade para desenvolver as actuacións precisas para ese coidado da saúde; unha atención primaria que o Partido Popular, lonxe de dotala, o que fixo foi detraerlle todo tipo de recursos, co cal nesa primeira fase de prevención evidentemente non se está a actuar na mesma.

Logo, cando xa se produce o episodio, é fundamental a rapidez, evidentemente, a atención áxil e o máis rápido posible. Efectivamente, neste momento, pois coa técnica da trombólise intraarterial, esa actuación entre as tres e catro primeiras horas desde que se produce o episodio é fundamental para o éxito da mesma.

Pero ¿cal é a realidade? Que, a pesar de ser o ictus unha patoloxía tan prevalente en Galiza, Galiza que ten unha poboación cada vez máis envellecida; que a maior idade, maior afectación; que tres de cada catro casos efectivamente se producen en maiores de 65 anos, pois o grave é que non se teñan acometido actuacións precisas para que esteamos nunha situación moi diferente da que estamos.

E en Galiza non se están a cumprir as indicacións da Organización Mundial da Saúde en canto á atención, en canto á necesidade de ter unha unidade de ictus por cada

100.000 habitantes –é a indicación que fai a Organización Mundial da Saúde–, de ter como mínimo 3 neurólogos por cada 100.000 habitantes, e en Galiza temos 1,4 por cada 100.000 habitantes, en Galiza non chega o 20 % das persoas que teñen acceso a unha unidade de ictus.

Pois diante desta situación, dende logo, no BNG lamentamos máis unha vez que o Sergas ten introducido o ictus dentro da Estratexia Sergas 2011-2014, teno introducido dentro do plan de prioridades, mais todo iso non se traduciu en actuacións, e unha proba é que hoxe veñen aquí cunha iniciativa demandando pois esas actuacións. Que a día de hoxe soamente hai a unidade de ictus no CHUS, efectivamente, que con esa actuación telemática hai esa actuación no hospital do Salnés e no hospital do Barbanza e teoricamente unha incipiente unidade no novo hospital de Vigo –que, de momento, imos deixalo aí, nunha incipiente unidade–.

No mes de outubro do ano 2005 tratamos este tema na Comisión 5ª e naquel momento o que era portavoz de Sanidade e neste momento presidente deste Parlamento, o señor Santalices, dixo que estaba de acordo coa filosofía mais que ía votar en contra, porque había que agardar aos orzamentos porque xa se estaba en marcha, e dixo tamén así que “anunciaremos que volveremos sobre o tema”. E, efectivamente, volve sobre o tema e agora pois nunha case campaña electoral. Porque chegaron os orzamentos e non apareceu o ictus nos orzamentos, non houbo nin unha soa mención ao ictus nos orzamentos. O que si foi que volveu o actual conselleiro a este Parlamento falarnos da Estratexia Sergas 2016-2020 e volveu falar do ictus. E entón o que dixo foi: “A liña estratéxica 3 é orientar a estrutura de prestación do servizo cara ás necesidades dos pacientes e á atención á cronicidade. Estamos dentro desta liña estratéxica do Plan galego de atención ao ictus, Código ictus. Este Código ictus vai cambiar unha parte moi importante da patoloxía cerebral que temos neste momento. O que foi a hemodinámica hai quince ou vinte anos vaino ser a nova actividade. Agora imos ser activos, imos tratar, hei de resolver...”. Isto díxoo o conselleiro hai nada aquí neste Parlamento.

E volvemos atopar máis unha vez que o Partido Popular vén demandar aquí, vénnos cunha iniciativa onde demanda algo que xa o Goberno, a través do seus conselleiros e conselleiras, ten prometido e non ten actuado. E a verdade é que nos parece unha tomadura de pelo non admisible...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...non porque non sexa importante o tema –que o é–, non porque non haxa que facer actuacións –que as hai que facer–. O que non nos parece de recibo é que veñan aquí anunciarlas e non facelas; iso é que o que non nos parece de recibo.

Por iso presentamos unha emenda, o BNG presenta unha emenda onde o que demandamos é que o Parlamento de Galiza inste a Xunta de Galiza a que, antes de que remate esta lexislatura, dote o sistema sanitario público de cando menos unha unidade de ictus por cada área sanitaria, con recursos tanto técnicos coma humanos. É dicir, que o fagan, que o fagan dunha vez, non que quede en declaración de intencións. Hai que pasar da declaración de intencións á actuación. E a actuación é...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...dotación real nas áreas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...de saúde do noso país, e dotación con recursos e con profesionais, porque o único xeito de loitar e actuar para que o ictus non sexa unha epidemia na nosa sociedade é actuar, non vir aquí facer propaganda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señores e señoras do Partido Popular, a verdade é que son vostedes incorrixibles, volven vir con outra iniciativa das de publicidade, propaganda e autobombo nesta campaña electoral –desesperada– que teñen iniciado vostedes. (*Murmurios.*) Eu preguntome –non se poñan nerviosos, tranquilos– como a estas alturas aínda non teñen vostedes claro que nin é ético, nin é moral, nin é legal utilizar os cartos públi-

cos, os recursos do Goberno e esta Cámara para financiar e para impulsar as campañas do Partido Popular. ¡Xa está ben! ¡Xa está ben de comparencias, de autobombo e de proposicións non de lei de bluf! ¿Ou talvez é que pensan que a cidadanía galega é parva? ¿De verdade que cren iso da xente?

Miren, o 22 de outubro, efectivamente, eu mesma levei á Comisión de Sanidade unha proposición non de lei pedindo un tratamento adecuado para esta patoloxía tan frecuente, tan mortífera e tan incapacitante, que, ademais, cando é tratada pronto e ben, ten menos consecuencias e deixa menos secuelas. Pero o Partido Popular daquela –que aínda non andaba de campaña– votou en contra; e efectivamente, señora Prado, cun peregrino argumento. Votaban “non” porque, total, xa o ía anunciar o señor conselleiro no próximo debate dos orzamentos; entón, non tiña sentido votar a favor, e, a pesar, efectivamente, señor deputado, de que facía nada que falecera o doutor Miguel Blanco. Eu nese debate recordaba que sería moito máis interesante ter aprobado esa iniciativa que dedicarlle unha rúa ou unha praza.

Pero hoxe, hoxe que o Partido Popular considera que necesita tapar as mortes da hepatite e facerse publicidade... (*Murmurios.*) –si, si, si... (*Murmurios.*), si, si... (*Murmurios.*), necesitan vostedes iso, senten que o necesitan– e facerse publicidade ante a proximidade electoral, volven sacar a pasear o ictus, pero esta vez á baixa. Pois resulta que a súa proposta é moitísimo menos ambiciosa que o anuncio que un tempo despois fixo o señor conselleiro. E iso, señorías, demostra dúas cousas: unha, que ao Partido Popular lle importa un *bledo* –e vou utilizar este termo tan coloquial–, un *bledo* o ictus e as súas consecuencias, e, dúas, que o Partido Popular pensa que esta Cámara está ao servizo do Goberno e o Goberno ao servizo dos intereses do partido.

Efectivamente, señor deputado –e sen ánimo de facer unha sesión clínica–, o ictus, o accidente cerebrovascular, é o cadro clínico derivado da interrupción repentina do fluxo sanguíneo nunha parte do cerebro, e iso pode ser causado por unha isquemia ou por unha hemorraxia. É unha patoloxía tan frecuente que se di que o 78 % –e isto é moi serio– dos casos de dano cerebral adquirido son causados por un ictus. Por iso e para poder tratar esa patoloxía con xeito, é dicir, pronto e ben, os neurólogos e as neurólogas, a neuroloxía galega, levan anos, anos, reclamando a creación das

unidades de ictus e do Código ictus en todo o territorio Sergas –o doutor Blanco tamén–, algo similar ao feito co infarto de miocardio.

Pero, a pesar diso, efectivamente, só contamos en Galicia cunha unidade, aquí en Santiago, aínda que, efectivamente, se estima que o ideal é unha cama nunha desas unidades por cada 100.000 habitantes. Porque non podemos esquecer que, ademais, unha cama nunhas unidades de ictus, porque, ademais, reducen nun 45 % a mortalidade. E iso, precisamente, señorías, é o que pedíamos nós, o Grupo Parlamentario Socialista, na nosa iniciativa: unidades de ictus, esas que o Partido Popular, que aínda non estaba en campaña, rexeitou.

Pero vexamos que piden vostedes agora, agora que andan coa careta da campaña: pois que se poña en marcha neste ano ¿que?: un plan, un plan, un plan de atención ao ictus; ou sexa, nada de nada, publicidade e propaganda. Mire, se de verdade queren facer algo, acepten a nosa emenda, que concreta un pouquiño ese plan, e concreta ese plan pois coas cousas de verdade, é dicir, pedindo para ese plan un orzamento axeitado e necesario e unhas unidades de ictus suficientes –non poñemos número–, suficientes, para dar unha atención adecuada e no menor tempo posible a toda a cidadanía. Se non aceptan a concreción do orzamento e das unidades, non os imos apoiar, pois negámonos a que utilicen tamén...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...o ictus na súa campaña electoral.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, eu vou ser bastante sincera. Temos un problema, temos un problema con esta e con outras iniciativas do Partido Popular, xa o temos dito nalgún pleno, é unha e outra

vez. Eu comprendo que trasladar iniciativas de impulso dende o partido que ademais goberna pode ser complicado. Podemos ser moi comprensivos, e teñen dúas posibilidades: propor algo novo que non se estea a facer, para instar o Goberno a que se faga e que se faga aquí un debate, ou propor algo que o Goberno debería estar a facer e non está a facer, recoñecendo, polo tanto, que a xestión ou non é a correcta ou non é de todo correcta.

O problema é que as iniciativas de impulso que o Partido Popular trae a debate –a comisión tamén, pero sobre todo ultimamente ao pleno– nin son novidade nin tampouco asumen ningún tipo de crítica do Goberno, e hoxe, unha vez máis, volven propor unha cousa que xa se debería estar a facer, e non porque o diga esta voceira, senón porque, como xa se trasladou aquí, foi o propio conselleiro de Sanidade actual, o señor Almuíña, o que nolo anunciou no mes de decembro cando falaba da Estratexia Sergas, ¿non?

Na comparecencia prometeu daquela un plan de xestión integral do ictus, no que xa se estaba, segundo el, a traballar nun rexistro, semellante ao rexistro do infarto, e que, ademais, ía haber unha unidade nova de atención ao ictus en Vigo. Isto díxoo en decembro, hai catro meses soamente, e o que pide hoxe o Grupo Parlamentario Popular é incluso menos do que xa se anunciou hai catro meses que xa se estaba a facer, co cal temos un problema evidente. É dicir, o conselleiro promete isto e catro meses despois o Partido Popular promete ou pide algo incluso inferior. ¿Cal é o problema? Que xa non cola, porque incluso en 2013 vostedes mesmos anunciaron xa esa unidade de Vigo, e hai tres anos xa xa estaba planificado para o novo hospital de Vigo. Pero vostedes volvérono anunciar en 2013, e dixeron que ía ser unha unidade que ía ter seis camas, e vólveo traer en decembro e agora volve traer isto vostede, aínda coa proposta rebaxada. Eu non entendo absolutamente nada.

E resulta, ademais, que hai un mes a Xunta de Galicia anunciou ante os medios de comunicación que tiñan a pretensión, outra vez –porque sempre fan isto–, de estender o protocolo de ictus a todos os hospitais da rede pública. Hoxe trae vostede pois algo que é absolutamente o mesmo, como mínimo. E o presidente, candidato señor Feijóo, o verdadeiro xestor sanitario do Partido Popular –que non son os conselleiros e conselleiras nunca os que xestionan a nosa sanidade–, reuniuse daquela, hai un mes só –foi a finais do mes

pasado–, cos sete xerentes das áreas de xestión integrada e asinou un acordo de xestión no que prometía que de novo ía estender o protocolo do ictus.

Así que, unha vez máis, o Grupo Parlamentario do Partido Popular volve actuar como transmisor de propaganda institucional. Nun dos últimos plenos en que eu denuncié isto vostedes o recoñeceron, que era moi importante e que había que facer propaganda. Bueno, non se cortan un pelo, ¿non?

E, ademais, apelan ou traen unha iniciativa que ten un empeoramento bastante evidente co que xa prometeron anteriormente que ían facer. O que lles importa a vostedes non parece a sanidade pública, nin sequera realmente o ictus, e que teñamos...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora Solla Fernández: ...unha asistencia real...

O señor PRESIDENTE: Silencio, hai moito murmurio na sala. Silencio, por favor, silencio.

A señora Solla Fernández: ...senón que o importante semella ser o titular que poidan vender sobre todo, como xa se dixo aquí, agora que estamos en campaña electoral.

Deberíamos falar aquí de como e de en que condicións se atende o ictus, claro que si, porque é evidente que é un problema importante, da falta de medios, da falta de fisioterapeutas e medios tamén para atender a terapia posterior, da rehabilitación, que non se está a dar nas condicións que deba darse, non só para o ictus, senón para outros problemas neurolóxicos.

Deberamos falar tamén da ausencia de axudas físicas, materiais, para estas persoas tras as secuelas, e obviamente de moitos outros aspectos que son importantes para a atención sanitaria; por exemplo –xa se dixo aquí–, a prevención na atención primaria, que vostedes, ademais, recortan, ou de como están, por exemplo, as urxencias que reciben os pacientes, ou de como están os compañeiros e compañeiras que traballan no 061 e que teñen que facer a atención inmediata a estes pacientes; deberíamos falar do global da atención.

O problema é que non se pode, porque o que se trae aquí é unha propaganda, é imposible facer debates reais. Eu

lamentoo moitísimo, porque me gustaría facer debates de verdade –nalgunha ocasión se ten dado– pero, francamente, son escasas as posibilidades que temos de dalos.

E nós xa nin plantexamos emenda, porque nos parece unha vez máis unha de tantas, e é francamente lamentable. ¿Queren debater? Pois fagámolo de verdade. Mentres tanto, o único que entendemos é que para o único que serve este tipo de iniciativas é para dar un titular dunha cousa que xa prometeron como mínimo dúas ou tres veces antes. E, francamente, nós non imos apoiar a propaganda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Señora Acuña, nós non estamos en campaña, nós temos un grupo parlamentario que traballa, temos un goberno que traballa e un presidente que traballa. Tamén é certo que non estamos descarriados, como vostedes. Nós temos candidato, vostedes aínda están a buscalo, ¿non? *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Está claro que á oposición nunca lle gustan as iniciativas que presenta o Goberno, perdón, o grupo maioritario, non vale ningunha, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Ben, si, si, si. E, desde logo...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...vostedes contradinse, porque, por unha parte, din que presentamos iniciativas que xa se están a facer e, por outra, din que non as fixemos. Pero vostedes verán o que din.

Con respecto á iniciativa que se presentou no ano 15 por parte do Grupo Socialista, teño que dicir que non debía ser moi urxente, porque foi rexistrada no ano 13... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, foi rexistrada no ano 13. Pedía que se abriaran unidades de ictus no ano 14, e debateuse no ano 15. Moito apuro non debía de ter a iniciativa, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, con respecto ás emendas, señor presidente, nós imos aceptar a emenda do Grupo Socialista...

O señor PRESIDENTE: Si, si. ¿Perdón?, ¿perdón?

O señor NÚÑEZ CENTENO: Imos aceptar a emenda do Grupo Socialista. Pensamos que o que complementa xa estaba explícito na nosa iniciativa, pero, bueno, como complemento..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...imos aceptar a emenda do Grupo Socialista.

Non podemos aceptar as outras emendas. Parécenos, a min particularmente paréceme un pouco de desprezo, para a atención primaria, poñer nunha emenda que hai que formar os profesionais de atención primaria na prevención do ictus. Se iso a estas alturas non o sabemos facer, creo que non ten moito sentido. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Entón, sen nada máis que dicir, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Pasamos, polo tanto, terminado o debate das proposicións non de lei, á súa votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa votación da Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga, que realiza traballos de prevención e loita contra os incendios forestais.

Xa falou o ponente de que aceptaba a emenda do Grupo Socialista.

Votamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio, por favor! Xa está ben, acabamos de chegar, ¡eh! ¡Silencio! ¡Home!, por favor, xa está, ¡eh!

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga, que realiza traballos de prevención e loita contra os incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno de España para que se proceda á elaboración dunha nova lei educativa consensuada coas comunidades escolares e co conxunto das forzas políticas.

Dixo que non aceptaba ningunha das emendas. Votamos, polo tanto, a proposición non de lei.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno de España para que se proceda á elaboración dunha nova lei educativa consensuada coas comunidades escolares e co conxunto das forzas políticas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Popular, sobre o desenvolvemento...

mento pola Xunta de Galicia do novo plan estratéxico deseñado para o sector da conserva para consolidar a posición de liderado de Galicia no mercado, sen perder a implicación social e laboral desa actividade.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do novo plan estratéxico deseñado para o sector da conserva para consolidar a posición de liderado de Galicia no mercado, sen perder a implicación social e laboral desa actividade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016.

Dixo que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño dos anos 2007,

2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei

O señor PRESIDENTE: E no mesmo sentido é a proposición do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada D^a Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, que tamén dixo que si aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa exclusión dos investigadores posdoutorais do programa Ángeles Alvariño nos anos 2007, 2008 e 2009 das convocatorias de contratos posdoutorais e de axudas de apoio á formación posdoutoral publicadas nos meses de febreiro e marzo de 2016.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar as perdas ocasionadas polos asolagamentos padecidos os días 29, 30 e 31 de marzo de 2016 en diversos concellos de Galicia.

Xa manifestou a ponente que aceptaba a emenda, como engádega, do Grupo Parlamentario Socialista, e tamén, se está de acordo, aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Popular, pero tamén como engádega. ¿Está de acordo? (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Acepta a votación por puntos, señora Pontón? (*Negación.*) Non. Polo tanto, votamos como estaba a proposición non de lei.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar as perdas ocasionadas polos asolagamentos padecidos os días 29, 30 e 31 de marzo de 2016 en diversos concellos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García e D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación co acceso dos deputados galegos ás penitenciarías, así como ás persoas internas nelas.

Xa se manifestou que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García e D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación co acceso dos deputados galegos ás penitenciarías, así como ás persoas internas nelas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados máis, sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia, no ano 2016, dun plan galego de atención ao ictus.

Xa manifestou que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista e non acepta as emendas dos outros dous grupos.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia, no ano 2016, dun plan galego de atención ao ictus.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; votos en contra, 8; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Finalizada a votación, pasamos ao punto 5º da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da política seguida en materia de medio ambiente

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Bo día. Boa tarde, boa tarde xa.

Benvida, señora conselleira de Medio Ambiente.

Hoxe ímoslle facer, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, unha pregunta que é moi fácil de responder, e é que valoración fai vostede dos resultados da súa política medioambiental. Cal é o seu balance en política de medio ambiente.

Hoxe vimos falar de xestión dos recursos naturais, e os socialistas temos dous principios básicos nesa xestión, que son a responsabilidade e a solidariedade, non só na xestión dos recursos naturais, senón que son dous dos principios que sustentan a nosa ideoloxía.

Explicome. A responsabilidade é, precisamente, para xestionar ben estes recursos naturais, e a solidariedade ten que ver coas xeracións presentes, pero sobre todo coas xeracións futuras, para deixarlles un dereito ao medio ambiente mellor do que temos hoxe en día.

Tendo presentes estes dous principios, entendemos nós que a resposta á pregunta que lle facemos está en dúas ideas: en que vostedes son absolutamente irresponsables e absolutamente insolidarios en canto á xestión dos recursos naturais, e vou explicar por que.

En primeiro lugar, porque o presidente da Xunta, que acaba de saír, decidiu ter no seu goberno, no actual e no anterior, pero sobre todo no actual, en menos de catro anos, tres conselleiros diferentes en materia de medio ambiente –un conselleiro e dúas conselleiras–, e pasar dunha macroconsellería a un cacho de consellería que –permita que llo diga– ten asumido vostede, señora conselleira.

O segundo motivo é que, nos sete orzamentos aprobados polo Goberno ao que vostede pertence, en materia de políticas medioambientais houbo unha redución drástica nas partidas da Consellería de Medio Ambiente. Os fondos adicados ao medio ambiente no ano 2005, en relación cos do ano 2009, rebaixáronse máis ou menos en 176 millóns de euros. A execución do orzamento do ano pasado, do ano 2015, en investimentos reais foi a metade do orzamento da consellería, daquela macroconsellería que si existía co conselleiro de Medio Ambiente, Infraestruturas e Ordenación do Territorio. Polo tanto, os seus orzamentos resultan minorados nun 17 %. Irresponsabilidade e insolidariedade.

E ademais, porque nas cinco áreas esenciais en medio ambiente hai un desastre –podémolo dicir así–, na súa xestión: en cambio climático, en biodiversidade, en protección animal, en protección do mar e do litoral, en augas e en residuos. E intentarei poñerlle exemplos en cada unha destas áreas para que non só vostede, senón o resto dos que estamos aquí, sobre todo o resto dos que están fóra, o poidan visionar.

Señora conselleira, vostede descubriu o quecemento global e o cambio climático cando viaxou a París ao cumio mundial. Tanto é así, que os seus deputados, os que sustentan o seu goberno –non ría–, cada vez que lle pedimos en comisión nestes últimos tres anos, cada ano, que elaboren un novo plan de acción contra o cambio climático, a primeira vez que llo pedimos en comisión os seus deputados negaron, efectivamente –parafraseando a aquel primo de Rajoy–, que o cambio climático existise. Polo tanto, vostede descubriuno cando viaxou a París, e nós entendemos que sería moito máis productivo para o medio ambiente que, en lugar de facer viaxes a París, fíxese vostede, por exemplo, algunha viaxe á ría do Burgo e metese os pés no chapapote, no lodo, que hai na ría.

Por suposto, falar de contaminación e de cambio climático en relación co aire e co ruído pode ser que para vostede sexa, ademais, ciencia ficción. Coñecerá –supoñemos– vostede as condenas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de rúidos, e coñecerá tamén, en relación co aire, que a recuperación de materiais e a enerxía evitarían a emisión de quilogramos de CO₂ á atmosfera e, polo tanto, a contaminación do aire.

Teñen vostedes paralizado o Plan de acción contra o cambio climático; non temos datos oficiais dende o ano 2011. Vostedes manteñen unha estratexia galega do ano 2005; orzamentan cero euros ano a ano. E no seu Plan estratéxico 2015-2020 recoñecen unha serie de debilidades vostedes expresamente.

Que as emisións de gases de efecto invernadoiro estaban no ano 2011 –porque son os últimos datos oficiais– 18 puntos por enriba do obxectivo 2020; que hai procesos en Galicia de desertificación e erosión; que hai unha grande vulnerabilidade fronte aos riscos de inundacións e secas, e que hai un previsible efecto do cambio climático no incremento de pragas, enfermidades e parasitos. Aínda así, votan en contra dun plan.

Que dicir na protección de especies, de espazos e da paisaxe na biodiversidade. Vostedes orzamentan... gastaron. Non orzaron, gastaron 55.000 euros en sinalización de parques naturais, en toda a Rede Natura. O actual Plan director da Rede Natura foi un fiasco e unha decepción, fundamentalmente para os veciños que alí viven, que estamos a esperar a un plan de xestión do lobo e un plan de recuperación do oso. E seguimos a arder, conselleira, non só naqueles lugares que non están protexidos medioambientalmente, senón tamén nos que si o están.

Señora conselleira, o resumo da súa política medioambiental en materia de biodiversidade está na mina de Corcoesto, que hoxe está nos tribunais. Seguimos a arder, ¡e menos mal que os veciños de Carril foron a Cortegada a apagar aquel incendio nunha das illas do parque nacional! Menos mal que estaban os veciños de Carril, porque, dende logo, conselleira, vostede ou a súa anterior compañeira non estaban.

En protección animal, fían vostedes todo, todo, a ese anteproxecto de lei que van facer. Tanto é así que, nunha resposta que nos dan o 21 de abril a unha das nosas preguntas sobre esterilización animal, din: “O novo marco legal que se está a tramitar, analizará e regulará todas estas cuestións”. Ata este momento, que sexan as protectoras as que se encarguen –sen, por suposto, orzamento, cero euros orzamentados ano a ano– da protección animal, do control do abandono e da intensificación da vixilancia polos incumprimentos da lei do ano 1993.

¿Que dicir da protección do mar e do litoral? Conselleira, cando vostedes tiveron que emitir un informe sobre a ampliación da prórroga a Ence –un informe a Madrid–, emitiron un informe sobre a modificación da lei de costas, e con relación a Ence non dixeron nin unha soa palabra. A empresa pediu... (*Aplausos.*) Nin unha soa palabra, conselleira.

A empresa pediu 60 anos de prórroga, poderían coa Lei de costas pedir ata 75, pero consideraron... Por certo, eles mesmos recoñecen erroneamente que tiñan que pedir 60 anos, Madrid decidiu darlles 60 anos, e vostedes non dixeron esta boca es mía. Esa é a súa política en protección do litoral.

As rías seguen a estar en perigo de gran contaminación. Non o dicimos nós, dío a Unión Europea. E vostede vén contarnos un plan hidrolóxico Galicia-Costa para o período

2015-2021, cun investimento de 655 millóns de euros, con 24 millóns de euros para 6 rías galegas para este ano.

A Lei de augas mantéñena vostedes, supostamente, con dous novos tributos para infraestruturas. Son 24 millóns de euros para 6 rías este ano, co estado das nosas rías. E cando lles pedimos que derroguen vostedes estes tributos, dinnos que non. Pero, ao mesmo tempo –imos falar de Andalucía porque é un tema que a vostedes lles encanta–, en Andalucía os seus deputados piden que se derrogue o canon da auga da Lei de augas de Andalucía. Non o coeficiente de vertedura, porque en Andalucía non hai ese tributo; si hai canon da auga, pero non coeficiente de vertedura. Alí piden a derogación e aquí votan en contra da petición de derogación.

E, por último, en materia de residuos teñen vostedes un plan –recoñecido por vostedes aquí, neste pleno– que está caducado. Un plan de residuos, un modelo de xestión de residuos, que está agotado, que está obsoleto. Pero rebaixan a partida orzamentaria en case 10 millóns de euros. Iso si, o presidente de Sogama fixo unhas declaracións hai un día dicindo que as súas contas son as mellores da súa historia, e insúltanos anunciando que a empresa elaborou campañas de concienciación e de sensibilización destinadas á poboación de Galicia, en concreto a 53.232 persoas. Somos máis de dous millóns de cidadáns, polo tanto, é ao 1,9 % da poboación de Galicia a quen van destinadas estas campañas de concienciación e sensibilización.

Conselleira, irresponsabilidade e absoluta insolidariedade. Esa é a resposta á pregunta que nós lle facemos.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Señora Vilán, a verdade é que, cando tiveren a oportunidade de coñecer esta interpelación, a que me fai vostede, case,

case penso que estaba vivindo un *déjà vu*, porque esta é a terceira vez que veño contestar o mesmo texto, a mesma pregunta. O ano pasado foi utilizado para falar de emprego, foi tamén utilizado para falar de xuventude... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor Fajardo, se me quere interpelar, ten instrumentos para facelo. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)* Pois, cando queira, falamos vos tede e máis eu. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio. Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Dentro da obriga do Goberno da Xunta de Galicia de dar resposta ás prácticas de control do Goberno que fai a oposición, gustárame ter a oportunidade de contestarlle á señora Vilán polo que se supón que pregunta nesta interpelación, que, como digo, foi presentada hai máis dun ano, en concreto quince meses, cun mesmo texto que utiliza a formación do Partido Socialista para preguntarlle á conselleira de Infraestruturas, á conselleira de Medio Ambiente, a calquera outra consellería.

Home, eu fun deputada deste Parlamento hai máis de dez anos. Coñezo, evidentemente, as prácticas parlamentarias, coñezo os métodos de labor de control ao Goberno, mesmo tamén o método propositivo e todas as tácticas que vostede poida imaxinar, pois fun testigo como deputada e mesmo tamén como membro do Goberno, pero o que nunca, de verdade, puider comprobar neste Parlamento é un exercicio –dende o meu punto de vista, ímolo dicir con todo respecto– de vagancia para escribir preguntas, neste caso sobre medio ambiente, señora Vilán *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, permítame que llo diga, porque é a táctica de, cando queira, vimos aquí falar.

De todos os xeitos... *(Murmurios.)* de todos os xeitos...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, perdón. Señor Fajardo, teño que chamalo á orde. ¡Silencio! *(Interrupcións.)*

Non, non, silencio. Silencio, por favor, silencio. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Será compensado o tempo, señora conselleira. Siga.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Grazas.

Dito isto, evidentemente é unha oportunidade que dende a oposición ten para traer ao Goberno, hoxe deciden que estea a conselleira de Medio Ambiente, e para min, dende logo, é unha honra, e ademais quero agradecer expresamente que me dean a oportunidade como Goberno de falar do importante e do que me ocupa neste caso, que é a xestión das políticas medioambientais dende a comunidade, e mesmo tamén da ordenación do territorio. Algo que, como dicía na súa intervención –que por certo non está escrito, non está escrito, pero si dito por ela–, é un cacho, un cacho de goberno. Bueno, pois para ela ese cacho do Goberno da Xunta de Galicia en concreto era o cacho que levaba o que foi secretario xeral da súa formación política. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* ¡Silencio! Eu comprendo que é unha hora... Silencio. Estamos cansados, pero silencio.

Non, non. Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. Non quero empezar a chamar á orde, por favor. Non me gustaría. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Losada, chámoo á orde.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Non o chame, non o chame.

O señor PRESIDENTE: Siga, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Tentarei non utilizar a mesma linguaxe que utiliza a oposición para que non sexa cha-

mada á orde, porque hai palabras do vocablo castelán, que non son ningún insulto, que non podo utilizar porque, efectivamente... Bueno, falamos entón desa palabra..., (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Losada, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...quedamos entón cunha consellería, Consellería de Medio Ambiente...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Non, non, estou dicindo que non interrompa á conselleira. Silencio, por favor. ¡Silencio!

Señor Fajardo, silencio, se non, teño que volver chamalo á orde. Ou teño unha solución, suspendemos momentaneamente o pleno e reanudámolo, a ver se nos tranquilizamos, ¡por favor!

Hai varias solucións. Podemos suspender o pleno. Hai que respectar a quen está no uso da palabra, e eu o que lles pido é que se respecte. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Si, si, respectar. Despois hai a réplica. Despois hai a oportuna réplica da señora Vilán, que é quen formula a interpelación, non a formula o señor Fajardo nin o señor Losada.

Polo tanto, silencio e que continúe a conselleira, se non, suspendo o pleno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Fajardo, chamada á orde.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Dende hai cinco meses, teño a honra de ostentar a responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; unha conselleira que, no seu tempo, tamén desenvolveu un ilustre deputado desta Cámara, que foi secretario xeral do Partido Socialista e que, evidentemente, fixo —eu entendo— o seu labor á fronte desta consellería, igual que dende a Xunta de Galicia tentamos melloralo agora nesta consellería actual.

Pero, como dicía, agradezo a oportunidade de falar nestes minutos que me quedan de interpelación do importantes que son as políticas medioambientais que se teñen desenvolvido dende o Goberno da Xunta de Galicia e que se están desenvol-

vendo agora, e que comeza, obviamente, a súa capacidade de xestión por ter unha capacidade de presuposto máis grande da que tiña o ano pasado. É dicir, esta consellería, que hoxe é unha consellería única por decisión expresa do presidente da Xunta de Galicia, que quere facer do medio ambiente protagonista da súa xestión política, ademais de ser protagonista por ser consellería única, ten tamén un incremento presupostario dun 6,64 %, o cal significa que supera en dous puntos a porcentaxe de crecemento de todo o Goberno da Xunta de Galicia.

Evidentemente, nin eu como conselleira nin os conselleiros que me precederon nin o Goberno da Xunta en xeral, descubren a situación e os problemas do cambio climático a través dunha viaxe. Non fai falla desprazarse a ningún sitio para saber que o problema do cambio climático non é un problema de Galicia, non é un problema de España, é un problema de todo o mundo. É un problema sobre o que hai apenas uns días foi ratificado en Nova York o compromiso de todos os países —de máis de 196 países—, e tivemos a oportunidade, como Goberno da Xunta de Galicia, de ratificar tamén o compromiso do Goberno da Xunta nun acto no que, efectivamente, participou o Goberno do Estado no Cumio de París, onde tivemos a oportunidade de constatar un compromiso concreto, que foi o Pacto local da auga, e ese é un paso máis no avance na loita contra o cambio climático.

Evidentemente, non é o primeiro, posto que xa no ano 2012, moitísimo antes dese cumio, houbo un informe sobre cambio climático en Galicia que recolleu 84 medidas xestionadas polas distintas consellerías da Xunta e onde houbo un investimento de 35 millóns de euros, señora Vilán. Non de cero millóns de euros, como dicía vostede, senón de 35 millóns de euros.

E segundo. Agora estamos traballando xa no segundo informe sobre o cambio climático, un informe extenso, un informe completo, con medidas concretas, que será presentado en breve; un informe que recollerá todos os progresos acadados nos últimos catro anos na loita pola redución dos gases da atmosfera que producen o efecto chamado invernadoiro. E tamén será parte este informe de algo que nós entendemos necesario, o Goberno da Xunta de Galicia, que é unha estratexia de sostibilidade ambiental na que se identifiquen todos os retos aos que se enfronta Galicia en materia medioambiental, os cales son, evidentemente, prevención, e van xurdir de aí todas as oportunidades para a nosa comunidade.

Outro dos retos aos que nos enfrontamos é a mellora da xestión dos residuos. Conseguiamos avanzar na cultura da reciclaxe é un deber para todas as administracións, e así quedou contemplado xa no Plan de residuos urbanos do ano 2010-2020. Ese plan que xa empeza a amosar os seus resultados, entre os que destacamos a redución dun 11 % da xeración de residuos *per cápita* nos últimos seis anos, e mesmo tamén un incremento dun 18 % dos puntos limpos. Isto fai posible que 2,4 millóns de galegos teñan agora mesmo este servizo, e, obviamente, este incremento obedece a un investimento de 6,5 millóns de euros que se fixo dende o ano 2009.

Unha das grandes novidades nas que estamos traballando xa mesmo é o Plan de residuos industriais; un novo plan que complementará o de residuos urbanos, que vai vir acompañado dun importante esforzo en materia de prevención e reciclaxe de residuos industriais. Nesta actuación, nesta última, non no plan, senón nesta última, na materia de prevención e reciclaxe, investiremos un total de 3 millóns de euros. Isto será entre o ano 2016 e 2017. Este plan, que aprobaremos agora, nestes meses, será o primeiro plan específico de residuos industriais na nosa comunidade autónoma.

Falaba tamén, señoría, de Sogama. Efectivamente, Sogama é unha empresa pública que recolle os residuos urbanos de 295 concellos de Galicia, é dicir, da práctica totalidade dos concellos de Galicia, máis do 95 % dos concellos están en Sogama, e que, efectivamente, tivo no ano 2015 indicadores dos que pode sentirse orgullosa porque melloraron ano tras ano, entre eles a súa capacidade de reciclar, que incrementou as toneladas que reciclaron, chegando a preto de 600.000 toneladas, cunha porcentaxe de crecemento dun 28 % con respecto ao que atopamos cando chegamos no ano 2009. Tamén a súa capacidade de xerar e valorizar máis os residuos, é dicir, de xerar máis enerxía, ata chegar a 360.000 megavatios hora producidos pola planta termoeléctrica, e tamén se desviaron ao vertedoiro moitísimas menos toneladas das que tiñan cando chegamos. De feito, cando chegamos, ao vertedoiro desviábanse 413.000 toneladas e agora desvíanse 185.000; é dicir, menos da metade.

Sogama tense consolidado como un modelo de xestión de residuos moderno e recoñecido, e, dende logo, está a ser eficiente e...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...e autosuficiente.

Gustárame tamén falar da política das augas, e, sobre todo, de todo o que supón o investimento vencellado á materia de saneamento e abastecemento da nosa comunidade autónoma. Nos peores momentos do Goberno da Xunta de Galicia, investíronse 1.000 millóns de euros no Plan hidrolóxico, ¡1.000 millóns de euros!, dos cales 600 foron investidos na rías da nosa comunidade autónoma. Foron 1.000 millóns de euros que deron cobertura a 350 actuacións, que deron cobertura a 160 concellos, que construíron 35 novas depuradoras. E, evidentemente, damos cobertura con este investimento a máis de un millón de persoas; é dicir, a metade dos galegos tiveron a oportunidade de verse beneficiados pola construción destas novas instalacións.

Evidentemente, melloráronse as calidades das augas, pero temos que seguir avanzando. Por iso hai un novo plan, que contemplará un investimento de 655 millóns de euros de aquí ao ano 2020, no que se destinarán máis de 100 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...en concreto 131, para as nosas rías.

Na parte segunda da interpelación tentarei concretar un pouco máis os detalles sobre conservación da natureza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleira, a pregunta era moi fácil, a pregunta está escrita. O que veña antes da pregunta, é o seu labor falar diso, que é o medio ambiente. O que vén antes da pregunta é unha introdución, pero a pregunta é moi clara. Vostede o único que ten que facer é vir aquí e, en lugar de falar dun

déjà vu que quizais teña que ver coa súa viaxe a París ou con que vostede e o señor Balseiro comparten o mesmo asesor de cabeceira, que é unha expresión que o señor Balseiro utiliza moito, pois ao mellor, en vez de vir aquí falarnos dun *déjà vu*, podería non ter gastado case cinco minutos do seu discurso en non dicir nada de nada.

E o seu discurso de medio ambiente, señora conselleira, neses cinco minutos, é un exemplo da política medioambiental da súa consellería. É dicir, nada, en castelán; *rien*, en francés ou *nothing*, por se vostede viaxa a Nova York a ese novo cumio que poida haber sobre medio ambiente. (*Aplausos.*)

En todo caso, benvinda ao discurso do cambio climático que está no mundo dende hai varios anos. Vostedes no ano 2012, neste Parlamento, na Comisión de Medio Ambiente, votaban en contra da petición dos socialistas dun novo plan contra o cambio climático minimizando que o cambio climático fose un problema, xa non de Galicia, senón mundial. Polo tanto, revíse vostede o que dicía o seu grupo parlamentario naquel momento, señora conselleira, e o primo de Rajoy, por suposto.

Vénnos falar de residuos e di que se reduciron –coincide vostede, curiosamente, co presidente de Sogama– nun 11 %, pero é pola crise, conselleira. A xente consome menos porque ten menos cartos, e entón os residuos que chegan a Sogama son menos. Esa é a explicación lóxica. Conselleira, non só existe Sogama, hai outras dúas plantas en Galicia que tamén se adican á xestión de residuos, e vostede estaría ben que viñese aquí e o recoñecese.

É unha absoluta irresponsabilidade que o presidente de Sogama –e vostede– diga que hai unha pequena parte que vai ao vertedoiro, pequenísimas partes. Pero vostedes non concretan, porque hai menos produción e porque vostedes non fan paradas técnicas, conselleira, por iso vai menos ao vertedoiro.

É unha absoluta irresponsabilidade que vostede e o seu presidente de Sogama digan que foi Sogama quen elaborou un plan de viabilidade, cando non é verdade. Foi Price-Waterhouse Cooper e pagáronlle vostedes case 60.000 euros por ese plan de viabilidade.

É unha absoluta irresponsabilidade, conselleira, que vostedes chamen díscolos aos concellos que non pagan o incremento do canon de Sogama, cando eses concellos foron ao

ulgado e hai interpostas varias cuestións de inconstitucionalidade, por xuíces que, por suposto, non teñen nada que ver con Sogama, precisamente por ese incremento do canon de Sogama.

É unha absoluta irresponsabilidade que vostede veña aquí dicir que as rías están moito mellor e que, grazas a que vostedes fan ben o seu traballo, hai un millón de galegos que se poden beneficiar, cando hai menos de dous anos os euro-parlamentarios que teñen que ver coa Comisión de Peticións do Parlamento europeo viñeron aquí a tirarnos das orellas e a dicirnos que as rías galegas estaban en perigo precisamente pola súa contaminación.

É unha absoluta irresponsabilidade, conselleira, que vostede veña aquí falar do ben que están as rías, que diga que van empregar non sei cantos millóns –igual que fixo na súa comparecencia na Comisión de Medio Ambiente do 26 de outubro de 2015–, 24 millóns de euros, e que logo vostede lle vaia dar a man ao responsable de Ence en Pontevedra para facerse unha foto e que lle encargue a el, precisamente, que 15 millóns de euros da nova depuradora para Pontevedra os pague unha empresa privada e non a súa administración, que é quen está obrigada a encargarse da depuración en Galicia. O resto, por certo, vai vir, segundo vostede –eses 45 millóns de euros–, para a ampliación e a mellora da estación de Praceres, dos fondos Feder. É dicir, a Xunta de Galicia non vai investir nin un só euro; 45 millóns dos fondos Feder e 15 millóns que vai poñer... Ata 15 millóns dixo vostede e dixo tamén o presidente da Xunta, por certo.

Van poñer vostedes cero euros na depuración. Iso reflicta, conselleira, o seu interese polo medio ambiente. Os cinco minutos de perda do inicio da súa intervención, a súa absoluta irresponsabilidade, que vai levar, por desgraza para todos, non só para nós, senón tamén para as xeracións que veñen despois de nós...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...a unha insolidariedade cos que veñen despois para que poidan disfrutar dun medio ambiente adecuado.

Conselleira, viaxe menos e adíquese un pouco máis a preocuparse polo medio ambiente.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Turno de peche. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Intentarei centrar esta intervención no importante, que é falar dos temas que a señora deputada plantexa na súa pregunta de maneira oral.

Fala vostede de Sogama, en concreto. Evidentemente, eu creo que se pode recoñecer, sen que iso sexa ningunha mostra de irresponsabilidade, senón máis ben todo o contrario, que, efectivamente, Sogama está a ser eficiente; Sogama está a ser autosuficiente; Sogama está a presentar números negros; é dicir, están a xestionarse mellor as cousas.

Non é certo que se estea a reducir a capacidade de xestión de tratamento da planta de Sogama, senón todo o contrario. Sogama incrementou a súa capacidade ata chegar a un máximo histórico, que é este ano 2015, onde tratou 550.000 toneladas, case 600.000 toneladas.

Agora mesmo está nun proceso de ampliación e de crecemento, cun investimento de máis de 30 millóns de euros neste ano, precisamente para darlle resposta non só á mellora técnica, que ademais será tamén unha mellora medioambiental, senón tamén á capacidade de xestión de residuos, capacidade que se verá incrementada, unha vez que sexa implementado este investimento, en preto de 700.000 toneladas que poderán ser tratadas en Sogama. Isto vai significar que Sogama, que é unha planta eficiente, unha planta cun método eficiente medioambientalmente, como digo, sostible e autosuficiente, vaia ser quen, ademais, de poder absorber todo o tratamento de toneladas de Galicia.

Sogama ten unha modalidade –ademais é algo que é importante recordar–, ten por convenio voluntariamente asinado que os 295 concellos que voluntariamente así o queiran leven os residuos a esta entidade. Ninguén está obrigado, é unha decisión voluntaria de cada concello. Sogama está a coller preto do 98 % dos concellos da nosa comunidade.

Coñecemos a situación na que está Nostián, e coñecemos tamén a situación na que está Lousame. Obviamente, cada un

deles funciona independentemente. Instamos formalmente, dende a Xunta de Galicia, a que Nostián e mesmo Lousame sexan quen non só de garantir unha eficiencia medioambiental e económica, senón tamén de ser autosuficientes, cousa que a día de hoxe aínda non o están a demostrar.

Por suposto, o que si é unha irresponsabilidade é falar de que hai recursos de inconstitucionalidade sobre o canon de Sogama, cando aínda non están admitidos a trámite como tales eses recursos de inconstitucionalidade. Polo tanto, aquel que pide, que pacta, que voluntariamente lle outorga a Sogama a xestión dos seus residuos, evidentemente tamén terá que acollerse ao pago desa xestión, que é o que se fai dende Sogama.

Falando de augas e do investimento en augas, ese investimento xa está reflectido. Non é baladí falar de 1.000 millóns de euros, dende o ano 2009 ata o de agora, nun investimento en materia de saneamento. E non é baladí dicir que, deses 1.000 millóns de euros, 600 foron destinados directamente para a mellora da calidade das nosas rías, rías onde, por certo, foron investidos –como, por exemplo, na ría do Burgo– 100 millóns de euros precisamente para mellorar a súa situación. E onde, por certo, no ano 2016, para completar ese plan de saneamento da ría do Burgo, esta consellería investirá preto de 6 millóns de euros (*Aplausos.*) para, con dúas actuacións, tentar rematar ese plan de actuación.

Como non é baladí o investimento que dende a Xunta de Galicia tamén estamos en disposición de facer na ría de Pontevedra, despois de manter un encontro con todas as mariscadoras, coas presidentas das mariscadoras e mesmo tamén co representante da Asociación pola Defensa da Ría, precisamente para constatar que a Xunta de Galicia –a Xunta de Galicia, non outro– vai investir preto de 11 millóns de euros neste ano, que están á disposición do Concello de Poio, que están á disposición do Concello de Marín e mesmo tamén na redacción dun plan de saneamento.

A Xunta de Galicia quere, e así o fai dende o Goberno no seu conxunto, demandarlle a Ence que cumpra; que cumpra coa ría de Pontevedra, que cumpra con Pontevedra e coa súa comarca e que se comprometa non nos seus propios intereses, senón nos intereses de mellorar a situación medioambiental de Pontevedra e da súa comarca. Iso foi o que demandamos. E demandamos de Ence un compromiso en

materia medioambiental que se vai traducir en 15 millóns de euros que Ence vai dar para facer unha nova depuradora.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Depuradora que, señoría, se vostede soubera de augas, sabería que non custa –se o compara coa depuradora de Vigo, se o compara coa depuradora da Coruña– 15 millóns de euros. Nós temos unha estimación, comprometida xa no programa operativo ata o ano 2020, de 45 millóns de euros mínimo para Praceres. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non o dixó, non o dixó. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Falou de 24 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Son 45 millóns de euros mínimo para Praceres. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En definitiva, señorías, se me dan a oportunidade...,

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. Remate xa, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...nada de irresponsabilidade, toda a responsabilidade do Goberno da Xunta de Galicia con mellorar as calidades de augas, toda a responsabilidade coa mellora da xestión de residuos...,

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...e toda a solidariedade con garantir... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Suspendemos o pleno ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Modificación e alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Comunicase que a pregunta número 49062 da orde do día se apraza, por petición da Xunta de Galicia, e que a pregunta número 48846, do punto 7.6, se debaterá despois da 7.1.

Continuamos coa interpelación do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección social das persoas traballadoras desempregadas

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, boa tarde a todos.

A verdade é que tratar un tema desta gravidade nesta hora tan apaixonante para o debate parlamentario pois deixa en evidencia a necesidade de mudar, cando menos, as formas do debate parlamentario.

Nosoutros traemos unha interpelación –non, dígo por todos, non só polo Goberno, non se preocupe, señor conselleiro, dígo por todos, non só polo Goberno; ou sexa, facemos autocrítica, cousa que o Goberno non soe facer–, e cando falamos dunha situación como a que nós traemos para preguntar a día de hoxe ao Goberno como é a situación do desemprego e, sobre todo, a cobertura daqueles que non atopan emprego, estamos a falar do que é unha das maiores lacras deste modelo social e do que nós chamamos a ruptura daquel contrato social asinado durante a transición. E que, en definitiva, non é máis que unha consecuencia das políticas de austeridade e austericidio que o Goberno do Partido Popular no Estado e na Xunta de Galicia aplica a *pies juntas* por mandato da troika e da Unión Europea.

A nosa clase obreira, o noso modelo de mercado de traballo está caracterizado a día de hoxe pola precariedade, pola incerteza, pola incapacidade de poñer encima da mesa un proxecto vital. E, sobre todo, pola inexistencia de ningún tipo de colchón social de resistencia, no sentido de que a día de hoxe calquera persoa que poida perder o seu posto de tra-

ballo ten moitísimas dificultades para acceder aos mecanismos de protección para el e para o conxunto da súa familia.

Neste sentido, estamos nun contexto onde a cifra de desprotección é histórica. Se analizamos os datos a día de hoxe podemos demostrar que o 27,8 dos desempregados son os únicos que teñen protección; é dicir, practicamente o 70 % dos desempregados a día de hoxe están en situación de desprotección. É un dato que lle podo corroborar cando queira, non poña esa cara, vostede sei que vai falar do 51 %, pero se a eses engadimos todos aqueles que deberían de estar nas listas do paro e non o están ao respecto, por exemplo, das persoas que están en plena situación de prexubilación, nos contratos a tempo parcial e que acceden ao paro, a cifra posta encima da mesa por un economista de elevado prestixio, como o señor Negueruela, é do 27,8 % de protección ao desemprego; é dicir, soamente 3 de cada 10 desempregados teñen algún nivel de protección. E deses, a maioría, máis do 50 %, son a nivel asistencial, incluso por cuestións que debería de ter contemplado o Estado e non contempla o Estado, e si, así, as comunidades autónomas.

Eu creo que vou poñer un dato encima da mesa que é moi significativo: a redución dende o 2011 en políticas de protección ao desemprego é de 25.000 millóns de euros no conxunto do Estado. 25.000 millóns de euros, esa é a realidade do que estamos a falar ao respecto da redución das políticas de protección. Eses son os datos de redución, pero tendo en conta que durante este período de tempo houbo dous millóns e medio máis de desempregados no conxunto do Estado, a redución do que terían que ter gastado coas condicións iniciais do 2011 sobre a protección do desemprego é de 41.346 millóns de euros. Estamos a falar, polo tanto, dunha barbaridade de recorte que foi directamente aos petos dos desempregados deste país. Precisamente aqueles que máis o necesitaban foron os que recibiron a maior estocada, 41.000 millóns de euros que foron retirados das prestacións de desemprego.

Se falamos de que o conxunto do rescate bancario neste país foi de 100.000 millóns de euros, estamos falando de que practicamente a metade do rescate bancario foi á conta do que deixaron de percibir os desempregados deste país. Polo tanto, estamos ante unha sociedade enferma, que decide nos momentos de peor situación económica para o conxunto do Estado, pero sobre todo para a clase obreira, desprotexer os desempregados e protexer a banca. E ser capaz de drenar

100.000 millóns de euros públicos para salvar a banca e quitarlle, iso si, 41.346 millóns de euros ás prestacións por desemprego.

Polo tanto, nós cremos que é o momento de cambiar esta situación, é certo que o conxunto de políticas de protección ao desemprego teñen que ver coas competencias do Estado, pero non é menos certo que o Estado se desligou desta realidade tomando decisións que van en contra das posibilidades de acceso a estas prestacións. Por iso moitas comunidades autónomas, no conxunto do Estado, tiveron que asumir esta responsabilidade, e por iso moitas delas están por encima dos niveis de déficit que lles permite o Estado.

Non é así o caso de Galicia, o caso de Galicia é a campioa de cumprir co déficit, e precisamente o é por non ser capaz de implementar políticas que cubran a falta de protección que o Estado fai, por exemplo, cos nosos desempregados. Outras comunidades tomaron iniciativas no sentido da protección, e por iso en moitos casos nos cobren as cifras do déficit.

O que estamos plantexando, polo tanto, é a primeira disxuntiva, ¿é posible facer políticas de protección dos nosos empregados? Si, é posible, é unha iniciativa política e hai que tomar decisións de a quen se protexe primeiro: ¿ás bancas multinacionais, á banca que é provocadora da crise ou a aquelas persoas que por mor dos desmáns da banca perderon o seu posto de traballo? Parece claro que o Partido Popular e o bipartidismo decidiron apoiar a estes segundos e non así aos traballadores desempregados.

Pero tamén hai que dicir que é necesario mudar as políticas de recortes ao respecto das condicións de acceso a estas situacións de desemprego. Dende que o Goberno do Partido Popular chegou ao Goberno foron continuos os recortes non só nas cantidades, senón tamén –como todos vostedes saben– na situación do que ten que ver coas condicións de acceso. E creo que hai un dato moi importante, cando o Partido Popular chega ao poder, a prestación media no conxunto do Estado era de 1.000 euros por desempregado, a día de hoxe é de 770 euros; é dicir, 300 euros por debaixo de cando chegaron.

Polo tanto, estamos nun continuo ataque a estes niveis de protección dos nosos desempregados que o único que fan é

incumprir a Constitución. Que a día de hoxe subir a este estrado a plantexar que se respecte a Constitución sexa revolucionario é unha cuestión que, dende logo, ten que ver coa degradación dun modelo. E un modelo onde aqueles que se din constitucionalistas, aqueles que din que é imposible mudar a Constitución, porque hai que respectala, son os que a incumpren. E nosoutros, xa a día de hoxe, consideramos revolucionario que se respecte a Constitución, que no seu artigo 41 fala claramente de garantir a asistencia de prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, e especialmente ante a situación de desemprego.

É dicir, o Partido Popular, que é o campión do mundo da corrupción, o campión do mundo da ilegalidade ao respecto do seu financiamento, tamén é o campión do mundo á hora de incumprir a Constitución que tanto defende. Imos ir a unha campaña electoral onde o Partido Popular dirá que é o garante da Constitución, do réxime constitucional e da unidade de España. Pero o único que non vai dicir é que son os primeiros en incumprir a Constitución, por exemplo, neste artigo 41 que demanda dunha forma clara que os poderes do Estado deben de contribuír á asistencia en prestacións ás persoas que perden o seu emprego por mor das políticas económicas absolutamente suicidas dun goberno que ve a clase obreira como un elemento para seguir chuchando e seguir quitando recursos para drenar as grandes multinacionais e os bancos.

A nosa interpelación é moi clara, a primeira cuestión que lle plantexamos é, ¿que vai facer a Xunta de Galicia para compensar a situación de desprotección dos nosos desempregados?, cando está claro que esta situación non é asumida por parte de quen ten a competencia, que é o conxunto do Estado. A segunda é se desde esta Administración pública, desde a Xunta de Galicia, lle imos trasladar ao Goberno do Estado, que saia das vindeiras eleccións, se entenden que debe ser absolutamente necesario non só corrixir os recortes ao respecto das prestacións de desemprego e das dificultades do seu acceso, senón implementar novas medidas que permitan que calquera persoa que perda o seu emprego saiba que ten garantido, cando menos, un mínimo vital.

Tamén nós plantexamos dunha forma clara e contundente, ¿que van facer con aquelas situacións máis desesperadas? Sabemos que o desemprego afecta de forma moi importante os maiores de 45, os mozos, pero tamén as mulleres. E eses

tres colectivos necesitan unha atención especial para evitar a súa exclusión e que a día de hoxe estean nunha situación onde practicamente a metade dos nosos desempregados leva máis de un ano de paro, e, polo tanto, moitos deles con incapacidade de acceder a unha prestación.

E, sobre todo, tamén lle preguntamos sobre unha iniciativa que nós cremos que é absolutamente fundamental. Vostede sabe que despois da reforma do Partido Popular para acceder a acumular períodos de cotización que dean dereito a paro se computan soamente os últimos seis anos. E, polo tanto, non se poden acumular procesos anteriores que tiveran cotizacións de seis meses, de tres meses, nos períodos anteriores a seis anos. E nós preguntámoslles, ¿que considera a Xunta de Galicia respecto da modificación legal, que nos cremos xusta, que é ao efecto de computar que os períodos do desemprego se poidan sumar a calquera período traballado durante a vida laboral que non tivera dado lugar a ningunha prestación de desemprego anterior?

Polo tanto, estas son as nosas posicións, a primeira cuestión é denunciar a abrumadora barbaridade de recorte en canto a prestacións que se fixo dende o Goberno do Partido Popular; hai que recordalo, 45.000 millóns de euros, ¡unha absoluta barbaridade! A segunda cuestión é, ¿que políticas ten pensado implementar a Xunta de Galicia para ser capaces de complementar esta realidade? E a última é unha pregunta moi concreta respecto dunha posición da nosa organización que ten que ver con acumular os períodos de paro xerados con anterioridade aos seis anos para que a xente poida acceder a estas prestacións.

Xa sei que vostede me vai poñer encima da mesa o Plan Prepara, o plan..., e demais, e pediríalle que –como vai falar diso– me dea datos sobre a cantas persoas chegaron. Pero, sobre todo –porque despois eu terei outro turno para responderlle–, de como aquelas notas de prensa onde dicían ata onde ían chegar, a cantos desempregados ían chegar, resulta que en moitos casos apenas cubriron o 10 % do obxectivo de cobertura que se plantexou no inicio destes plans concertados cos axentes sociais.

Polo tanto, é o seu turno, e espero que sexa capaz de poñer encima da mesa algún tipo de esperanza. Aínda que, dende logo, dende a nosa organización entendemos que para vostedes isto non é unha casualidade, senón que é froito do

seu modelo político, que é que paguen a crise os máis débeiles, a clase obreira. E que, polo tanto, eses 45.000 millóns de euros que se deixan de pagar...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...ben empregados sexan utilizados para os de sempre, que non son outros que aqueles que nos levaron a esta situación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moi ben, pois moitísimas grazas, señora presidenta.

Señor Fajardo, señorías.

O primeiro, trasladarlles ao señor Fajardo e ao seu grupo a oportunidade para, efectivamente, debater sobre a situación das persoas traballadoras en Galicia. E, polo tanto, debater sobre as accións de Goberno e todas as medidas que poidan favorecer tanto a creación de emprego coma a situación dos nosos traballadores.

Pero, se mo permite, antes de nada, quixera trasladarlle dous aspectos, en primeiro lugar, trasladarlle a benvinda, o respecto e o cumprimento da Constitución. A verdade é que creo que é unha boa nova que, efectivamente, vostede suba aquí a este estrado e poña como garante a Constitución española, e que, polo tanto, efectivamente, se sume ao que é a democracia parlamentaria en España, e nese sentido, pois, benvido. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, trasladarlle que, efectivamente, concordamos co principal obxectivo que ten que ter e que ten este Goberno, que debe ser centrarse, efectivamente, naquelas políticas económicas que vaian vinculadas á creación de emprego. E aí si lle quero trasladar que se sume a este deba-

te, porque o Grupo Parlamentario da AGE nunca quere falar de política industrial, nunca quere falar de política económica. E, polo tanto, do que non queren falar é de emprego, vostedes queren falar de rendas universais, pero de emprego nunca queren falar. Entón eu creo que ese aspecto tamén é positivo se queremos facer un exame serio e rigoroso das diferentes políticas tanto aplicadas polo Goberno como aplicadas pola Xunta de Galicia.

Pero, efectivamente, vostede neste caso non se está a referir á tendencia que están tendo as políticas económicas do Goberno, e non se está a referir como en datos da enquisa de poboación activa pois Galicia está mellorando a súa situación de empregabilidade. E como Galicia pechou o ano 2015 con 41.100 desempregados menos, como a finais do ano pasado había 41.500 persoas traballadoras máis con contrato a xornada completa, como os asalariados indefinidos tamén teñen crecido en Galicia por primeira vez desde o ano 2011. E, en definitiva, está ignorando que en Galicia dous de cada tres asalariados son indefinidos cun contrato de traballo a xornada completa. Todos estes datos son datos oficiais e reflicten unha evolución positiva do mercado laboral galego, que esperamos, ademais, que se confirmen mañá cando se publiquen os datos do primeiro trimestre do ano 2016.

Pero fáleme vostede tamén da taxa de cobertura, loxicamente temos economistas distintos de cabeceira; os meus economistas de cabeceira non coinciden cos de vostede, polo tanto, tampouco a análise dos datos. A taxa de cobertura en Galicia que se recolle de forma oficial é, polo tanto, homoxénea e comparable co resto do Estado español, sitúase no 52,4 %. Sabe que Galicia é hoxe a quinta comunidade autónoma coa taxa de cobertura máis elevada de España, e vostede oculta aquí ao Parlamento que comunidades autónomas que teñen unha mellor taxa de cobertura, por exemplo Extremadura, Andalucía, teñen, efectivamente, taxas de cobertura mellores que Galicia, pero por mor do PER. E vostede sabe que o seu partido político en Madrid, Podemos, non está de acordo con este tipo de medidas.

En calquera caso, nós intentamos ser coherentes, non respondemos a políticas incongruentes e, efectivamente, estamos intentando traballar nunha dobre dirección. En primeiro lugar, do que vostede non quere falar, que é da xeración de emprego. E, en segundo lugar, efectivamente, este

Goberno tamén traballa na mellor protección social, e, polo tanto, intentando e traballando para integrar todas as familias que necesiten axuda do Goberno.

E, nese sentido, tamén vostede debería plasmar como Galicia é a comunidade que máis reduciu a poboación en risco de pobreza dende o ano 2009 ata o ano 2014. Ese é o último dato dispoñible. E tamén debería saber que esta taxa de risco de pobreza en Galicia baixou 5 puntos, e que se sitúa no 15,4 %, cando en España está no 22 %.

Estes son datos oficiais, son datos que deberían marcar un rigor no debate e, polo tanto, a partir de aí encontrar solucións e un diagnóstico axeitado.

É certo que esta mellora non significa que, efectivamente, en Galicia non teñamos que seguir traballando, que temos que seguir traballando, porque todavía temos persoas en risco de exclusión e, polo tanto, o Goberno tamén complementa as súas políticas de emprego, as súas políticas industriais, con actuacións para favorecer esta integración das persoas que están en risco de exclusión.

No ano 2016 volvemos incrementar esas partidas para inclusión social, creceron nun 24 %, acadando os 86 millóns de euros, e estamos reforzando con 5 millóns de euros adicionais a cantidade destinada á renda de integración social en Galicia, un 10,5 % de recursos máis que no ano 2015, no que se beneficiaron, como vostede sabe, preto de 14.000 persoas.

Pero, ademais destas iniciativas, a Xunta de Galicia tamén está desenvolvendo un plan contra a desigualdade económica, temos a posibilidade e as nosas familias teñen a posibilidade de acudir ao ticket eléctrico para beneficiarse dunha redución do custo enerxético. O Programa Reconduce sabe que permite que todos aqueles que non poden pagar un alugamento se poidan beneficiar, 376 familias xa o fixeron, e tamén a promoción dun alugamento social para familias con risco de desaloxo da vivenda por non pagar a hipoteca ou a renda do alugamento.

En definitiva, señor Fajardo, toda unha serie de políticas sociais, o Plan contra a desigualdade económica, as partidas para a inclusión social, as partidas da Risga, que teñen atenuado a situación desas persoas que están en risco de pobre-

za e, polo tanto, complementado a política de actuación do Goberno.

Pero, efectivamente, o Goberno está traballando pola mellora do emprego. Está traballando con incentivos á contratación, neses colectivos que vostedes trasladaba na súa intervención, intentando integrar no mercado laboral a colectivos como os parados de longa duración, as mulleres, a mocidade ou as persoas con discapacidade. Estamos desenvolvendo toda unha serie de medidas que entendemos importantes tamén co novo programa de parados de longa duración, que vai permitir a Galicia ter unha dotación de 8 millóns de euros.

Loxicamente, señor Fajardo, a nosa visión sobre as políticas de emprego e protección social é certo que é diametralmente opostas á súa. Iso, loxicamente, é unha realidade, e fronte ás rendas públicas, que vostedes propugnan, pero que nunca din como as van financiar, pois este Goberno o que plantexa é reforzar as políticas activas de emprego.

Fronte a ese subsidio a perpetuidade que vostedes tamén propugnan, este Goberno aposta polo emprego, e fronte a ese non á industria que vostedes permanentemente trasladan nesta Cámara en contra da automoción, en contra do naval ou en contra do aeronáutico, pois este Goberno está a apoiar investimentos que son bos para Galicia.

Polo tanto, señoría, o resumo é que este Goberno o que traballa é para ofrecer oportunidades e para ofrecer emprego aos cidadáns, porque os cidadáns, señor Fajardo, non queren axudas, os cidadáns o que queren é emprego. Por iso este Goberno o que non vai facer é prometer rendas que non se poden financiar; ese tipo de políticas, loxicamente, deixámoas para o Grupo de AGE e as súas confluencias.

Sabemos que vostedes teñen como referencia determinados economistas, tamén determinados países. Eu entendo que a súa referencia dende o punto de vista económico sexa, seguramente, Grecia, o seu Goberno amigo de Tsipras, pero vostede sabe que este Goberno coas súas políticas, as súas, non as deste Goberno, as súas, vén de propoñer un recorte nas novas xubilacións de ata o 12 %. En Grecia vai subir en 7 puntos o imposto sobre as rendas entre 20.000 e 25.000 euros ao ano. Vai subir o IVE do 23 ao 24 %, e van subir tamén os prezos dos combustibles e do

gas. Este, desde logo, señor Fajardo, non é o noso modelo. O noso modelo é consolidar paso a paso a recuperación económica a través da xeración de máis actividade económica, de máis emprego, porque iso é o que os galegos nos están a demandar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a rolda de réplica ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, a verdade é que eu non podo máis que lamentar a inconsciencia dun conselleiro de Emprego que vén aquí sen tomarse en serio a súa comparecencia. Cando estamos a falar de políticas de protección aos desempregados, voulle dar datos sobre cales son esas políticas de protección aos desempregados. Na súa área, e dende logo a Risga non ten nada que ver, pero que se incrementa a Risga en varios millóns de euros significa o fracaso máis evidente destas políticas.

Vou intentar desmontar un por un cada un dos datos que vostede deu, pero primeiro é cando falamos de emprego. Si, imos falar de emprego. Crear emprego non significa trocear o emprego; crear emprego non significa ter emprego a calquera prezo, e voulle dar un dato que en Galicia é bastante significativo. Cando vostedes chegaron ao Goberno deste país no 2009 realizábanse 46,13 millóns de horas semanais de traballo. 46,13 millóns de horas semanais. O último dato de 2015, decembro de 2015, trasladaba isto a 35 millóns de horas á semana. ¿Que quere dicir isto? Que se reduciron as horas traballadas á semana neste país un 20,6. En realidade, isto supón que vostedes destrozaron, dende que chegaron ao Goberno, 253.000 postos de traballo a tempo completo. Pode que agora traballe algunha persoa máis que en 2014 e en 2013, pero, ¿canto tempo traballa?, ¿cal é o seu salario? A realidade: 20,6 % menos de horas traballadas en Galicia dende que vostedes chegaron ao Goberno.

Polo tanto, non se pode dicir crear emprego cando o que se fai é destrozarse, esnaquizar e trocear en partes o mercado laboral. É falso que vostedes xeren emprego, destrozan un emprego para crear tres empregos máis precarios.

Mire, que vostede me diga que o seu proceso de axuda aos desempregados ten que ver co ticket eléctrico é unha tomadura de pelo. ¿sabe de canto é o ticket eléctrico? 140 euros para todo un ano. ¿Cantas facturas da luz se poden pagar con 140 euros nunha familia? ¿Sabe que condicións ten que ter esa familia para poder acceder a ese ticket eléctrico? ¿Vostede é capaz de pagar nin tan sequera a calefacción dun mes da súa casa con 140 euros? Dígolle eu: non, non pode pagala. Polo tanto, é unha absoluta vergonza.

Segunda cuestión. ¿Imos xerar emprego neste país cando máis do 61 % de traballadores de Galicia cobra menos do salario mínimo?, ¿Ese é o emprego que vostedes van xerar? O 61 % de traballadores deste país cobra menos do salario mínimo, 645 euros, esa é a realidade do emprego que vostedes están a xerar. ¿Cal é a outra realidade? 113.000 persoas neste país están en desemprego e non reciben ningún tipo de prestación. Polo tanto, vostedes están a falar dunha realidade que non é a que ten este país. E eu pídolle que poña os datos encima da mesa de cantas persoas dese Plan Prepara foron atendidas, apenas un 10 % do anuncio oficial do Partido Popular.

Polo tanto, ¿cal é a realidade? Que vostedes non teñen ningún mecanismo alternativo para acceder a, digamos, unhas rendas suficientes para esas 113.000 persoas.

Di vostede o meu partido, mire, eu non son de Podemos, son de Esquerda Unida, da AGE e do Partido Comunista. Por certo, o Partido Comunista firmou a Constitución, é verdade que algúns defendiamos que tiña que haber unha ruptura democrática, e ao mellor non tiña habela, pero o meu partido firmou a Constitución, e os que a incumpren son vostedes. Nós tivemos que firmar a Constitución que non queríamos, pero incúmprenla vostedes: o seu artigo 41, do dereito ás persoas que non teñen un posto de traballo a recibir unha prestación de desemprego. Polo tanto, aqueles que non cremos nesta Constitución resulta que somos os únicos que dicimos que se cumpra, que cando menos se cumpra esta Constitución. Vostedes incúmprenla de forma taxativa e reiterada.

Fálame vostede de como imos facer nós para, digamos, financiar as nosas rendas universais. Pois voulle poñer un dato enriba da mesa que é claro, 47.000 millóns de euros menos para prestacións de desempregos que serían dedica-

das, pero se cada un dos euros que está en Panamá, en Suecia, nas illas Jersey –e moitos deles financiados ou por parte de xente vinculada ao Partido Popular– estiveran neste país, teríamos ingresos suficientes a través de impostos para atender esas demandas. Por certo, cando un recibe unha renda universal dese tipo, deixa de recibir todo outro tipo de prestacións: xa non hai que pagar Risga, xa non hai que pagar ticket eléctrico, porque se supón que esa renda ten que ser para darlles unha cobertura mínima ás persoas.

Polo tanto, neste país, ¿por que non se pagan as prestacións aos desempregados? Primeiro, porque se requiren 45.000 millóns de euros dos seus bolsillos para pagarlles aos bancos. En segundo lugar, porque unha boa parte da riqueza que produce este país está nos paraísos fiscais e na fraude, por exemplo, daqueles que pagan en B as súas sedes. O Partido Popular sabemos que pagou en B a súa sede en Madrid, ese é o modelo que vostedes defenden.

Pero non me diga, ademais, que se reduciu a pobreza en Galicia, é mentira, é falso, é falso, ¡é unha barbaridade que vostede diga iso!, ademais demostra unha incapacidade para entender o que é unha cifra estatística.

O limiar da pobreza neste país reduciuse porque se reduciu a renda media, e cando se cobra menos neste país, supostamente, claro, está máis cerca da renda media a xente que menos cobra, pero neste país a realidade é que o 61 % dos traballadores que traballan cobran menos do salario mínimo. Temos un 25 % de traballadores pobres, por primeira vez na historia traballar significa poder seguir sendo pobre. E iso, ¿por que?, polas políticas do Partido Popular que atacan directamente a clase obreira e os nosos traballadores.

Espero que agora, no seu último turno de réplica, sexa capaz de poñer enriba da mesa algo do que vostedes van facer, porque vostede veu aquí dicir que as cousas van moi ben. Nun país onde que as cousas van moi ben, a xente segue pasando fame, e a xente segue tendo enormes dificultades para acceder a un posto de traballo cando foi expulsado polas políticas industriais...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...do Partido Popular.

Máis da metade dos desempregados levan máis dun ano en paro, sen ningún tipo de alternativa laboral, por certo, redución no orzamento da Xunta de Galicia de política activa de desemprego, 56 % menos en políticas activas de emprego. Ese é o modelo do Partido Popular, darlles coa vara aos que non teñen a culpa da crise. E iso si, bandexa de prata para os banqueiros e aqueles que teñen os cartos en Panamá.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor Fajardo.

A verdade é que vir a este debate, sinto dicilo, sen ningún tipo de dato oficial para poder ter un debate rigoroso, pois lamentablemente iso lévao a moitos erros. Dende o punto de vista ideolóxico enténdoo, dende o punto de vista de falar de políticas de emprego, pois xa é moito máis complicado.

Os datos da evolución do paro están publicados no Instituto Nacional de Estatística e no Instituto Galego de Estatística; sabe perfectamente que Galicia ten baixado a taxa de paro, está, ademais, cun comportamento moito mellor que no Estado. Estamos baixando tanto a taxa de paro xuvenil, como a taxa de paro das mulleres, e, polo tanto, estamos desenvolvendo unha política que intenta dar resposta ao que nos están pedindo os galegos, que é, efectivamente, abrir oportunidades.

Son políticas que todavía son insuficientes, porque mentres teñamos unha taxa de paro do 17 %, loxicamente calquera política é insuficiente, e por iso nós queremos falar de emprego. Vostedes non, vostedes queren falar de modelos, de gobernos, que llelo repito, faleilles antes de Grecia, se quere vou a outro país que, efectivamente, tamén forma parte dos gobernos de cabeceira tanto de AGE, como de Marea, como de Podemos, recorda o Goberno de Maduro, ¿verdade?

Ese Gobierno de Venezuela, que é a súa cabeceira de referencia, pois eu preguntaría-lle se esa falta de alimentos e de produtos básicos que padece a cidadanía venezolana é o que vostedes queren para Galicia. Eu preguntaría-lle se eses cortes de electricidade que se desenvolven en Venezuela é o que vostedes queren para Galicia. En definitiva, eu entendo que vostede, que segue ao seu portavoz neste tipo de políticas tanto de referencia de Venezuela, dende o punto de vista financeiro, dende o punto de vista de política de emprego, pois este Gobierno, loxicamente, non as defende (*Pronúncianse palabras que non se perciben*)...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Martínez, ten unha chamada á orde. Ten unha segunda chamada á orde, e sabe vostede o que supón a terceira chamada.

Continúe, señor conselleiro, por favor.

Ten vostede dúas chamadas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): En calquera caso, eu insisto, vostedes non queren falar de política industrial, vostedes non queren falar de política económica. Nós si queremos falar, queremos falar de emprego; vostedes non; vostedes saberán que é o que lle queren ofrecer a Galicia.

Nós seguiremos traballando nesas políticas activas de emprego; seguiremos traballando nesas políticas sociais que acompañen as necesidades dos colectivos máis necesitados; seguiremos apoiando os parados de longa duración, porque son, efectivamente, un dos colectivos máis necesitados e que requiren unha maior atención; desenvolveremos un programa específico para os parados de longa duración, que estará dotado con 8 millóns de euros e que na última conferencia sectorial se lle asignaron a Galicia; intentaremos, polo tanto, que os nosos traballadores teñan unha rede para que, efectivamente, poidan abrir esas oportunidades.

Sabe perfectamente que este goberno ten unha nova axenda de emprego, unha axenda de emprego que vai permitir unha maior inserción laboral, que vai traballar pola igualdade e pola calidade laboral, e, loxicamente, nese aspecto intentaremos seguir mellorando os resultados positivos que estamos tendo nos últimos anos. Sabe que a taxa de parcialidade galega é a segunda máis reducida de toda España; sabe, señor

Fajardo, que o salario medio anual no ano 2014 supera en 1.100 euros o salario medio de 2008 –sábeo, pero non o quere recoñecer–; e sabe tamén que a evolución dos salarios é positiva, que no ano 2015 se incrementaron no 0,82 %.

Polo tanto, señoría, coincidimos na necesidade de crear máis emprego, coincidimos na necesidade de mellorar as condicións laborais dos nosos traballadores, pero, dende logo, a situación que viven unha maioría de galegos está moi lonxe da descrición feita por vostede. En todo caso, o que si lle podo dicir é que o Gobierno galego, cos seus erros e cos seus acertos tamén, cos seus acertos –que os ten–, non deixará de esforzarse por crear oportunidades de emprego e non deixará tampouco de apoiar todas as familias que máis o necesitan.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre a política do Goberno galego en materia de atención, protección e defensa dos menores orfos como consecuencia da violencia de xénero

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señor conselleiro.

Esta interpelación que traio hoxe a este pleno non responde a fins electoralistas nin partidistas, tampouco pretende desgastar ningún goberno. É un tema que compete a todos e a todas e que eu considero de moitísima importancia.

Aínda que non estea presente, a violencia de xénero ten un grande impacto no desenvolvemento psicolóxico e emocional das nenas e dos nenos. Xa dende o embarazo a violencia de xénero provoca un forte estrés na nai, que pode afectar no crecemento o feto. Durante a infancia, a exposición a estas situacións de violencia ten repercusións negativas, sig-

nificativas a curto, a medio e a longo prazo, no desenvolvemento emocional, social, cognitivo e académico, podendo inclusive afectar o funcionamento na vida adulta.

Algúns dos seus posibles efectos son: problemas de socialización, illamento, inseguridade, problemas de integración, pesadelos, insomnio, fobias, ansiedade, alteracións no desenvolvemento afectivo e interiorización de comportamentos erróneos de xénero. Nalgúns casos a consecuencia extrema deste tipo de violencia é o asasinato das nenas e dos nenos, maioritariamente á vez que as súas nais ou como vinganza contra as mesmas.

Considero importante insistir e indicar que os efectos da violencia de xénero se detectan tamén en nenas e nenos que non presencian os momentos de agresión. Pero o mero feito de vivir nun ambiente no que existen as dinámicas de maltrato ten consecuencias, como pode ser a de acabar interiorizando modelos violentos, que en moitos casos se repiten na idade adulta.

Nin a sociedade nin en moitos casos as propias nais entenden o impacto que a violencia de xénero ten sobre as súas fillas e fillos. E neste aspecto é significativo que arredor dun 17 % da poboación considera unha das razóns do maltratador é por elas e eles, as nenas e os nenos. Por outra banda, non existen estudos cuantitativos nin unha recollida sistematizada de datos sobre menores fillas e fillos de mulleres asasinadas por violencia machista que permitan tomar decisións adecuadas para dar resposta a esta cuestión.

Aínda que desde a aprobación de distintas leis contra a violencia de xénero se incrementou a asistencia social ás nenas e nenos fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero, faise necesario reforzar e ampliar os recursos específicos para atendelos.

Por poñer un exemplo. Cando unha muller acode a un xulgado acompañada das súas nenas ou nenos nun caso de violencia machista, ninguén atende estas nenas ou nenos, non hai un lugar adecuado para eles nos xulgados, nin persoal específico para a súa atención. Ampliar os recursos específicos para atendelas, co fin de garantir a coordinación entre os diferentes ámbitos –policial, sanitario, educativo, social, xudicial, familiar e tamén económico–. É dicir, amparar e protexer estas vítimas, tal como recolle o artigo 9

da Constitución española ao recoñecer a responsabilidade dos poderes públicos en asegurar a protección social, económica e xurídica da familia e, en especial, dos e das menores de idade, como así mandan os diferentes acordos internacionais que velan polos seus dereitos.

Considero que as e os menores vítimas de violencia de xénero non están sendo protexidas adecuadamente dende o principio do procedemento, e preocúpame a atención institucional que se lles dispensa e que pode deixalas desamparadas. O propio lexislador considerou a inhabilitación para o exercicio da patria potestade, tutela, garda ou acollemento no delito de violencia de xénero como pena accesoria.

Debemos evitar, señor conselleiro, que o maltratador condenado poida seguir perpetuando a violencia contra a muller a través das súas fillas e fillos ou contra os propios menores. O mellor cumprimento da norma debe ser a eficaz e pronta tutela, en interese da/do menor, polo que resulta incomprensible que precisamente sexa ese argumento do mellor interese do menor o argüído para suspender o réxime de visitas. Esta omisión xa foi reivindicada por case todos os actores e actrices na loita contra a violencia de xénero, dende xuristas a avogadas, vítimas, ONG, Fiscalía, que entenden que o pai maltratador debe perder a patria potestade das fillas, posto que estas convértense noutra ferramenta de maltrato cara á nai.

Pero cando o resultado de ter sufrido a violencia de xénero acaba co asasinato da nai, tendo como consecuencia que a menor ou incapaz queda orfa, non chega con retirar a patria potestade ao pai asasino. Tamén debe ser excepcional outorgarlle a custodia aos familiares do mesmo, e, dende logo, a Administración non pode seguir exercendo unha violencia institucional contra esas orfas e orfos cargándoas con trámites que son incapaces de asumir nin entender. A sociedade que desamparou a nai debe ser, extremadamente protectora coa persoa que queda orfa.

Así que a interpelación que lle formulei, señor conselleiro, pretende centrarse nas carencias e dificultades que as menores e os menores vítimas de violencia de xénero co resultado de orfandade atopan, así como os problemas administrativos e a desprotección á que quedan sometidas por un sistema que as desampara ou non as protexe suficientemente.

Só lembrar que máis de medio centenar de menores quedaron orfos no Estado español tras ser asasinadas as súas nais polos seus proxenitores, parellas ou ex parellas.

Por todo isto lle pregunto se contamos, señor conselleiro, con medidas específicas para a súa atención, protección e defensa para os menores e as súas familias. Con atención específica refírome a unidades específicas para atendelas no ámbito sanitario, no ámbito psicolóxico, no ámbito xurídico-administrativo dun xeito centralizado, sen que teñan que acudir a diversas unidades ou servizos para realizar uns trámites que van ter que levar a cabo. Axuda nos trámites sucesorios, na xestión e gastos comúns da vivenda habitual da nai asasinada, nos cambios de titularidade, axilidade nos procesos xudiciais e administrativos, axudas económicas, acceso ás contas, consistencia dos informes psicolóxicos das peritaxes forenses, ¿que pasa co dereito á viuvez do asasino?

Sei que a interpelación ten moitas preguntas, señor conselleiro, pero agradeceríalle que, na medida do posible, me respostara a todas elas, xa que son moi concretas e coído que moi importantes para poder ter unha visión dos problemas aos que se enfrontan as menores, extensibles tamén aos incapaces, nuns momentos tan dramáticos que as fan aínda máis vulnerables para que todas e todos, as deputadas e deputados, poidamos achegar medidas complementarias para a protección das persoas orfas por culpa de violencia de xénero.

Estas son as miñas preguntas. ¿Que medidas e actuacións específicas ten a Xunta de Galiza para a atención, protección e defensa das menores vítimas de violencia de xénero co resultado de orfandade? ¿Ten a Xunta de Galiza persoal administrativo, psicolóxico, letrado, xudicial e policial específico que atendan estas menores e as súas familias durante todo o procedemento dende o asasinato da nai? ¿Cales son? ¿Que mecanismos e axudas son postos á disposición destas menores e os seus familiares para axudalas e protexelas? ¿Suspéndense as visitas do agresor e da familia do mesmo ás menores de xeito inmediato para evitar presións e danos? ¿Que datos se teñen ao respecto? ¿Teñen estas menores asistencia psicolóxica, psiquiátrica especializada garantida dende o momento inmediato do suceso e mentres sexa necesario? ¿Hai algunha medida que garanta a axilidade nos distintos procedementos administrativos conseguintes, como xudiciais de custodia, sucesorios, etc.? ¿Teñen exención nas custas dos procedementos? ¿E nos impostos do lixo, contri-

bución, plusvalías e outros asociados ás herdanzas? ¿Parálizanse estes pagos durante o proceso xudicial? ¿Existe algún fondo económico na Xunta específico e de pago inmediato para as menores orfas por violencia de xénero? ¿Bloquéanse as contas de titularidade compartida para evitar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...o illamento por parte do titular asasino ou a súa familia?

E xa remato. ¿Son os informes psicolóxicos ou de peritaxe forense probas con consistencia ou son un mero trámite administrativo? ¿Perde o dereito de viuvez o asasino en favor dos menores orfos? Espero que me responde a todas.

Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, todo o asunto que atinxe aos menores de Galicia é unha prioridade para todos nós. Coincido con vostede no drama que supoñen os efectos nos menores da violencia de xénero, co drama e con moitas das consideracións que fixo dende esta tribuna. E vou tratar de contestarlle á batería de preguntas que plantexa, tal e como me dicía, tendo en conta as que son competencia da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, porque algunhas refírense á normativa máis ben de carácter estatal.

Vou lendo unha a unha. ¿Que actuacións e medidas específicas ten a Xunta de Galicia –pregúntame– para a atención, protección e defensa dos menores vítimas de violencia de xénero co resultado de orfandade?

Os menores son vítimas directas da violencia machista. Así o acredita a entrada en vigor das leis de modificación do sistema de protección de infancia e adolescencia, concretamente o 18 de agosto de 2015, mediante a modificación do artigo 1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Establécense as actuacións dos poderes públicos encamiñadas a garantir o apoio necesario para procurar a permanencia dos menores, con independencia da súa idade, coa súa nai, así como a súa protección, atención especializada e recuperación.

Calquera forma de violencia exercida sobre un menor é inxustificable. Entre elas, como di a exposición de motivos da norma, é singularmente atroz a violencia que sofren os que viven e crecen nunha contorna familiar onde está presente a violencia de xénero. Viven nesa contorna familiar e seguramente os seus efectos non son exclusivos durante os anos de vida nos que se considera menor, senón que en moitos dos casos esa conduta atroz acaba perseguindo a persoa durante toda a súa vida.

A Xunta, polo tanto, recoñece os menores como vítimas de violencia de xénero e amplía as situacións obxecto de protección nas que os menores poden atoparse a cargo da muller vítima de violencia de xénero.

Por iso modificáronse os artigos da Lei orgánica 1/2004 e grazas a estas modificacións a lei establece no seu primeiro artigo previr, sancionar e erradicar esta violencia e prestar asistencia ás mulleres, incrementa aos seus fillos menores e aos menores suxeitos á súa tutela ou garda e custodia vítimas desta violencia. Ademais, recoñece o dereito da lexítima defensa dos menores, establecendo que o xuíz deberá pronunciarse de oficio ou a instancia das vítimas dos fillos, das persoas que convivan con elas ou se encontren suxeitas á súa garda e custodia.

Neste sentido, nos artigos 65 e 66 establécense os casos da patria potestade do réxime de visitas. Por unha banda, o xuíz poderá suspender para o inculpado por violencia de xénero o exercicio da patria potestade, garda e custodia, acoñecemento, tutela, curatela ou garda de feito, respecto dos menores que dependan del, así tamén como poderá ordenar a suspensión, como plantexaba, do réxime de visitas, estancia, relación e comunicación do inculpado no caso específico dos menores que viviron situacións de violencia de xénero.

A situación de orfandade é unha das causas de desamparo nas que se pode atopar un menor de idade. Os menores que, como consecuencia de violencia de xénero dos seus proxenitores, queden orfos merecen, por suposto, a máxima

atención dos poderes públicos, que debemos asumir a súa tutela, prestándolles atención adecuada a través dos diferentes recursos e programas do sistema de protección á infancia e adolescencia.

A Xunta de Galicia leva anos actuando neste sentido para protexer as familias que sofren esta realidade. Nos últimos dez anos abríronse seis expedientes de protección de menores con motivo da violencia de xénero con esta causa específica. Isto, como tamén sabe perfectamente, non implica necesariamente que detrás da apertura doutros expedientes non concorra a situación de violencia de xénero. Desgraciadamente, a violencia de xénero con menores existe, a pesar da normativa, das medidas xudiciais e das medidas que tome a Administración.

Por iso vimos de aprobar no mes de outubro do ano 15 o decreto polo que se define a carteira de servizos sociais, de familia e infancia e adolescencia. Nel inclúese un servizo específico de apoio ás familias nas que se viven situacións de violencia de xénero, un conxunto de intervencións técnico-profesionais destinadas a apoiar as familias cuxos membros sexan vítimas de violencia de xénero en todo o proceso de saída da situación de violencia vivida, poñendo á súa disposición os servizos e recursos precisos de cara á consecución da restauración do dano sufrido e á súa recuperación integral, aínda –e iso hai que recoñecelo– en outubro do ano 15, a pesar de que convivimos con esta lacra dende hai moitos anos.

Esta é unha proba de que na Consellería de Política Social non nos esquecemos dos casos específicos que vén relatar nesta interpelación.

Pregúntame se ten a Xunta de Galicia persoal administrativo, psicolóxico, letrado, xudicial e policial específico que atenda estes menores e as súas familias durante todo o procedemento dende o asasinato da nai e cales son. O sistema autonómico de protección á infancia está formado por un conxunto de medios persoais e materiais organizados que entran en funcionamento cando se detecta a desprotección dun menor.

A Xunta dispón dos equipos técnicos do menor, encargados da valoración, intervención en desamparo e risco grave. Estes equipos son multidisciplinares, compostos por psicó-

logos, pedagogos, traballadores e educadores sociais, que toman as súas decisións de xeito colexiado, dando así cumprimento ao principio reitor previsto na normativa reguladora da infancia e da adolescencia. Estes equipos son os encargados de propoñer as medidas de protección, a tutela ou garda, así como de administrar os programas e buscar a adecuación das necesidades dos nenos cos recursos existentes para facer fronte a estas situacións.

Pregúntame que mecanismos e axudas son postos á disposición destes menores ou aos seus familiares para axudalos e protexelos. Contamos con recursos de detección da desprotección, de acollemento, de adopción, de apoio, así como recursos complementarios. Non queremos pasar por alto ningún destes elementos. Por iso, moi brevemente, referireime a cada un deles.

Recursos de detección. A Xunta dispón de dous instrumentos específicos de notificación: a liña de axuda á infancia, o 116 111, unha liña gratuíta que funciona durante vinte e catro horas, atendida por profesionais que prestan o asesoramento axeitado e notifican inmediatamente a situación aos servizos competentes de cada unha destas áreas, e que desgraciadamente ten moitas chamadas; no ano 2015, 1.242 chamadas, das cales no ano 2015 o 8,94 % foron realizadas por menores.

En segundo lugar, o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (o RUMI). A pesar do avance na conciliación do problema, seguen a ser moitos casos ocultos, que se detectan a través deste rexistro unificado. Non se debe esperar a ter a evidencia certa do maltrato para notificalo. Unha simple sospeita debe ser suficiente para poñelo en coñecemento dos servizos de atención á infancia. É imprescindible un esforzo común en detectar e notificar toda situación de maltrato á infancia. As comunicacións de sospeita de maltrato recíbense de xeito inmediato no equipo técnico do menor que ten a Xunta de Galicia, o que permite unha actuación inmediata. Máis de 2.000 profesionais do eido policial e educativo teñen acceso á aplicación.

Un segundo bloque, recursos de acollemento. O acollemento familiar. Pois mire, é unha evidencia que hai familias que teñen durante un tempo que verse privados dos seus fillos ou das súas fillas por condutas como as que vostede está denunciando, que existen na nosa sociedade, desgraciadamente. O acollemento familiar permite que sigan no seu

ámbito familiar; un acollemento pois a través de avós, a través de familiares o máis cercanos posibles.

Hai que dicir que, de todos os nenos, de 1.022 que estiveron acollidos o ano anterior, o 87 % estiveron coas súas familias extensas, e o 13 % estiveron acollidos en familias alleas, que é outro recurso que estamos tratando de potenciar para evitar o seguinte recurso, que é o de acollemento residencial.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Despois, tamén temos os recursos de adopción e os programas de apoio, o programa de intervención familiar. Este programa atende anualmente 200 familias e 375 menores, cun orzamento de 418.000 euros, un 10 % máis que no ano 2015. O programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situacións de desamparo, na actualidade 200 casos, ao que lle destinamos 161.920 euros, un 17 % máis que no 2015. O programa socioeducativo, cun investimento de 161.000 euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...dos que esta consellería aporta 60.000. O programa Mentor, cun investimento de 1.789.000 euros. E os puntos de encontro familiar, unha rede existente con apoio técnico nas sete principais cidades de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro, grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Isto é o que lle podo contestar ás preguntas que formula na súa interpelación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica. ¿Quere facelo desde o escano?

Si, réplica, señora Iglesias.

Déanlle voz ao escano da señora Iglesias, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro, pola súa resposta, pero francamente paréceme insuficiente e moi técnica para as preguntas que eu lle estaba plantexando.

Falamos de orfas e de orfos e vostede remata a súa intervención falándome dun asunto como se fose unha medida adecuada cando se refire vostede aos puntos de encontro. Os puntos de encontro, precisamente, son un espazo perigoso e un espazo onde os orfos e orfas, onde os nenos e as nenas que son vítimas dun ambiente de malos tratos non queren acudir. Precisamente sería unha das cousas que habería que modificar.

Tampouco me respondeu vostede, respondeume con cifras, con estatísticas, con teléfonos de atención, pero non me resposta a preguntas concretas e urxentes. Por exemplo, non me resposta se existe algún fondo económico na Xunta de Galiza específico e de pago –e repito–, de pago inmediato para as menores orfas.

Tampouco me resposta vostede a un tema que eu considero que é moi importante e moi urxente: se teñen exencións nas custas dos procedementos e nos impostos do lixo, contribución, plusvalías e outros asociados ás herdanzas; se se paralizan estes pagos durante o proceso xudicial, porque, señor conselleiro, outro sufrimento para un neno ou unha nena que queda orfa ou orfo, porque a súa nai é asasinada, é que a separen do seu contorno, que a retiren do seu espazo, que a illen da súa familia materna. Paréceme tamén moi importante.

Tampouco me respostou vostede a unha cuestión que eu considero primordial: é que se os informes psicolóxicos ou de peritaxe forense poden considerarse probas con consistencia ou quedan nun mero trámite administrativo.

Tampouco me respostou vostede a se perde o dereito de viuvez o asasino en favor dos menores.

Tampouco me contestou vostede a se hai algunha medida que bloquee as contas comúns que tiña o asasino coa asasinada.

Fago estas preguntas pese a que algúns deputados do Partido Popular lles fan graza; a min desde logo non me fan ningunha e creo que á sociedade en xeral non lle farían risa ningunha. Iso demostra a falta de sensibilidade cun proble-

ma, cun feito tan bestial como son os malos tratos de xénero. Iso e a falta de respecto dos que están e das que están falando tamén así o amosa. E non tiña pensado falar do Partido Popular, pero é que ás veces non queda outra máis que facelo, cando faltan ao respecto do discurso das deputadas e dos deputados da oposición.

Señor conselleiro, espero que me responda vostede ás preguntas que lle formulo concretamente, porque a situación dun orfo ou unha orfa por violencia de xénero... (*Murmurios.*)

¿Podo continuar, señor presidente? Moitas grazas.

Ben, dicíalle, señor conselleiro, que as medidas que hai que tomar teñen que ter carácter urxente, non se poden dilatar no tempo, non poden estar pendentes de trámites burocráticos.

Muller asasinada, fillas e fillos orfos, medidas inmediatas: bloqueo das contas do asasino, retirada da patria potestade. Cando hai perigo de que unha muller sexa asasinada e os seus fillos queden orfos, non ten lugar o punto de encontro. Non se pode permitir iso.

E máis nada. Espero que agora, nesta segunda súa intervención, me resoste ás preguntas que lle formulo, dado o carácter que ten de urxencia para estas nenas e estes nenos, que quedan sós, desamparados, sen o amparo da nai e ninguneados e desamparados pola Administración.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Réplica. Señor conselleiro.

Pode facela desde aquí, na tribuna, si.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Señor presidente, señorías.

A verdade é que xa lle adiantaba na miña primeira intervención que contestaría ás preguntas que teñen que ver co ámbito competencial da Xunta de Galicia, ¿non?, amosando ademais que se trata de algo intolerable. Se a violencia de xénero é algo intolerable, aínda é máis intolerable cando se produce nun ámbito no que existen menores.

Pero mire, en temas como algunha pregunta que me plantexou tratei de resumir as contestacións competenciais da Xunta de Galicia, para dar conta de todos os dispositivos, medidas de carácter legal, medidas de carácter técnico, medidas de carácter económico que ten a Xunta de Galicia á disposición desas familias, á disposición deses menores.

Mire, hai cousas, como o dereito de viuvez, cousas que teñen que ver coa orfandade, cousas que teñen que ver co bloqueo de contas, que non son competencia da Xunta de Galicia. Polo tanto, eu podo amosarme totalmente de acordo co que di vostede, pero esta Cámara o que non pode é legislar sobre cuestións que non son competencia de Galicia nin de ningunha comunidade autónoma. Polo tanto, supoño que pronto se abrirá un novo período de sesións en Madrid, que se poderán plantexar estes temas tan interesantes en Madrid, porque aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, eu estoulle contestando a vostede, estoulle contestando a vostede.

Entón, xa digo: pagas de orfandade, dereitos de viuvez, bloqueo de contas, ¡oia!, obviamente competencia do Estado, non competencia da Comunidade Autónoma. Todas as medidas que poida poñer a Comunidade Autónoma, algunhas que vostede me refería, están en marcha. Xa lle digo: o último paquete de medidas, desgraciadamente, aínda en marcha dende outubro do ano 2015. Polo tanto, creo que estamos nun camiño.

E con respecto a algunhas outras, como impostos de lixo, plusvalías e demais, tampouco é competencia desta Cámara. Eses impostos líquídanse e recádanse por parte das administracións locais. Polo tanto, ¡oia!, eu creo que é moito máis rico e moito máis interesante que expliquemos o que pode facer Galicia no ámbito das súas competencias no ámbito de menores.

E por iso temos lexislación, e por iso temos actuacións a desenvolver, e por iso a carteira de servizos sociais, de familia, infancia e adolescencia, inclúe un servizo específico de apoio a familias nas que se viven situacións de violencia, que é a primeira vez que temos definido no catálogo de servizos sociais precisamente este servizo. Que temos os equipos técnicos do menor. Que temos os teléfonos de información e asesoramento permanente, e que eses teléfonos, ademais de telos, se usan. Que temos o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil. Que temos os servizos de acollemento: o familiar, o acollemento de carácter residencial. E que temos

programas de apoio; dentro dos programas de apoio, só defínino o punto de encontro familiar como un programa de apoio máis, como un programa de apoio máis, sen ningunha intención por suposto de que este programa poida servir para que ningún maltratador poida visitar a ningún familiar; pero, como sabe vostede, existe unha lexislación e existe unha potestade xudicial, que é a que ten que determinar en cada caso as autorizacións para calquera tipo de encontro.

Polo tanto, no ámbito das comisións de coordinación –eu, ademais, puíden participar na última que se desenvolveu no ámbito xudicial, entre a Consellería de Presidencia e os xuíces e fiscais de Galicia–, o tema de menores ocupou varios puntos, tendo en conta que ten que ser cada vez máis unha preocupación máis importante.

Polo tanto, eu agradézolle todo o que aparece, todas as preguntas que vostede fai. Eu o que lle podo dicir é que estou convencido de que toda esta Cámara está totalmente implicada con estes casos, que dende logo estes casos non son puntuais, senón que, como dicía na miña primeira intervención, os efectos destes casos duran toda a vida da persoa e que, polo tanto, todo o que poidamos facer débémolo facer e débémolo facer entre todos. Os menores para a violencia de xénero son unha vítima moito máis vulnerable. Para nós de verdade é a nosa principal prioridade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno, e comezamos coa pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a agresión homófoba padecida por un cidadán no mes de febreiro de 2016 nun establecemento comercial de Santiago de Compostela

A señora Solla Fernández: Grazas, presidente, desculpe.

O 8 de febreiro tiña lugar en Compostela unha agresión homófoba, na que un home foi agredido na vía pública, verbalmente e fisicamente, e relátanse na propia iniciativa os

feitos que posteriormente el e a súa parella foron denunciar á propia comisaría.

A maiores da propia agresión, ben relatada na iniciativa, na que se describen os insultos que sufriron, como “mari-cón”, “vasme contaxiar algo”, ademais recibiu unha puñada e a vítima estaba sangrando, tanto a vítima como a súa parella tiveron que soportar unha atención que, polo que relatan, non foi do máis adecuada, e paso a describirla someramente, porque vén ben descrita tanto na denuncia como na propia pregunta.

Despois de chamar á Policía, acudiu tanto a Policía Nacional como a Policía Local, que parece que foi esta última a que identificou as persoas agresoras, e estes limitáronse posteriormente a chamar á ambulancia, segundo relatan as persoas que interpuxeron a denuncia, e deixáronos alí sós. Esta situación provocou que os agresores continuasen insultándoos durante un rato, durante bastante rato, ata que chegou a asistencia. Ante a pregunta de por que os deixaban abandonados ou sós, sen protección nesta situación, a resposta foi se querían que quedasen toda a noite con eles, por parte da Policía Nacional, ou isto é precisamente o que denuncian.

Os agresores voltaron posteriormente intentar agredilos, toda vez que xa a persoa agredida estaba sendo atendida no punto de atención continuada de Santiago de Compostela. Neste momento, estas persoas achegáronse ao punto de atención continuada, entraron dentro do propio PAC, e tivo que ser o persoal sanitario o que impedise unha nova agresión. A persoa agredida, Antonio, correu polos corredores, escondeuse nunha consulta, e tiveron que chamar á propia seguridade do centro, que foi a que botou fóra ou expulsou do centro os agresores.

Tiveron que voltar chamar á Policía, e posteriormente esta acudiu, sen moita máis actividade que a de estar fóra do centro, porque xa estaban os agresores fóra do centro. A realidade é que, ante calquera pregunta de por que permitían que seguisen pois –digamos– insultándoos, porque fóra do centro os agresores seguían no exterior insultando as persoas agredidas, a Policía dicía que non podían facer nada porque non houbera unha agresión diante deles.

Queremos preguntarlle –e remato xa– se vostede considera que se está a cumprir a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola

igualdade de trato e non discriminación, e obviamente que van facer ante esta situación de desprotección de dous cidadáns, cando deberan de estar sendo protexidos polas forzas e corpos de seguridade, neste caso do Estado, nesa atención a esa agresión homófoba. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Solla, en primeiro lugar, rexeitar, como seguro que o fai vostede, o seu grupo e todo o Parlamento, calquera agresión que traia a súa causa no incivismo, na violencia a calquera persoa, teña por condición ou por causa a súa orientación sexual, a súa raza e calquera cousa. Creo que niso estamos de acordo, e, polo tanto, se niso estamos de acordo, estamos de acordo en gran parte da actitude que debe ter calquera persoa, e por suposto calquera administración, fronte a un suceso deste tipo. Por suposto, desexarlle –se é que non foi así xa– unha pronta recuperación ao home agredido, tanto física como psicolóxica.

Pero, dito isto, ¡joia!, faime vostede dúas preguntas concretas. Primeiro, se pensa que as forzas da orde actuaron de acordo cos protocolos. Primeiro, quen actuou alí, e vostede coñeceo perfectamente, porque é certo que na iniciativa se fai unha descrición pormenorizada dos feitos, baseados na denuncia que puxo o home agredido e a súa parella, fala dunha serie de circunstancias e dunha serie de valoracións dende o seu punto de vista, e é certo, porque eu para responder á pregunta pedín o atestado da Policía Nacional –non sei se vostede o fixo–, hai unha versión distinta.

Polo tanto, mire, eu non vou facer de xuíz, como vostede lle pide moitas veces á Xunta de Galicia que o faga, porque, ademais, hai unha denuncia e, polo tanto, terá que ser un xulgado quen diga se as forzas da orde actuaron ou non actuaron correctamente.

En todo caso, se o que quere é unha valoración dos responsables da actuación da Policía Nacional, pois tería que

facelo –non sei se vostede, seica non, e se foi así, pídolle perdón e tamén lle pido que me corrixa–, se presentaron esta iniciativa tamén no Congreso dos Deputados, porque vostedes teñen deputados e deputadas e poderían interpelar os responsables desas forzas e corpos de seguridade do Estado, que non é a Xunta de Galicia.

Nin sequera sei se preguntaron isto no Concello de Compostela, onde vostedes gobernan, e onde di vostede tamén que estiveron presente forzas da Policía Local.

Non sei se o fixo, supoño que non, pero vénlle preguntar á Xunta de Galicia e vénlle dicir que faga de xuíz respecto da actuación das forzas e corpos de seguridade. Non o vou facer. Para iso está a Xustiza. Dígollo moitas veces, aínda que vostede non o quere escoitar.

E respecto da pregunta de se se actuou axeitadamente, de acordo cos protocolos da Lei do ano 2014, dicirille simplemente que me encanta e me alegro de que vostede agora lle empece a ver utilidade a esa lei. Lamento que non a apoiara, como si fixeron os outros grupos da oposición e o grupo do Goberno, e que dixera simplemente que era unha lei feita para dar titulares de prensa. Alégrome, por fin, e benvida a ver que esta lei si que era útil.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica. Señora Solla.

A señora Solla Fernández: Está visto que non se pode facer unha pregunta e obter unha resposta sendo correcto, porque a verdade é que intentei facer unha descrición do contido, non me metín en absolutamente nada, e sen embargo vostede utilizou pois o argumento de..., bueno, entrou en cousas que non se deben facer, e utilizar politicamente este asunto.

Obviamente, preguntamos pola Policía Nacional porque o problema foi, como describen os demandantes, coa Policía Nacional, e non coa Local, que, como lle dixen, foi a que identificou as persoas agresoras.

E, polo tanto, temos que preguntar aquí porque vostede é o máximo responsable en Galicia. Obviamente, podemos

preguntar tamén, se queremos, no Congreso, pero vostede ten a responsabilidade de respondernos.

Mire, non apoiamos a lei porque sabiamos que non ía ter aplicación, porque vostedes non tiñan intención, e aquí temos unha mostra. Preguntamos polo protocolo. A min gustárame que aproveitase a ocasión para explicarnos cal é o protocolo, e non lle estamos preguntando polo que vai acontecer nese xuízo, que xa veremos o que acontece. Estamos preguntándolle pola súa responsabilidade política, porque vostede é o conselleiro e o vicepresidente, e ten responsabilidade sobre o que aconteza no caso de Interior, e da Policía Nacional neste caso.

Estamos ante un caso no que, primeiro, non sabemos cal é o protocolo que teñen que seguir; segundo, na lei especifícase –artigo 11 do capítulo I, Medidas de asistencia– que a Xunta de Galicia pode habilitar, ademais, medidas para as vítimas. Non sabemos qué van facer vostedes con isto, este capítulo é o relativo ao ámbito policial e, polo tanto, na propia lei recoñécese que obviamente –como non pode ser doutra maneira– vostedes teñen competencias. E o artigo 10 é de formación, sobre plans de formación da Academia Galega de Seguridade Pública. Estaría ben que vostede aproveitase para dicirnos qué protocolo hai, qué fixeron na formación, se lles van dar asistencia a estas persoas, e obviamente, cómo os valora, de darse veracidade a estes feitos, de ser así.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

A señora Solla Fernández: Lamento profundamente que vostede utilice isto para facer política. Nótase que están en campaña...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora Solla Fernández: ...e ata con este caso tan delicado vostede ten que meterse nese fango. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche do señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Solla, a ver se me aclaro. Vostede fai esta pregunta, trae o Goberno da Xunta de Galicia a responder sobre este caso. Eu doulle unha resposta e acúsame de que as miñas argumentacións se basean na política. E vostede ¿non fai política traéndome a min aquí a responder esta pregunta? Non entendo absolutamente nada, non utiliza politicamente un feito que se produciu que ten dúas versións. E eu non teño que poñer en dúbida, nin moito menos, a versión do home agredido pero tampouco teño que poñer en dúbida –para iso están os xuíces– a versión da policía, que dixo que non se activou o protocolo de odio porque non se deron as circunstancias. E vostede di que eu fago política e vostede non fai política dicindo todo o que fai. Isto é o mundo ao revés, señora Solla, *(Aplausos.)* absolutamente o mundo ao revés. *(Aplausos.)*

Dito todo isto, ten vostede –perdoe que llo diga– unha confusión brutal. A Xunta de Galicia non ten competencias sobre a actuación da Policía Nacional. Supoño que vostede non o sabía, por iso non pregunta no Congreso aos que son responsables da Policía Nacional; non respecto das súas actuacións que non sexan axeitadas a dereito, porque –insisto– para iso están os xulgados, pero si respecto da súa actuación en xeral. Para iso é responsable o Ministerio do Interior. Vostede salta o ordenamento xurídico, amóldao á súa conveniencia para facer unha pregunta aquí, e dime que eu, como son o conselleiro de Interior, teño as responsabilidades sobre o que fai a Policía Nacional en todo caso. Ese é o seu mundo sinxelo onde todo vale para basear as súas argumentacións, teñan algún sustento ou non o teñan. E neste caso, señora Solla, non ten absolutamente ningún.

Pero –vólvollo dicir– valla esta pregunta para que vostede se dea conta de que a lei vale para algo. Lamento que non se dera conta á hora de votala, lamento que naquel momento non vira que tiña utilidade e que podía axudar as persoas que se viran nesta situación e en xeral a todas aquelas que loitan por un mundo en igualdade, que é polo que loitamos todos, incluídos –supoño– os que cando hai unha lei que defende isto collen e non a apoian e despois apelan á lei para que lle explique o que estamos facendo. E voulo explicar porque supoño que, como non estaba de acordo en que se aprobara a lei, despois deulle igual o que se estivo facendo.

Mire, ¿sabe o que se fixo desde que a lei está en vigor? Voulo ler –hai unha lista e non me dá moito tempo– o máis

importante: garantiuse a atención sanitaria e a subministración de terapias hormonais ás persoas transexuais; campañas de educación sexual e de prevención de enfermidades de transmisión sexual dirixidas á mocidade; programación de actividades formativas ao persoal sanitario sobre a diversidade afectivo-sexual; creación dunha orde de axudas ás asociacións LGTBI que desenvolvan actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses de gays, transexuais, bisexuais e intersexuais; establecemento dunha rede de asesoramento de proximidade para as persoas LGTBI localizadas nos máis de 80 CIM de Galicia; impartición de cursos na Academia Galega de Seguridade Pública en materia de igualdade, violencia de xénero e non discriminación, onde se recolle especificamente a atención ás persoas deste colectivo; celebración tamén na EGAP de xornadas abertas a todo o persoal de seguridade pública sobre estas realidades. Todo isto nun ano escaso –non chega a dous anos– de vixencia da lei. Supoño que quen non apoiou a lei tamén as cousas que se fixeron para desenvolvela lle importan pouco. O que lle importa é facer política con estas cousas e acusarnos aos demais de facer política cando vimos aquí responder as cousas que se fixeron. *(Murmurios.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Ministerio de Defensa da paralización da poxa de tres parcelas situadas no Campo da Estrada, na Maestranza, na cidade da Coruña, prevista para o día 27 de abril

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xesús Jorquera Caselas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, o obxecto desta pregunta é coñecer a opinión da Xunta de Galiza sobre unha curiosa decisión dun goberno en funcións; un goberno en funcións que non está nin se espera para outros asuntos pero si para agasallar a Ence coa ría de Pontevedra ou especular co noso patrimo-

nio. Refírome ao anuncio do Ministerio de Defensa de someter á poxa tres parcelas do Campo da Estrada, na Coruña, unhas parcelas de 30.000 metros cadrados polas que pretende ingresar case 25 millóns de euros. Estes terreos eran comunais, foron ocupados polas monarquías absolutistas para a construción de instalacións militares e máis tarde usufrutuados polo daquela Ministerio da Guerra.

Aínda que sexa unha cuestión que sobarda o ámbito de competencia da Xunta, cremos que é lóxico que o Goberno galego teña opinión sobre este tipo de operacións. Pero, ademais, esta operación afecta a preservación do noso patrimonio, señor Rueda. Nos terreos do Campo da Estrada construíuse, primeiro, o sistema defensivo das murallas; logo, no século XVIII, a Real Maestranza; e despois, no XIX, o cuartel de Atocha. Están situados, pois, no ámbito de protección de bens de interese cultural de alto valor patrimonial. O sistema defensivo medieval e o sistema defensivo barroco da cidade da Coruña, ambos sistemas, están definidos como BIC do catálogo de edificios e conxuntos do PEPRI da Cidade Vella e a Pescadería. As murallas foron declaradas BIC do conxunto histórico-artístico mediante decreto da Consellería de Educación e Cultura. E a existencia de restos arqueolóxicos de todo este sistema defensivo requiriría, para calquera tipo de actuación, da correspondente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza.

Mire, señor Rueda, afortunadamente a pregunta que agora se debate perdeu vixencia no inmediato. A mobilización popular e a falta de compradores fixo que ficase deserta a poxa que o Ministerio de Defensa pretendía facer hoxe mesmo, no día de hoxe. Pero o Ministerio de Defensa pode optar por unha segunda poxa, ou ben pode optar pola adxudicación directa dos inmobles a calquera comprador que manifeste interese.

Por iso, señor Rueda, ¿vai exixir a Xunta de Galiza a paralización da poxa? ¿Vai exixir a cesión destes terreos para que permanezan no patrimonio público e sexan, por tanto, terreos para disfrute público?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Jorquera, coñece o Goberno galego, creo que coñecemos todos, as circunstancias deses bens, tanto da parte que foi cedida polo Ministerio de Defensa ao Concello da Coruña no seu momento como dos que agora foron obxecto de poxa. Eu supoño que tamén se coñecían cando un ministerio de defensa socialista e un concello socialista fixeron un convenio que dicía exactamente que se procedera ao que se está procedendo con esta poxa. Iso tamén hai que contalo, porque parece que é unha decisión do Ministerio de Defensa, do PP, en funcións pero que está executando a decisión dun ministerio de defensa do Partido Socialista, que non estaba en funcións, e que chegou a un acordo cun concello socialista que tampouco estaba en funcións. Polo tanto, eu creo que, se hai que contar as cousas, hai que contalas desde o principio ata o final, porque as cousas sempre teñen a súa causa e non é só como rematan. É, sobre todo, como empezan, que é como explican outras moitas cousas.

E, dito isto, eu non o podo acusar a vostede de non plantexar este tema no Congreso dos Deputados. Vostedes non poden, co cal non o puideron plantexar. Non sei se, podendo, o farían; pero o certo é que non poden. E plantéxano aquí. Pero aquí téñolle que dicir o mesmo, sabe vostede que non temos competencias. A Xunta de Galicia non pode dicirlle nin ao Concello da Coruña, gobernado polas Mareas –que eu saiba–, e ao Ministerio de Defensa –que é outra administración, aínda que estea gobernada polo PP, como vostede di, en funcións– que paralicen unha poxa que trae causa dun acordo entre dous gobernos socialistas. Non poderíamos dicilo naquel momento se estiveramos cando se acordou, e, por suposto, tampouco o podemos dicir agora. En todo caso é certo que vostede trae a pregunta agora e tamén a podería ter traído moito antes. Tráea a este pleno como podía ter vido a outro pleno anterior. E nese momento aínda non se terían producido as poxas e non se terían declarado desertas, como efectivamente tivo lugar esta mañá. Polo tanto, vostede decide cando trae a pregunta.

Dime que hoxe xa non trae causa. Pois, oia, hai dúas semanas ou hai un mes aínda traería causa, e se o que está pedindo é que se interveña, pois tería bastante máis razón antes das poxas que agora que xa se produciron e, efectiva-

mente, o que queda aberto é o terreo da negociación. Oia, o propio Partido Socialista na moción que houbo no Concello da Coruña –e vostede creo que o sabe– non apoiou a cesión gratuíta porque sabe que o ordenamento xurídico non permite unha cesión gratuíta. Permitirá que se negocie a cesión, supoño que é o que fará agora o goberno municipal da Coruña co Ministerio de Defensa. Xa vexo que vostede non ten demasiada confianza no que poida facer o alcalde da Coruña e vén pedir a intervención da Xunta de Galicia. Pero eu dígo-lle que aquí, co ordenamento xurídico e coas capacidades políticas de cada un, ímoslle dar un voto de confianza. O grupo municipal do Partido Popular deulle ese voto de confianza e abstívose na iniciativa. Dixo que o alcalde da Coruña fora negociar este tema ao Ministerio de Defensa. Parece ser –polas noticias que vostede transmite a través desta iniciativa, esperando a que se produciran as tres poxas desertas– que non debe de ter moita confianza en que a intercesión, a acción política do alcalde da Coruña, chegue a ningún fin.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica do señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Mire, señor Rueda, xa estamos moi acostumados a que o Goberno galego xustifique a súa incompetencia dicindo que non ten competencias.

Mire, é evidente que o señor Francisco Vázquez ten unha responsabilidade, non ten que convencernos diso. Nin ese señor nin as súas políticas foron nunca santo da nosa devoción. Pero o Goberno galego pode mediar e pode emitir opinión, porque ademais estamos a falar de cuestións que afectan tamén a competencias autonómicas. ¿Acaso a Xunta de Galiza non ten competencias en materia de patrimonio? ¿Non ten competencias en materia de urbanismo? ¿Acaso á Xunta de Galiza lle parece ben que o Goberno central pretenda espoliarnos, señor Rueda?

Porque, mire, estamos a falar de terreos que eran comunais. Xa no ano 1858 o Concello da Coruña pediu a súa devolución. E dado que vostede alude a que non se poden ceder, mire, Barcelona ten dous espazos emblemáticos,

como o Parc de la Ciutadella e a montaña de Montjuic, que eran espazos militares que foron doados á cidade. Madrid presume de ser unha das cidades de Europa con máis parques grazas a que propiedades da Coroa ou antigos coutos de caza da realeza, como a Casa de Campo ou o Parque do Retiro, foron doados ao pobo de Madrid. ¿Ou vostede non o sabía, señor Rueda?

E mentres tanto en Galiza o Ministerio do Interior négase a entregar á cidade da Coruña o antigo cárcere, e a Xunta tivo que pagar polo edificio do que era o Hospital Militar. E o Ministerio de Defensa, en vez de reverter para uso público, para o disfrute de todos, os terreos dos que se apropiou, pretende dar pelotazos urbanísticos con terreos que forman parte do noso patrimonio, señor Rueda.

Mire, ¿considera lóxico que Defensa actúe como unha auténtica inmobiliaria dedicada á especulación? Conteste, señor conselleiro. Se non é así, exerza dunha vez como goberno deste país e opóñase a este espolio, porque o Ministerio de Defensa pretende espoliarnos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Turno de peche.

Señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Jorquera, eu vólvollo dicir. Xa sei que non lle gusta escoitalo. Oia, se isto é un espolio, é un espolio asinado –supoño que naquel momento con luz e taquígrafos– polo mesmo partido co que vostede intentaría gobernar para desaloxar o PP, ¿ou non? Dígallo ao Partido Socialista, que isto firmárono dúas administracións socialistas. E todo o que estaba alí, se era un espolio, xa era un espolio naquel momento.

Mire, isto non é unha cuestión... (*Murmurios.*) Aquí hai membros da corporación socialista. Non sei se estaban naquela época, pero, dende logo, pódennlle dicir que

todo iso despois en ningún momento o criticaron. E o Concello da Coruña foise beneficiando –e non teño que vir eu aquí defender, pero parece ser que si, o que acordou o señor Vázquez naquel momento– dunha serie de edificios que lle cedeu o Ministerio de Defensa con base nese convenio ao que vostede agora lle chama espolio. Non sei se vostede, mentres se ían utilizando para uso público dos veciños e veciñas da Coruña todos eses espazos e edificios que se cedían, diría que o convenio do que traían causa era un espolio, como o está dicindo agora. Bueno, pois se o dicía, non o dicía moi alto, sinceramente, e non llelo dicía aos seus compañeiros socialistas, pódollo asegurar. *(Murmurios.)*

Mire, vostede está pedindo aquí que solucionemos a falla de capacidade negociadora do alcalde da Coruña, que é ao que lle encargou a corporación municipal que intentara chegar a un acordo co Ministerio de Defensa. Iso é o que lle encargaron, e –insisto– non debeu ter moito resultado cando o que vén dicir é que a ver se a Xunta de Galicia lle pode botar unha man. Supoño que porque vostede se dá conta de que a Xunta de Galicia si que sabe negociar estas cousas. ¡Oia!, acaba de sernos cedido o edificio do antigo Hospital Xeral para volver dedicalo a usos públicos. Pois ao mellor é que temos unha boa capacidade negociadora. Iso ao mellor é que nos damos conta de que hai un marco, que é o ordenamento xurídico, no que se poden pedir cousas de acordo ao que está asinado, sempre e cando se argumente ben para qué se están pedindo as cousas. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Ao señor Losada, como o alcalde de Vigo non interveu nisto, xa sei que lle fastidia. *(Murmurios.)* Pero, señor Losada, pódense conseguir cousas, sen que interveña o alcalde de Vigo, en Vigo, pódollo asegurar. *(Aplausos.)* Xa sei que a vostede lle fastidia moito, *(Aplausos.)* xa sei que lle fastidia, pero é posible, e espero que non o estropeen a última hora. *(Murmurios.)*

Mire, isto non é cuestión de vontade política, é cuestión de ordenamento xurídico tamén. E o feito de que tamén o grupo municipal socialista na Coruña –supoño que con bo criterio– dixera que a cesión gratuíta non era posible é unha mensaxe, é un encargo, ao alcalde da Coruña para que o poida negociar. E ogallá que teña éxito, sinceramente llo desexo, porque ao final é un acordo entre administracións, como o acordo ao que chegamos nós.

Pero pretender substituír iso por argumentacións urbanísticas, dicindo que a Xunta... Oia, se hai un problema urbanístico e non se pode realizar esa operación, o Concello da Coruña, o alcalde da Coruña, ¿por que non di que hai un impedimento urbanístico e non se pode facer nada? Non o dixo, tería que haber un informe xurídico do secretario ou do interventor, dos técnicos xurídicos do Concello da Coruña, que dixera que non é posible e que se está cometendo unha ilegalidade. Non o hai porque non pode ser.

Igual que respecto dos restos arqueolóxicos vostede coñece, igual ca min, que o único que ten dito o Concello da Coruña é que hai unha potencialidade arqueolóxica. Iso en ningún caso faculta, de acordo co PEPRI, á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia para paralizar ningunha poxa.

Primeiro, o Concello da Coruña tense que mover politicamente, xa vexo que non é capaz; tense que mover xuridicamente, supoño que non pode. E ao final, como non pode facer nada, coma sempre, a ver se o arregla a Xunta de Galicia, que arregla moitas cousas pero que nisto, sinceramente, non ten competencias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Hipólito Fariñas Sobrino e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o balance da Consellería de Economía, Emprego e Industria respecto do impacto na economía galega das medidas da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor Conde, realmente o obxectivo central do Partido Popular, un dos obxectivos centrais, xa dende o ano 2009, foi afrontar e mostrarse como alternativa económica. Polo tanto, o obxectivo é conquistar unha recuperación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Repito.

O noso obxectivo central, dende que tomamos posesión, dende que gañamos as eleccións de 2009, en que atopamos

unha crise económica, tanto polas señas de identidade do Partido Popular como pola situación, era o relanzamento económico, a recuperación económica; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) obxectivo que se mantivo nas eleccións de 2012 e tamén nas eleccións xerais de 2011; é dicir, estamos a falar dun dos eixos centrais da política do Partido Popular.

Aquí en Galicia, se atopamos unha situación de crise económica, atopámonos nun círculo vicioso de subdesenvolvemento de crise e depresivo, porque caía o consumo, caían as recadacións tributarias, caía o investimento e aumentaba o paro; é dicir, a tormenta perfecta. Iso foi o que tivemos que afrontar.

Entón, un dos elementos estratéxicos da nosa política, un dos elementos da nosa política –que eu ata estou tentando situar o problema puntual no contexto xeral da nosa política para subliñar a súa importancia, o seu valor estratéxico–, era relanzar as exportacións. É dicir, o sector exterior era o elemento ou un dos elementos fundamentais da nosa estratexia económica e, polo tanto, para recuperar o benestar social para o noso pobo e afrontar o sistema de endebedamento.

Esta era unha tarefa moi difícil, fundamentalmente moi difícil pola situación na que aquí se estaba. Pero nós, incluso por filosofía, non soamente por interese económico, esa filosofía pola que nós concibimos unha Galicia como apertura, é dicir, a nosa filosofía non soamente é unha situación de mercadoría, senón unha situación de intercambio cultural, de intercambio social, de apertura de ideas, facemos esta pregunta de como está a situación das exportacións, a situación do exterior, é dicir, ese proxecto estratéxico de apertura ao exterior dende a Xunta de Galicia na área na que vos tede é o responsable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Arias.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Si, moitas grazas, señor presidente.

Señor Arias, agradézolle, efectivamente, que falemos de recuperación económica. A oposición non quere, a oposición, sempre que se fala dun modelo económico para Galicia, sempre que se fala de política industrial, sempre que se quere falar de política de innovación, pois non quere falar destas cuestións. Pero, efectivamente, o Goberno, dende o ano 2009, está desenvolvendo un novo modelo produtivo para Galicia baseado na industrialización, baseado na innovación, pero baseado tamén nesa visión de apertura e na capacidade que teñan as nosas empresas de gañar mercados internacionais e, polo tanto, para que a través das exportacións poidamos consolidar este modelo produtivo en Galicia.

O balance que podemos trasladar a esta Cámara da actuación en materia de internacionalización é realmente positivo. Galicia está asistindo ao ciclo exportador máis importante de toda a súa historia nesta lexislatura. E no ano 2015 o volume de exportacións superou os 18.000 millóns de euros, que significou un incremento do 5,6 % con respecto ao ano 2014; pero o máis importante é que superamos a marca histórica, que estaba no ano 2013 nun 0,4 %.

Pero esa tendencia continúa, e os datos, tanto de xaneiro como de febreiro, marcan que as exportacións da comunidade seguen medrando un 7 % con respecto ao mesmo período do ano 2015; polo tanto, estase a demostrar que o comportamento do noso tecido produtivo é realmente positivo e a capacidade das nosas empresas é realmente importante para gañar mercados.

Pero, se me pide un dato que marca este elemento diferenciador, eu centraría tamén no volume de empresas exportadoras que están participando neste proceso. O realmente importante é que as empresas exportadoras regulares están crescendo un 2,3 %. Nestes momentos o 35 % das nosas empresas exportadoras fan dunha forma regular, por riba da media nacional, e que marca que a internacionalización xa forma parte do ADN do noso tecido produtivo. Trátase dunha folla de ruta moi clara, con medidas concretas por parte do Goberno, que vai apoiando o noso tecido produtivo dende a primeira idea da exportación ata a propia promoción, a venda sobre o terreo ou a instalación de filiais e oficinas noutros países. E está demostrándose que as nosas empresas están creando valor e que as nosas empresas tamén están levando a bandeira de Galicia con orgullo aos principais mercados do mundo. É un camiño que non ten volta

atrás, que nos está levando de maneira firme a acadar eses obxectivos en materia de internacionalización, incrementando as exportacións un 25 % no horizonte do ano 2020, e que está consolidando o noso tecido produtivo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Indubidablemente, ese tipo de cifras, é dicir, as cifras xerais, un 25 % de incremento, con todos os miles de empresas que están agora montadas, loxicamente ten unha capacidade explicativa de elementos de prosperidade que agora se están dando. É dicir, que estamos nese proceso, efectivamente, dunha senda de recuperación á que non se asistiu en ningún outro momento dende a crise económica, que esta é a gran novidade, a novidade explicativa.

Hai outro factor, de todos os xeitos, polo que eu lle preguntaría, porque sabe que a oposición censura que toda esta capacidade e potencial exportador non ten nada que ver coa acción económica e coa acción xestora da Xunta de Galicia, coa acción xestora do Partido Popular, nin tampouco co seu modelo económico. Quíttalle valor dicindo que unha devaluación interna, unha caída brutal de salarios, unha sobreexplotación, é a clave do modelo económico ao que estamos asistindo. Polo tanto, a min gustaría saber se se pode refutar esa tese, se é posible identificar países con niveis salariais inferiores aos de Galicia onde realmente tamén esteamos exportando. Iso revelaría que a exportación é capacidade, invención, innovación, competitividade; é dicir, incluso se outros países que están tecnoloxicamente máis avanzados ca nós tamén son obxecto de penetración no seu mercado, porque implicaría que os niveis de tecnoloxía nosos son, polo menos, capaces de introducir neses mercados. En definitiva, preguntarlle se nos pode dar información sobre o abano xeográfico das exportacións, qué tipo de países, qué tipos de sectores, ónde imos.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arias.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Arias, efectivamente, o comportamento que están tendo as nosas empresas nos diferentes mercados é realmente positivo. Dende o ano 2009 o incremento das exportacións medraron un 35 % no conxunto da economía galega, e ese 35 % incluso queda pequeno cando analizamos mercados obxectivo, mercados clave, para a nosa economía, onde o noso tecido produtivo está tendo unha penetración importante. Falamos de países como China ou como Rusia, onde as nosas vendas medraron un 307 % e un 45 % con respecto ao ano 2009. Pero podemos falar tamén de países como o Reino Unido, onde ese crecemento foi do 161 %, pasando de 420 millóns de euros de exportacións no ano 2009 a máis de 1.000 millón de euros no ano 2015. Tamén Latinoamérica está tendo un comportamento moi positivo nas nosas exportacións: en México medraron un 75 % e en Colombia un 59 %.

En definitiva, un comportamento moi positivo nos diferentes mercados, incluso neses mercados que tecnoloxicamente teñen un compoñente moi importante. E ese esforzo exportador do noso tecido produtivo está respondendo a esa capacidade de diversificación que a nosa economía está demostrando. Esa capacidade de diversificación está directamente relacionada con esa política industrial, esa política de innovación, que estamos promovendo.

O Goberno está centrando a súa actuación nas pequenas e medianas empresas. Porque as pequenas e medianas empresas son as que teñen unha maior dificultade para dispor dunha estrutura de internacionalización sólida como poden ter as grandes empresas. E aí estamos ofrecendo todo o noso apoio a estas pequenas e medianas empresas a través de diferentes instrumentos, a través de contratación de sectores de internacionalización, permitindo instrumentos de apoio á internacionalización, como Galicia Exporta, e tamén o labor que está desenvolvendo a propia Pexga en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia, que está resultando ser moi positiva. En definitiva, estamos axudando o noso tecido produtivo para que consolide esa evolución positiva.

Eu estou convencido, señor Arias, de que dentro dunha década se falará destes anos, destes anos de crise, como o momento no que a economía galega, innovando e saíndo ao

exterior, cambiou para sempre. É, dende logo, o momento en que as nosas empresas e o noso capital social, xunto coa Xunta de Galicia, estamos remando na mesma dirección e estamos convertendo unha Galicia que pensa en local nunha Galicia que pensa en global e, polo tanto, unha Galicia máis competitiva.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan Pexga

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, estou sobrecolido. Seguro que dentro dunhas décadas nos acordaremos deste novo Roosevelt e deste novo *new deal* da Xunta de Galicia. Estou case seguro diso.

Mire, alégrome moito de que hoxe, despois de cen días desde que foi elixido, se reuniran vostede e o presidente da Xunta de Galicia co novo presidente da Confederación de Empresarios. É verdade que non era o candidato da Xunta, e esa é a razón pola que co anterior presidente da Confederación de Empresarios se reuniran con el escasamente dúas semanas despois de que fora elixido. Pero, por suposto, é puro accidente de axendas.

Seguro que coñece vostede, señor conselleiro, o libro de Acemoglu e Robinson sobre por que fracasan os países, sobre esas elites extractivas nas que os axentes económicos e o poder político se vinculan, ¿verdade? Digo que seguro que o coñece porque creo que xa intercambiamos nalgunha outra ocasión puntos de vista sobre o tema.

Hai dous vectores fundamentais no discurso político, ideolóxico e económico da dereita. O primeiro é evidente –e no caso da súa consellería e no caso do Igape, que é o axente condutor do Pexga, manifesto–, que é o proceso de externalización. Igual dá que sexa Price Waterhouse Cooper, que sexa KPMG ou que sexa a Confederación de Empresarios de Galicia con este plan. É pura e simplemente substituír os

funcionarios, os traballadores públicos do Igape, que levaban, ademais, un capital acumulado durante anos. Insisto, dáme igual que sexa a CEG ou que sexan consultoras, consultoras que lle permiten logo a vostede saír nas fotografías do *Investors day: think in Galicia*, que todos sabemos que é parte dese *new deal* de futuro de décadas. Esta é a primeira cuestión. Esta é a primeira cuestión que significa o desmantelamento absoluto do Igape, sen ningunha dúbida. E basta con ver tanto os orzamentos como os niveis de execución.

A segunda ten que ver co discurso estritamente económico, o discurso sempre é deixar que o mercado funcione. Pero logo trátase sempre de actuar sobre os axentes económicos dende a política. E o exemplo da Confederación de Empresarios de Galicia e o de Pontevedra é paradigmático. Vostede sabe perfectamente que o axente executor do Pexga, e tamén as eleccións das direccións destas dúas confederacións de empresarios, foron absolutamente, digamos, influenciadas, ou con intento de influencia, por parte do Goberno galego nos procesos electivos. Sabe que algún deles está no xulgado. Sabe que outro está sendo sometido a un acoso e derribo absolutamente intolerable. Non vou ser eu aquí quen defenda a Confederación de Empresarios de Galicia, pero, desde logo, a utilización... –si, si, ¿non sei se hai algún problema?– por parte da Xunta de Galicia da Confederación de Empresarios como ferramenta de control político ao servizo do Partido Popular está sendo tan manifesta e tan intolerable...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que leva pura e simplemente a premiar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...a los buenos y a castigar a los malos, que es el Catecismo del Padre Astete, como vostede ben sabe. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Eu entendo perfectamente que vostede non veña a esta Cámara defender a Confederación de Empresarios de Galicia porque permanentemente carga contra a Confederación de Empresarios de Galicia a través das diferentes colaboracións que este goberno está impulsando. Eu si, porque eu, señor Losada, e este goberno, o que necesitamos é, precisamente, unha confederación de empresarios de Galicia que sexa forte e unha confederación de empresarios de Galicia que teña esa capacidade de actuar e de impulsar iniciativas xunto ao Goberno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Polo tanto, señor Losada, eu creo que se confunde. Estamos no Parlamento, isto non é unha tertulia. E, polo tanto, eu creo que aquí vimos facer un debate político. E o que non lle podo permitir é que intente trasladar que este goberno ten ningún tipo de inxerencia política no funcionamento da Confederación de Empresarios de Galicia. Non llo podo permitir en ningún caso.

Este goberno en todo momento está actuando con profundo respecto á autonomía da Confederación de Empresarios de Galicia, un respecto tanto á súa autonomía de xestión como á súa autonomía como interlocutor económico e social. E iso significa que este goberno está colaborando coa Confederación de Empresarios de Galicia. E, no que vostede fala de externalización, este goberno con rigor do que fala é de colaboración público-privada. Efectivamente, este goberno está colaborando coa Confederación de Empresarios de Galicia nas diferentes actuacións e particularmente na súa actuación no eido internacional. E iso non significa, loxicamente, que a Xunta de Galicia teña que asumir as súas responsabilidades cando se plantexa calquera tipo de cuestión vinculada á xestión do diñeiro público. Polo tanto, nese convenio que temos asinado coa Confederación de Empresarios de Galicia, na propia tramitación habitual deste tipo de convenios, se hai calquera tipo de incumprimento dese convenio, nós aplicámolo, e cando o convenio se cumpre, loxicamente, tamén lle damos continuidade.

Polo tanto, señor Losada, estamos no Parlamento, estamos para trasladar cuestións concretas, e eu non lle permito que intente trasladar que este goberno ten ningún tipo de inxerencia política na Confederación de Empresarios de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Conselleiro, vai ter que permitirme.

Mire, vai ter que permitirme as chamadas do vicepresidente da Xunta, do presidente da Xunta e de vostede mesmo a persoas que tiñan dereito a voto nas eleccións da Confederación de Empresarios de Pontevedra e da Confederación de Empresarios de Galicia; *(Murmurios.)* unhas eleccións nas que houbo 261 votos e 251 inscritos. ¿Sóalle iso a calidade democrática?

Oia, non é unha tertulia, claro que non. Efectivamente, é un sitio no que o Goberno ten que responder de prácticas absolutamente lamentables propias doutro tempo. ¿E sabe por que lle digo isto? Mire, dígollo porque no seu momento, efectivamente, censurei que 18 millóns de euros de diñeiro público se concederan sen coñecer informes técnicos nin avais técnicos de ningún tipo á Confederación de Empresarios de Galicia porque a presidía un amigo do Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E continuou outro amigo do Partido Popular e non houbo absolutamente ningún problema económico. O Partido Socialista pediu os informes realizados, as follas de liquidación de gastos, a xustificación de gastos, os contratos de traballo e os informes da asesoría xurídica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E nada diso nos foi proporcionado. E cando hai eleccións e gaña o candidato que non apoia o PP, aparecen os gardiáns do diñeiro público.

Señor conselleiro, eu non sei se isto é unha tertulia, o que non son eu é imbécil ou, polo menos, non demasiado, ¿vale? *(Risos.)* Entón, esta é a secuencia. E dígame se dixen algo que sexa falso. *(Murmurios.)* –Si, bueno, pois, a ver.– Dezaioito millóns de euros asinados, e eu non digo que non houbera informes técnicos, digo que non nolos proporcionaron. Exactamente igual que os contratos coas empresas do señor Dorado. Non sei se aquí tamén houbo inundacións. Non nolos proporcionaron.

E despois as xustificacións de gasto, que tampouco nolas proporcionaron. Co señor Fontenla e co señor Alvariño parece que todo ía ben, e descóbrense xusto un mes despois de

que gana quen non tiña –entre comiñas– “que ganar” todos os desfacementos do Plan Pexga. Oia, ¿pero de verdade cre que vai pasar ás décadas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...co *new deal* galego? E, por certo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada. Rematou.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...o señor Feijóo dixo: “A CEG non é un exemplo de organización e funcionamento”. ¿Sabe cando? Tres días despois de que o señor...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada, xa acabou o seu tempo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...Moure Areán ganara a presidencia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche.

Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu insisto, señor Losada, lamento que vostede e o Partido Socialista de Galicia intenten converter este Parlamento nunha tertulia.

Trasladeille e trasládolle con total... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Así está o Partido Socialista de Galicia, lamentablemente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Trasládolle...

O señor PRESIDENTE: Perdón, silencio. Silencio. Deixen que conteste o conselleiro. (*A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.*)

¡Señora Gallego, por favor! Estamos rematando xa. Un pouco de respecto a quen está no uso do palabra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Foi conselleira vostede, foi conselleira, por iso, un pouco de respecto a quen está no uso da palabra.

Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Losada, vólvolle trasladar con total contundencia: este goberno, e particularmente este conselleiro, non fixo ningún tipo de inxerencia política na xestión da Confederación de Empresarios de Galicia. Polo tanto, invíto a retirar a acusación que pretende trasladar vostede de inxerencia política. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) En calquera caso, a súa responsabilidade política é a que terá que asumir vostede mesmo dende o punto de vista político, loxicamente. (*Aplausos.*)

En calquera caso, vostede sabe, porque eu xa tiven ocasión de respostar a diferentes preguntas sobre o convenio Pexga, que a execución real dese convenio, que inicialmente estaba dotado –e é así– con 18 millóns de euros, non supereu apenas os 7 millóns de euros. Sábeo perfectamente, señor Losada. Polo tanto, un pouco de rigor cando falemos deste tipo de plantexamentos.

Eu estou seguro de que vostede compartirá comigo e con este goberno que o Igape non debe de asumir ningún tipo de gasto que non sexa elixible en calquera convenio, sexa da Confederación de Empresarios de Galicia ou sexa de calquera outra institución.

Polo tanto, o Igape, con respecto a este convenio, está actuando, defendendo os intereses xerais, defendendo cada euro que xorde dos impostos dos galegos. Sabe que estes convenios teñen o seu trámite ordinario, e eu invíto –insisto–, primeiro, a retirar as referencias ás inxerencias políticas do goberno. E, en segundo lugar, de verdade, invíto a que converta esta Cámara nun debate con rigor e político. Isto non é, señor Losada, unha tertulia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. José Luis Méndez Romeu e D. Abel Fermín Losada Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na actualidade das condicións da concesión administrativa outorgada á empresa adxudicataria das instalacións e do equipamento da antiga fábrica de armas da Coruña

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor conselleiro, non debería de ser unha tertulia, pero eu antes estaba escoitando respectuosamente o seu colega, o vicepresidente, e no que falaba era como un tertuliano.

Mire, señor conselleiro, quero falarlle dun asunto do que temos falado aquí en distintas ocasións e que vai sendo un clásico: a fábrica de armas da Coruña.

A última vez que lle preguntei por isto creo que foi en novembro de 2014, e aquel día vostede díxome que a empresa concesionaria era solvente e con futuro, e díxolle a este humilde deputado que non tiña rigor, que levantaba insidias e que provocaba confusión.

Hai poucas semanas na Comisión de Industria deste Parlamento, a iniciativa do seu grupo, sometíase a votación unha moción de apoio á situación da fábrica de armas. Subliño que este grupo votou a favor desa proposición do Partido Popular, a pesar de que era unha proposición baleira de contido e a pesar de que era unha proposición sen compromiso.

Con esa lexitimidade de estar aquí aguantando todo isto todos os días, cando vostede me di que hai falta de rigor e todo isto, preguntolle: ¿coñece vostede a situación actual da factoría? ¿Estanse cumprindo as condicións da concesión? ¿Sabe, vostede que é titular das relacións laborais, que se están producindo situacións lesivas para os traballadores? ¿Respalda o cumprimento ou o incumprimento do plan de investimentos? ¿Respalda o incumprimento das iniciativas de I+D e dos compromisos de emprego? E, se non é así, ¿que pensa facer?

Ilústroo para que logo non diga que falo sen rigor. Ilústroo, señor conselleiro, e dígolle que no momento actual a fábrica, que debería de ter a metade da súa produción en

armas, non está tendo ningunha produción de armamento. Infórmoo de que a empresa non paga as cotas da Seguridade Social, que adebeda xa medio millón de euros. Infórmoo de que non paga os salarios aos traballadores, que os ten contratados a tempo parcial ou en formación, pero sen cobrar. Infórmoo de que non paga ás empresas provedoras. Infórmoo de que non paga o canon da concesión.

Señor conselleiro, a empresa non é solvente, xa llo dixemos dende o primeiro momento, a empresa non cumpre os compromisos. Vostedes respaldaron a concesión a unha empresa creada *ad hoc*, sen capital social e sen garantías. Pero vostede sabía todo isto dende o principio. Foron advertidos, foron advertidos polos traballadores e foi debatido este tema aquí; igual que o sabía dende o primeiro minuto o Ministerio de Defensa, pero interesaba esa adxudicación. ¿Iso que é, o modelo que vostede está predicando todos os días da Empresa 4.0? ¿Ese é o modelo empresarial que vostedes respaldan? ¿Ese é o modelo de concesión administrativa sobre o que se vai edificar o novo paradigma do crecemento en Galicia?

Señor conselleiro, claro que este non é un tema de tertulia, é un tema moi grave, e vostede aquí ten unha responsabilidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Méndez Romeu, con toda cordialidade llo vou dicir: vostede e o Partido Socialista só se acordan de Santa Bárbara cando trona, e cada vez que temos un período preelectoral resulta que vostedes traen aquí a situación da fábrica de armas. Eu agradézolle que, efectivamente, traia unha situación que preocupa a este goberno, da que se ocupa este goberno, pero eu creo que o debate ten que ter un mínimo rigor, ten que cingirse á realidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ten que aplicarse o principio de legalidade e tamén o respecto institucional. *(Murmurios.)*

Eu creo que non lle gusta ao Partido Socialista, presidente, que se fale aquí de realidades, de legalidade e de res-

ponsabilidade. Non lle gusta, pero realmente é o que me están a preguntar. (*Aplausos.*)

Señor Méndez Romeu, eu e este goberno a responsabilidade que asumimos é, loxicamente, a de facer todo o que sexa posible para que a fábrica de armas poida continuar coa súa actividade. Fágolle un pouco de memoria, se mo permite, porque cando xurdiu o problema da fábrica de armas sabe que este goberno fixo todo o posible para que General Dynamics puidera continuar coa actividade. E cando iso non foi posible, este goberno o que fixo foi todo o posible para que o Ministerio de Defensa puidera licitar as instalacións e, polo tanto, se puidera adxudicar a un proxecto industrial. A Xunta de Galicia, no eido das súas competencias, o que está a seguir agora é esa evolución do proxecto empresarial que o Ministerio de Defensa adxudicou, e, loxicamente, nós estamos en contacto co Ministerio de Defensa para que se poidan cumprir os compromisos vinculados a esa licitación. Pero sabe perfectamente cales son as competencias deste goberno e sabe perfectamente desa licitación que lle corresponde ao Ministerio de Defensa, que hai unha comisión de seguimento e que a Xunta de Galicia non participa nesa comisión de seguimento.

Así que eu creo que non debería de confundir, porque isto mesmo que eu lle estou a dicir é o que lle di no seu grupo parlamentario o alcalde da Coruña, exactamente o mesmo, porque este goberno está colaborando co Ministerio de Defensa, está colaborando co Concello da Coruña e está colaborando con todos os axentes que permitan darlles continuidade a esas instalacións.

Pero nós, señoría, seguiremos respectando a legalidade e seguiremos respectando as competencias de cada administración, por iso lle podó dicir con rotundidade que nós o que non podemos é entregar as instalacións da fábrica de armas a ninguén, non o podemos facer, e tampouco podemos comprometer diñeiro público a un proxecto que non sexa real e que non sexa viable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica.

Señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Con toda cordialidade, señor conselleiro, vostede é insolvente. ¿Sabe cantas iniciativas presentou este deputado sobre a fábrica de armas da Coruña nesta lexislatura? Vinte e dúas, na lexislatura. Teño unha morea mesmo de respostas da súa consellería, que, por certo, non din nada.

Vostede, señor conselleiro, ten que darse conta de que perseverar no erro non leva a ningures, tampouco aquí na fábrica de armas. Vostedes equivocáronse na concesión, e isto foille exposto reiteradamente polos traballadores, reiteradamente polas organizacións sindicais, que se reuniron con vostede unha e outra vez, e sen embargo vostede non actuou.

Sabe vostede que a situación desta empresa é tan grotesca que cando recibiu a concesión e vostedes a apoiaron dixeron que ía ser o corazón da futura I+D de Galicia, e nunca pasou de ser un chiringuito, señor conselleiro, e vostede é coñecedor disto. Vostede ten información puntual, como a ten o Ministerio de Defensa, como a ten a Tesourería da Seguridade Social, como a ten a Delegación do Goberno e como a ten o Ministerio de Defensa. Todo, inútil. A empresa non produce, a empresa non paga aos provedores e a empresa non paga aos traballadores. Pero vostedes non queren investigar. Vostede está tolerando irregularidades laborais, dependen de vostede as relacións laborais, vostede está tolerando a contratación sen salario e a fraude nos contratos de formación, e isto xa sería outro serial para falar. ¿Esa é a súa política de relacións laborais? Primeiro arruinaron os salarios, logo os servizos públicos, despois a Seguridade Social e agora proñen traballar sen salario. ¿Ese é o modelo de futuro?

Señor presidente, señor conselleiro, son condicións peores que as que provocaron o nacemento do movemento obreiro. Vai ter que ler vostede outra vez o *Manifiesto comunista* para entender como están a vivir hoxe os traballadores.

¿Que turbios compromisos teñen con esa empresa, señor conselleiro?...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ¿Que intereses impiden a actuación do Ministerio de Defensa? ¿Están provocando as condicións para unha especulación urbanística?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ¿Vai facer algo o señor conselleiro, vostede, a medias, conxuntamente ou de acordo co Ministerio de Defensa? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche.

Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu lamento, señor Méndez Romeu, que se equivocara de lugar para trasladar este tipo de cuestións. En primeiro lugar, téñolle que dicir que debería de corrixir a súa intervención, porque este goberno non se equivocou na concesión xa que este goberno non fixo ningunha adxudicación. Parece mentira que veña aquí a confundir. Os terreos son do Ministerio de Defensa, o Ministerio de Defensa convoca a licitación e o Ministerio de Defensa adxudica, e o Ministerio de Defensa é responsable da comisión de seguimento. Polo tanto, un pouco de veracidade na súa intervención porque vostede só pretende confundir. *(Aplausos.)* Igual que pretende confundir cando quere vir falar aquí de especulacións urbanísticas. Pero, ¿que pretende, señor Méndez Romeu? Fale vostede co seu alcalde da Coruña, porque este goberno non ten ningún tipo de vinculación cos terreos da fábrica de armas.

Polo tanto, este goberno está só para axudar ao desenvolvemento industrial e está só para axudar a que na fábrica de armas haxa actividade industrial, nada máis. Vostede saberá os intereses que vostede e o seu grupo teñen cando veñen aquí confundir a xente. Pero, en calquera caso, eu... *(Murmurios.)*

Se estamos aquí é para respectar a legalidade, para respectar as institucións, vostede parece que non, pero, señor Méndez Romeu, poñer en dúbida que ademais este goberno non asume a súa responsabilidade e as súas competencias xa entendo que é o último porque, señor Méndez Romeu, nós si estamos actuando no eido laboral e estamos vixiando o cumprimento das obrigas cos traballadores, e estámolo a facer, en primeiro lugar –e sábeo–, poñendo á disposición o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación e atendendo

tamén todas as denuncias presentadas ante a Inspección de Traballo.

E non teña a máis mínima dúbida, señor Méndez Romeu, de que actuaremos sempre con contundencia, con absoluta contundencia, cando se incumpran os compromisos cos traballadores, e, dende logo, este goberno sancionará se chega a confirmarse calquera tipo de infracción laboral.

Polo tanto, señor Méndez Romeu, cínase á legalidade, cínase á veracidade, non confunda e deixe a Santa Bárbara, porque vostede só se acorda de Santa Bárbara cando veñen eleccións. *(O señor Méndez Romeu pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Pedro Manuel Arias Veira e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a sentenza do Tribunal Supremo relativa á anulación do concurso eólico de 2008

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente.

Señor Conde, queremos preguntar sobre un tema central, importantísimo. Aquí xa sabemos que o Bipartito –isto ten as orixes no Bipartito– pasa tres anos sen ser capaz de elaborar un concurso eólico legal, que existe todo un conflito entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, nun momento dado, ademais, cun conxunto de sistemáticos recursos por parte de afectados que fixo que nas eleccións do 2009 este partido, este grupo parlamentario que respalda este partido, tome a decisión e se comprometa electoralmente a revisar o concurso eólico, a derogalo e a facelo de novo. Isto es lo que se hace. En 2009 se hace un nuevo concurso eólico, se cumplen nuevas bases, se hacen todas las consultas y se considera que esta ha sido una decisión legal.

Sin embargo, continuamente hemos vivido, no solo en la legislatura anterior, sino también en esta legislatura, acusaciones por parte de la oposición de que, a tenor de determinadas decisiones parciales, de tribunales parciales sobre distintos aspectos del tema, ha generado una confusión, dando la impresión de que el concurso eólico que ha hecho este eje-

cutivo es ilegal o no. Cuando hemos visto una sentencia del Tribunal Supremo convalidando este recurso, aquí la pregunta fundamental que se le pide como planificación del estado jurídico del concurso eólico es: ¿está legal? ¿Significa que esto cierra, causa estado y que es ya la última decisión respecto a la validación del concurso eólico del Partido Popular? Es decir, ¿esta sentencia del Tribunal Supremo ya deshace todo tipo de incertidumbre? ¿Clarifica la situación?, ¿causa estado?, ¿es una sentencia firme? ¿Qué consecuencias tiene para la legalidad y para el futuro funcionamiento del sector eólico?

Nada más y muchas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arias.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Arias, eu agradezo enormemente a iniciativa do Grupo Popular e, se mo permiten, vou estender, loxicamente, como non podía ser doutra forma, pero dunha forma particular tamén, a miña resposta ao resto dos grupos parlamentarios porque este goberno tivo que asistir e seguirá asistindo, loxicamente, a moitas interpelacións e preguntas por parte da oposición sobre o sector eólico. E que casualidade que cando hai unha sentenza importantísima para Galicia, importantísima para a consolidación do sector eólico, a oposición desaparece; parece que non lle interesa e que non quere falar da resolución por parte do Tribunal Supremo; parece que non lle preocupan os intereses xerais aos grupos da oposición. Por iso lle agradezo a intervención do Grupo Popular. (*Aplausos.*)

En canto á sentenza do Tribunal Supremo, debo dicir que, efectivamente, se trata dun ditame moi importante porque avala a decisión que este goberno tomou no ano 2009 sobre a anulación do concurso eólico do Bipartito. E o Tribunal Supremo, señorías, sinala que esta decisión se fixo conforme a dereito e conforme a ordenamento xurídico. E tamén reflicte que en ningún momento, señorías, houbo desviación de poder, reflectido polo Tribunal Supremo. E isto, señorías, supón un paso máis dentro do compromiso deste

goberno para dotar de seguridade xurídica o sector eólico e seguir dando pasos para que se poida desenvolver en Galicia este Plan eólico conforme a Lei 8/2009, que aprobamos. E ademais, esta decisión, señorías, evita que a Xunta de Galicia tamén teña que pagar importantes indemnizacións ás firmas que resultaron adxudicatarias dese concurso impulsado polo Bipartito.

Así que, señorías, o concurso eólico prosegue a súa tramitación administrativa con plena normalidade, consolidado coa resolución do propio Tribunal Supremo, e seguimos impulsando a tramitación administrativa dos parques eólicos. Son xa 17 parques eólicos, que suman 410 megavatios e que supoñen un investimento de 524 millóns de euros. E tamén saben que hai unhas semanas autorizamos a primeira repotenciación en Galicia.

En definitiva, seguimos traballando no impulso do concurso eólico, e esta sentenza do Tribunal Supremo consolida e blinda a actuación que fixo o Goberno no ano 2009 aprobando esa lei e anulando ese concurso do Bipartito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica.

Señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Si, señor presidente.

Señor Conde, existe una faceta complementaria de esta, es sobre el estado de ejecución. Si esto aclara el tema de la legalidad...; es decir, es muy importante que el marco legal esté claro. Sabemos también que existe un marco de nueva política económica y de subvenciones a los sectores eólicos, debido a la inviabilidad, a la insostenibilidad del marco regulatorio que había hecho el Partido Socialista, con unos déficits tarifarios insostenibles en un país donde hay situación de endeudamiento. Entonces, queremos decirle: con esta situación ya de clarificación legal, con el desarrollo del concurso eólico y la política que se ha fijado, ¿se es capaz de avanzar en la ejecución de una política eólica? –le pregunto, yo quiero que lo entienda toda la Cámara–. Aclarado el sistema legal, ¿es posible actualmente que se ejecuten los

parques del nuevo concurso eólico que ha propuesto el Partido Popular? ¿Es posible esto en esta situación de legalidad pero también en esta situación de precios y de restricciones relativas de subvenciones? Es decir, yo les pregunto no exclusivamente sobre el tema jurídico sino también sobre la política eólica, que probablemente se haya reforzado con esta clarificación del Tribunal Supremo dando certidumbre a los proyectos. ¿Cómo están los proyectos?, ¿se ejecutan o no se ejecutan?, ¿son posibles o no son posibles? Incluso con la nueva política de fijación tributaria, con respecto al Partido Popular de España, ¿es posible que consigamos un sector eólico potente en Galicia? Ese es el tema. Tenemos marco suficiente y una política de ejecución que nos permite decir que si vamos a seguir potenciando el sector? ¿Se está potenciando el sector, señor Conde? Esa es la pregunta esencial.

Nada más y muchas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arias.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Arias, efectivamente, o sector eólico é un sector estratéxico para Galicia, así o levamos trasladando dende o ano 2009. Eu creo que para calquera goberno as actuacións que desenvolve teñen que ter credibilidade dende o punto de vista político, pero tamén dende o punto de vista legal.

Dende o punto de vista político, esa credibilidade, ese compromiso do Partido Popular de Galicia cos cidadáns, quedou reflectido no propio programa electoral. E vou ler o programa electoral do ano 2009 do PPdeG. Decía nese programa que o PPdeG revisará de oficio todo o procedemento do concurso eólico, procedendo no seu caso á súa anulación e a unha nova convocatoria, e que ese concurso contaría tamén con todas as garantías necesarias para as empresas e para todos os cidadáns, respondendo aos principios de transparencia, de obxectividade, de seguridade xurídica e de fiabilidade. E precisamente esta sentenza confirma que esa actuación e ese compromiso que o Partido Popular de Galicia asumiu cos galegos tamén teñen esa legalidade.

E vólvoo reiterar para os grupos da oposición. O Tribunal Supremo confirma que esa anulación do concurso eólico do Bipartito foi conforme a dereito e foi conforme ao ordenamento xurídico, e confirma o Tribunal Supremo que en ningún momento houbo desviación de poder. E esa actuación non só estivo ben feita, porque, ademais, ningunha sentenza firme nestes momentos lle quita a razón ao Goberno e, polo tanto, os tribunais seguen a dar en última instancia a razón á Xunta de Galicia.

E nese contexto, no contexto da aprobación da Lei 8/2009, que permite dar esa seguridade xurídica ao sector, foi como empezamos a desenvolver o sector eólico. Saben que a lei introduciu un canon eólico que xa permitiu que os galegos ingresaran dentro das arcas autonómicas 137 millóns de euros para os concellos galegos, saben que convocamos e resolvemos ese concurso e que empezamos a súa tramitación administrativa, pero o sector tamén sabe que traballamos para intentar atenuar o impacto da propia reforma eléctrica, e por iso evitamos cargas financeiras innecesarias aos promotores, posibilitamos a renuncia dos megavatios por motivos de rendibilidade ou inviabilidade económica, facilitamos e estamos potenciado a repotenciación dos parques, conseguimos que a planificación eléctrica 2015-2020 garanta que todos os megavatios do concurso teñan a súa propia liña de evacuación e estamos tramitando o Plan sectorial.

En definitiva, seguimos apostando polo sector eólico, garantindo esa seguridade xurídica e garantindo o impulso na súa tramitación administrativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Mónica Fernández Rodríguez, do G.P. Mixto, sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para eliminar os problemas de desamparo de menores e o maltrato infantil

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Boa tarde.

Hoxe, vinte e sete anos despois da Convención sobre os Dereitos do Neno, que foi adoptada pola Asemblea Xeral da ONU e foi asinada e ratificada pola maioría dos estados no ano 1989, comprobamos que moitos dos seus compromisos a día de hoxe non se cumpriron. Estamos vivindo día a día a profunda fenda que está a provocar a crise económica: perda do traballo; perda da capacidade adquisitiva; non poder permitirse poder comer dun xeito equilibrado; moitas persoas, e sobre todo nenos e nenas, malnutridos e incluso diría que padecen fame; padecer pobreza enerxética; non ter capacidade de afrontar pagamentos imprevistos; ter que atrasarse no pagamento doutra serie de subministracións ou non ter equipamentos básicos; non poder mercar material escolar; non poder pagar clases de reforzo; non poder pagar medicamentos; etc.

Falamos dos problemas da xente adulta, pero nunca reparamos nos menores, que non viven alleos á gravidade da realidade. Isto é moito peor se estes menores son discapacitados, xa que poderían desfrutar de axudas que procurarían unha mellor calidade de vida, se eses menores teñen problemas de conduta, se eses menores son estranxeiros non acompañados ou se eses menores son fillos de emigrantes.

O maior incremento da pobreza infantil produciuse nos países do sur de Europa, onde destaca o Estado español, e a desigualdade en Galiza aumentou un punto máis que a media estatal. Unha de cada tres persoas novas está en Galicia en risco de pobreza ou exclusión social. Sofren as decisións que acarreen políticas austericidas de adultos deshumanizados. Impuxeron á nenez o castigo dunha crise económica, e nunca debería de ser isto sacrificado.

Cada ano ábrense en Galiza 1.000 expedientes de desprotección infantil. Na actualidade existen na Administración autonómica preto de 4.000 informes deste tipo, uns 2.000 menores está neste momento baixo o amparo da Xunta, sobre uns 1.200 menores en centros de acollida e un total de 1.090 menores atópanse na actualidade en situación de acollemento familiar.

E, por outra parte, temos outro gran problema, a infancia atopa na xustiza un gran camiño de obstáculos: delitos ás nenas e aos nenos, violencia de todo tipo, delitos sexuais e incesto. Non hai unha prevención no maltrato infantil e non hai lexislación de prevención nin estratexia. Os nenos e as

nenas adolescentes, que foron vítimas de violencia de xénero, presentan unhas necesidades específicas de atención e recuperación que deben ser obxecto de especial dedicación.

É imperante a necesidade de equipos humanos especializados nesta materia que saiban escoitalos para poder transmitir nun procedemento xudicial cal é realmente a súa vontade, que é o que necesita este neno ou nena, e que se atendan as súas dificultades dun xeito moi específico: medos, danos, as súas necesidades de vinculación, e como se poden poñer en práctica. Non se pode descoidar xamais o seu entorno.

A Xunta recibiu 1.242 chamadas na liña de atención ao menor, e o Rexistro de Maltrato Infantil, dirixido a profesionais do ámbito policial, ou educativo, recibiu un total de 12 notificacións durante o ano 2015.

Por iso preguntamos: ¿que medidas vai adoptar a Xunta para poder eliminar estes problemas de desamparo de menores ou de maltrato infantil?

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Grazas, presidente.

Señorías, para a Consellería de Política Social é vital traballar na consecución do benestar de todos os galegos e galegas, pero sobre todo dos que máis o precisan.

Tratamos que os problemas de desamparo desaparezan ou se reduzan ao mínimo posible. Para conseguir este obxectivo estamos a levar a cabo diferentes medidas e actuacións que teñen como destinatarios precisamente os menores.

Cada ano ábrense nos servizos especializados de protección de menores de Galicia máis de 1.000 expedientes de desprotección infantil, dos cales os motivos por sospeitas de maltrato físico son unha pequena porcentaxe sobre o total, o 8 %. Actualmente case 4.000 menores teñen aberto expediente de protección, dos que 1.463 están baixo a tutela pública da Administración, e 498 están en réxime de garda.

Ante esta realidade, os poderes públicos temos encomendadas actuacións para protexer xurídica, social e economicamente a familia, e en particular a infancia.

Fronte ás actuacións tradicionais, marcadamente intrusivas para o neno e para a súa familia, na actualidade a intervención ante a desprotección do menor baséase fundamentalmente en ofrecer ás familias os apoios necesarios para favorecer o mantemento do neno no seu ámbito familiar, agás cando iso non sexa unha alternativa viable.

Na atención integral á infancia e adolescencia teñen carácter prioritario as actuacións tamén dirixidas a previr posibles situacións de desprotección e posibles situacións de conflito social, ás que me gustaría engadir outra situación que é a da cronificación da pobreza. Moitos nenos e moitas nenas viven nun ámbito de pobreza, e están chamados a ser os pobres de mañá. Por iso temos elaborado moi recentemente unha nova axenda social que ten como destinatarias as persoas que están máis cerca da exclusión social e as persoas que directamente en Galicia están na exclusión social; axudas económicas directas para previr esas situacións de pobreza, para afrontar o gasto enerxético desas familias, especialmente das familias monoparentais; medidas e programas que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar; e os programas de recursos integrais de atención personalizada a menores procedentes do sistema de protección. Xa firmamos 5 dos 7 convenios pro infancia, precisamente para atender os menores nas sete principais cidades de Galicia, e a próxima semana firmarémolos cos concellos de Vigo e Pontevedra, precisamente na idea de que todos xuntos sexamos capaces de unirnos para que os menores non teñan que sufrir situacións que ninguén desexa.

A isto temos que engadir dúas novas medidas: unha nova orde de medicamentos, precisamente para os menores, que imos xestionar cos concellos, 3 millóns de euros para paliar os efectos de que incluso hai familias que non poden aboar o copago deses medicamentos e que, polo tanto, son situacións nas que temos que actuar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...e os novos equipos de atención temperá que este ano porá en marcha a Xunta de Galicia cos concellos de Galicia.

Estas son as medidas máis importantes que temos en marcha precisamente para paliar esta situación da que vostede fala na súa pregunta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica.

Señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: O conselleiro acábanos de ofrecer aquí unha batería de medios e de propaganda; de feito, si que me parece ás veces moi lamentable, porque son campañas para a foto, e digo para a foto porque non é nada máis.

Entendo que se debe de facer unha política de carácter estrutural, políticas especializadas, políticas de apoio e políticas personalizadas.

Eu non sei realmente, por exemplo, que fan cos datos que nos administra o Instituto Galego de Estatística, que nos sitúa na gravidade da situación económica que temos nos fogares galegos, que estamos case rozando o 60 %; ou da Rede galega contra a pobreza, que nos fala de que subimos amplamente do medio millón de persoas que están en risco de exclusión social, onde hai unha gran cantidade de nenos e nenas. Os nenos e nenas teñen que ser nenos e nenas, son persoas con características especiais. Iso, por un lado.

E, por outro, considero que debemos ter moito coidado con esta xente que está en risco de exclusión social, ou que xa está excluída do sistema, polo acceso restrinxido aos accesos de carácter básico.

Temos as estatísticas, temos os datos, pero non sei que pasa, porque levamos bastantes anos con esa problemática.

E tamén quero comentar que a Xunta o ano pasado reduciu, recortou, o presuposto destinado a nenos e nenas adolescentes, que teñen problemas de conduta. Reduciuse o que é o presuposto dos centros, incluso a nivel da xustiza, onde estamos falando de expoñer os nenos a unha dobre vitimización. Temos unha visión da xustiza que conserva o que se chama unha visión adultocéntrica e que permite unha praxe xudicial que non responde ao marco normativo establecido.

¿Onde está esa obxectividade, imparcialidade e seguridade xurídica da actuación protectora? E tamén o que é moi grave é que aínda temos unha cultura do que é o abuso ao menor.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Turno de peche.

Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):
Si, moitas grazas.

De verdade que non tiña ningunha intención de facer propaganda, senón que a miña intención era a de respostar a súa pregunta, porque vostede me pide datos, e eu facilito algúns datos.

Mire, creo que ten que ver pouco coa propaganda que o Goberno de Galicia teña incrementado as axudas directas ás familias que sofren situación de exclusión social, concretamente nos últimos anos, que, desgraciadamente, se multiplicou por máis de dous; máis de 50 millóns de euros para a única renda social que existe en Galicia, que é a que ten a Xunta de Galicia. E novas medidas –que xa lle dixen– para as familias que máis o precisan para os gastos enerxéticos. Tamén novas medidas para a conciliación da vida familiar.

Mire, ninguén pode negar que neste momento temos máis prazas de escolas infantís en Galicia, ninguén o pode negar, e ninguén pode negar que no próximo curso non habrá lista de agarda, para que todo o mundo que o necesite teña unha praza de escola infantil en Galicia. *(Aplausos.)*

No tema dos medicamentos, imos ser a primeira comunidade autónoma que vai poñer en marcha, de acordo cos concellos, que son a porta de entrada das necesidades sociais de moitos menores, unha nova orde de axudas complementaria a todas as ordes anteriores, os novos equipos de atención temperá.

Precisamente me fala vostede da Rede galega contra a pobreza. Eu o que teño que facer nesta contestación é agra-

decerlle á Rede galega contra a pobreza que nos indicase e nos axudase na elaboración desta axenda social. Eles, xunto cos concellos e os nosos técnicos, son os que mellor coñecen como podemos facer todos xuntos para paliar mellor esta situación.

Mire, algúns programas máis, o Programa de intervención familiar. É que a materia de menores está incluída na nova Dirección Xeral de Familia, e o incremento orzamentario da Dirección Xeral de Familia para este ano é superior a un 40 %. Eu estou convencido de que sería necesario seguir incrementando o importe económico que destinamos ás políticas sociais, pero o que ninguén pode negar é que en Galicia a recuperación económica das contas públicas ten un beneficiario, que é a Consellería de Política Social e os nosos programas sociais. ¿Que temos que seguir avanzando? Dende logo, pero hoxe temos moito avanzado, e por iso podemos incrementar tamén os programas de avaliación e tratamento terapéutico de menores....

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):
...os programas socioeducativos, os programas de inserción sociolaboral Mentor e todos os programas e protocolos básicos de intervención contra o maltrato infantil.

Estou seguro de que os poderes públicos non poderemos facer todo contra o maltrato infantil, pero, dende logo, o que temos é que intentar poñer todos os medios que estean ao noso alcance para que ningún menor en Galicia se sinta desprotexido.

Iso é o que estamos a facer dende o Goberno de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Remata aquí o pleno.

Boas noites.

Remata a sesión ás sete da tarde.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25